

Imre MADÁCH
A TRAXEDIA DO HOME
Poema dramático

Madách Könyvtár — Új folyam 28.

Imre MADÁCH

A TRAXEDIA DO HOME

Poema dramático

Traducida do orixinal húngaro
por

Lajos ASZTALOS
e
Gonzalo NAVAZA BLANCO

Illusztráció: András FARKAS

Obra traducida a máis de corenta linguas e publicada en cento
vintecinco edicións

© Translation: Lajos ASZTALOS and Gonzalo NAVAZA BLANCO
© Illustration: Gábor FARKAS

Sociedade Literaria Madách
Budapest
2002

Készült Budapesten, 2002-ben. Felelős kiadó,
műszaki szerkesztő, borító: Andor Csaba

ISBN 963 9386 08 1
ISSN 1219-4042

IMRE MADÁCH

Imre Madách¹ naceu en 20 de xaneiro de 1823 na localidade Alsósztrégova² no norte de Hungría (dende 1920 en Eslovaquia), nunha antiga familia da nobreza. Poeta e autor dramático, dende 1863 foi membro correspondente da Academia Húngara. Ó lado de József³ Katona é o máis grande dramaturgo húngaro do século XIX.

Dende 1837 seguiu estudos de letras e logo a carreira de dereito na Universidade de Pest, cando Pest e Buda eran aínda dúas cidades separadas (a unificación tería lugar en 1873), e sendo estudante publicou, á idade de dezasete anos, o primeiro volume da súa poesía. Rematados os estudos de avogacía en 1842, instalouse na comarca natal, Nógrád, para exercer como viconotario (1843), xuíz (1844) e comisario xeral da xurisdicción (1846–49). En 1845 casou con Erzsébet Fráter. Participou activamente na revolución húngara contra os Habsburgo. Trala caída da revolución foi condenado e sufriu un ano de prisión. En 1854 divorciouse.

A súa creación principal é o poema dramático titulado *A traxedia do home*, escrito entre 1859 e 1860. Nesta obra, alén de expoñer alegoricamente as reflexións sobre o seu tráxico destino persoal, busca así mesmo unha explicación para o destino do seu país e da humanidade. Adán e Eva, como símbolos da condición humana, aparecen baixo diversas formas en distintas épocas históricas, desde o antigo Exipto ata o Londres capitalista ou, nunha prospección cara ó futuro no cadro décimo cuarto, nunha época posterior á decadencia da humanidade. Desde xeito, esta obra monumental constitúe unha tentativa de expoñer simbolicamente toda a historia universal.

Imre Madách morreu en 5 de outubro de 1864, ós corenta e un anos de idade, na mesma localidade que o vira nacer.

A traxedia do home apareceu por primeira vez en 1862, se ben foi estreada postumamente en 1882 no Teatro Nacional de Budapest, acadando un éxito rotundo. Dende aquela, soamente nesa institución tivo máis de 1200 representacións.

Lajos ASZTALOS
e
Gonzalo NAVAZA BLANCO

¹O *ch* equivale ó *ch* galego.

²O *s* equivale ó *x* galego (como en *xaneiro*), en tanto que o *sz* equivale ó *s* do galego.

³O *zs* equivale ó *j* do portugués (como en *jogar*).

CADRO PRIMEIRO

(O ceo. O Señor, non seu trono, cinguido cunha auréola. Un coro de anxos axeonllados. Os catro arcanxos, de pé, a un e a outro lado do trono. Gran resplandor).

CORO DOS ANXOS

Gloria ó noso Señor nas alturas.
Loado sexa Deus na terra e mais no ceo.
El deu co seu verbo principio a toda cousa
e o final tamén pende dunha simple ollada súa.
Toda forza, todo saber e todo gozo
veñen del, e nós somos soamente
as sombras que proxecta.
Adorémolo pola infinita mercé
da porción da súa luz que recibimos.
A grande idea eterna tomou forma,
a creación por fin chegou ó termo
e agora o Señor no seu sagrado trono
espera digno tributo de canta criatura
recibe del o alento.

O SEÑOR

A grande obra, si, está rematada.
O creador repousa, xa a máquina se move
e ha xirar no seu eixe por milleiros de anos
sen mudar de lugar ningún dente das rodas.
Espalládevos, pois, gardiáns dos meus mundos,
comezade os vosos camiños infinitos.
Quérome deleitar unha vez máis en vós
cando inquietos bulides ó meu pé.

(Desfilan ante o trono os espíritos protectores dos astros facendo rolar estrelas simples e dobres, cometas e nebulosas de diferentes cores e tamaños. Óese, abaixo, a música das esferas).

O CORO DOS ANXOS

Esa esfera de luz que se despraza
fachendosa de si e do seu brillo
mal sabe que unicamente serve
a un grupo de astros moi humildes
coma ese diminuto que tremela
igual ca unha pequena lampadiña.
E con todo, ese é o inmenso mundo
de millóns de criaturas.
Velaí un par de esferas que combaten
e agora se atraen e agora se rexeitan
nunha loita sen fin que é o que mantén
cada unha delas no seu curso exacto.
E aqueloutro que pasa tronante
arrepía tan só de miralo,
mais acolle millóns de criaturas
que viven nel en paz e son felices.
E ese astro pequeno de aí, tan modesto,
un día será a estrela do amor;
gárdea unha man benfeitora
para consolo dos homes.
Alí mundos que nacen á vida,
aquí a tumba dos que falecen:
aviso para vaidosos,
conforto para desanimados.
Velaí vén en onda turbadora
o cometa de agoiros terribles,
mais en oíndo a voz de El Señor
volve submiso ó seu curso e á orde.
E ti, espírito novo, que vas
coa túa esfera cambiante
alternar mantos de sombra
e de luz, en verde e branco,
que o alto ceo te bendiga.
Adiante, sen desalento,

nos teus estreitos lindes
loitarán grandes ideas.
E se beleza, fealdade, risa, pranto,
primavera e inverno se suceden,
uniranse luz e sombras nun todo
como se unen a ira e a gracia do Señor.

(Os espíritos protectores dos astros acaban de desfilar).

ARCANXO GABRIEL

Ti que medíche-lo baleiro sen fin
e produciches nel a materia,
Ti que fixeches cunha palabra túa
a grandeza e as distancias...
¡Hosanna a ti, oh Idea!
(Próstrase).

ARCANXO MIGUEL

Ti que uníche-lo mudable
co eterno e inmutable
creando o infinito, o tempo,
os individuos e as xeracións...
¡Hosanna a ti, oh Poder!
(Próstrase).

ARCANXO RAFAEL

Ti que favorece-la alegría,
dando conciencia ó corpo
e fas que tire proveito
do teu saber o mundo...
¡Hosanna a ti, oh Bondade!
(Próstrase).

(Pausa)

O SEÑOR

¿E ti, Lucifer? ¿Calas, vaidoso?
¿Non tes palabras para o meu eloxio?
¿Ou acaso non gustas da miña creación?

LUCIFER

¿Que me vai gustar nela? ¿Que algunhas substancias
teñan tantas calidades diferentes
que antes de manifestárense, nin ti
se cadra sospeitabas tan sequera,
ou tal vez si, mais sen poder cambialas?
¿Que amasases algunhas esferas
que andan a arrempujarse e atraerse?,
¿que haxa vermes con conciencia por un intre,
en tanto non rebente todo e arrefeza
e fique unicamente a neutra escoura?
O home, algún día, por raro que pareza,
outro tanto ha facer nos seus laboratorios.
Puxéche-lo home na túa cociña
e por riba toleras que mesture e atrapalle
imaxinando ser Deus.
Cando bote a perder e estrague todo
canto cociñou, ha de ser tarde para as túas iras.
¿Que outra cousa esperar dun simple afeccionado?
Pois ó cabo, ¿que vén sendo
toda a túa creación?
Compuxeches un canto á túa gloria
mais puxéchelo en ruín mecanismo,
e non se entende cómo non estás máis ca farto
de escoitares seguido o mesmo cantar.
¿É digno dun ancián coma ti ese tolo
xoguete posto en mans dun cativo
onde, envolveita en barro, unha faísca
imita chocalleiramente o seu señor?
Destino e liberdade non son conciliables,
falta neles unha harmónica razón.

O SEÑOR

Esperaba unha homenaxe, non a crítica.

LUCIFER

Eu só podo darche o que é a miña esencia.
(*Sinalando para os anxos*).
Xa bastante te loa toda esa vil caterva,
e é xusto que te eloxien,
pois xeráchelos ti, como a luz xera as sombras,
pero por contra eu vivo desde toda a eternidade.

O SEÑOR

¡Insolente! ¿Non naciches da materia?
¿Cal foi a túa orixe, cal a do teu poder?

LUCIFER

O mesmo che podo preguntar eu tamén.

O SEÑOR

Eu planifiqueino desde o inicio dos tempos
e xa viviu en min todo canto hoxe existe.

LUCIFER

¿Non será que sentiches entre as túas ideas
o estorbo da existencia ou acaso o baleiro
e foi iso o que ó cabo te obrigou a crear?
Este estorbo ten nome: Lucifer. Lucifer,
o espírito antigo da negación.
Vencíchesme, e este é o meu destino,
perde-las miñas batallas sempre
mais erguerme con forzas renovadas.
Pariches materia, eu gañei espacio,
a carón da vida sempre estará a morte,
e a ledicia cercada de tristeza,
a luz, de sombra, dúbida e esperanza.

Estou onde ti estás, por toda parte;
se te coñezo, ¿por que razón hei de loarte?

O SEÑOR

¡Ai, espírito rebelde! ¡Arreda! ¡Arreda!
Podería destruírte, mais non o vou facer.
Desterrado vivirás de tódolos espíritos,
loitando na inmundicia, estraño, odiado.
Que no rigor da túa soidade dolorosa
te atormente o infindo pensamento.
Sacudirás en balde a cadea poeirenta
e será infrutuosa a túa loita con Deus.

LUCIFER

¡Iso non! Non che ha de ser tan fácil rexeitarme,
coma vil ferramenta xa inservible.
Xuntos fomos creadores, e agora
reclamo a miña parte.

O SEÑOR (*con ironía*)

Sexa como quixeres.
Mira a terra, entre as árbores do Edén,
dúas, as máis esveltas, ben no medio;
eu maldígoas, e entón serán as túas.

LUCIFER

A túa é avareza de gran señor.
Mais para min abonda un palmo da terra
onde a negación finque o pé,
e axiña poderá derruba-lo teu mundo. (*Marcha*).

O CORO DOS ANXOS

¡Arrédate de Deus, maldito!
¡Hosanna ó Señor, que fixo a lei!

CADRO SEGUNDO

(O paraíso. No centro, a Árbore da Ciencia e a Árbore da Vida. Adán e Eva veñen acompañados de varios animais que os rodean con confianza. Pola porta aberta do ceo irradia a gloria e óese a suave harmonía dos coros anxelicais. Brillante luz do sol).

EVA

¡Aí, vivir, vivir! ¡Que doce, que fermoso!

ADÁN

¡Con tódalas cousas ó alcance da man!

EVA

Sentir que alguén mira por nós,
e nós termos tan só que darlle as gracias
a Aquel que nos concede tanto pracer.

ADÁN

A túa máxima, polo que vexo, é a dependencia.
Teño sede, Eva. Mira que tentadores
son aqueles froitos.

EVA

Vouche coller un.

A VOZ DO SEÑOR

¡Para! ¡Para! Eu deiche a terra enteira,
mais dixeran que evitases esas árbores,
pois outro espírito protexe os seus froitos
e morrerá quen os deguste.
Acolá tes vermellos os acios de uva
e ofrécevos descanso a doce sombra
na hora queimante do mediodía.

ADÁN

Unha orde sorprendente. E parece severa.

EVA

¿Por que son as máis belas esas árbores?
¿Por que han de estar prohibidas?

ADÁN

¿Por que é azul o ceo?

E o bosque, ¿por que é verde? Porque é así.
Fagamos caso desa voz. Ven comigo.
(Séntanse baixo un cuberto).

EVA

Deita a cabeza no meu seo,
dareiche aire co abano.
(Unha ventada. Aparece Lucifer entre a follaxe).

ADÁN

¿Que foi iso? Nunca sentín cousa igual.
Como se algunha forza estraña
e hostil nos atacase.

EVA

Eu tremo.
Tamén cesou a música celestial.

ADÁN

Eu no teu seo parece que aínda a escoito.

EVA

Qué importa que no ceo se apague a gloria
se a podo ter aquí, neses teus ollos.
Ónde a vou atopar, se non en ti,
eu, que lle debo a vida ó teu desexo

igual có radiante sol soberano
que, por non ficar só no universo,
pinta a súa imaxe sobre a tona da auga
e, alegre de ter par, xoga con ela
esquecendo, xeneroso, que é só
un pálido reflexo da súa propia luz
que se ha de apagar cando el se apague.

ADÁN

Eva, non digas iso, ¿non ves que me avergoñas?
¿A voz, de que ha valer se ninguén a comprende,
ou o raio de luz se non ten cor ningunha?
¿Que sería de min se en ti non agromase
nun ser mellor, coma unha flor, un eco
en que poderme amar así a min mesmo?

LUCIFER

¿E eu que fago aquí, oíndo estes arrolos?
Vólvolle-las costas para non ruborizarme.
O intelecto frío e calculador
nada ten que envexar destas puerilidades.
(Un paxariño comeza a cantar nunha póla próxima).

EVA

Escoita, Adán, e dime, ¿ti comprénde-lo canto
namorado dese cantor alegre?

ADÁN

Eu escoitaba o murmurio do río
e sentíao cantar esa mesma canción.

EVA

¿Que fermosa harmonía, meu querido,
tantas voces diversas e o mesmo sentido!

LUCIFER

¿Por que demoro tanto? ¡Mans á obra!
Xurei destruílos e deben perecer.
Mais de novo me deteño dubidando,
¿Non será esforzo van pretender derrotalos
coas armas sedutoras do saber e a ambición,
se eles teñen o amor, coma un refuxio
que garda os corazóns contra o desánimo
e os ergue cando caen?

¿Mais por que vacilar? ¡Vence quen ousa!

*(Nova ventada. Lucifer aparece ante a asustada parella. A luz
palidece. Lucifer ri).*

LUCIFER

¿De que vos asustades?
(a Eva, que intenta correr).

¡Para, graciosa dama!

Déixame que te admire un momentinho só.
(Eva detense e pouco a pouco perde o medo).
(Prosegue Lucifer; á parte)

Moitas veces se ha repetir esta escena.
(a Adán)

¿Seica tes medo, Adán?

ADÁN

¿De ti, ser repugnante?

LUCIFER *(á parte)*

Un bo antecesor dos orgullosos homes.
(a Adán)
¡Saúdote, alma irmá!

ADÁN

¿Mais dime, quen es ti
e de onde vés? ¿Vés de abaixo ou de arriba?

LUCIFER

De onde queiras, para nós tanto ten.

ADÁN

Non sabía que houbese xente fóra de nós.

LUCIFER

Aínda hai moitas cousas que non sabes
e que nunca saberás, ¿ou é que pensas
que o vello inxenuo te creou do po
para así compartir contigo o universo?
Ti fas gabanza del, e El a ti susténtate
e diche: come disto e gárdate daquilo...
El protéxete e guíate coma a unha ovelliña
de xeito que xa non precisas pensar.

ADÁN

¿Non preciso pensar? ¿Quen che di que eu non penso?
¿Non sinto a bendición das raiolas do sol,
esta alegre dozura da existencia
e a gracia infinita que me outorga o meu Deus
facendo un deus de min aquí na terra?

LUCIFER

Iso ha pensar tamén o minúsculo verme
que anda a rillar na froita diante do teu nariz
e a aguia cada vez que abate un paxariño.
¿Por que has de ser ti máis nobre ca eles?
É tan só unha fáiisca o que en vós escintila,
un momento dunha forza infinita;
igual ca algunhas ondas do regueiro
que brillan por un intre e logo caen
no fondo borrallento do seu leito común.
Quizais o pensamento
que durmiña no fondo do teu inconsciente

podería facerte por fin maior de idade,
capaz de escoller entre o ben e o mal
para sére-lo dono do teu propio destino,
liberado da man da Providencia.
Mais para ti se cadra será mellor vivir
mergullado no esterco brando coma un verme
e chegares á fin da vida sen saber.
Máis cómodo sen dúbida é resignarse á fe;
sosterse un nos seus pés, máis nobre, pero é duro.

ADÁN

Cousas grandes de máis; fanme sentir mareos.

EVA

Ai, a min entusiásmanme. Son novas e bonitas.

LUCIFER

O saber, así e todo, non che ha de ser bastante;
se queres encarnalo nunha obra grandiosa
precisarías da inmortalidade.
¿Que se pode facer nunha vida tan breve?
Esas dúas árbores esconden o segredo
que o voso creador vos quixo prohibir.
Probando desta adquirese todo o saber de Deus,
probando desta, a gracia da eterna mocidade.

EVA

Emporiso é ben cruel o noso creador.

ADÁN

¿E se é todo mentira e nos enganas?

(A luz do ceo clarexa un pouco).

O CORO DE CEO

¡Ai de ti, mundo!
¡A vella negación anda a tentarte!

A VOZ DO SEÑOR

¡Adán, ten coidado!

ADÁN

¿Que voz é esta?

LUCIFER

O vento que sacode as ramas.
Axudádeme,
elementos,
a conquistar para vós
o xénero humano.
(Sopra o vento. A luz palidece).

LUCIFER

¡Esas dúas árbores son miñas!

ADÁN

¿E ti quen es?
Xa parecees talmente coma nós.

LUCIFER

Mira a aguia que estende o seu voo polas nubes
e a toupa a furar no escuro baixo terra:
son ben distintos os seus horizontes.
O reino dos espíritos escapa á túa ollada
e non concibes nada por encima do home.
Para un can é un can o ideal máis alto,
e pensa que te honra se te ten por amigo.
Pero do mesmo xeito que desde a túa altura
ves inferior o can e lle impós un destino

e fas del un bendito ou maldito ó teu gusto,
así tamén vos contemplamos nós,
os seres orgullosos do reino dos espíritos.

ADÁN

¿Queres dicir entón que ti es un espírito?

LUCIFER

Si, o máis grande entre os poderosos.
Por ter estado á beira do Señor no seu trono
correspóndeme parte da súa mellor gloria.

ADÁN

¿E por que non quedaches alá no ceo brillante
e deches en baixar a este mundo de lama?

LUCIFER

Porque estaba aburrido de ser sempre o segundo,
da vida regular e monocorde,
do coro celestial de voces infantís
que sempre está loando e non saben de mal.
Prefiro a loita e a confrontación,
que xeran mundos novos, forzas novas
onde a alma se fai grande por si mesma
e só quen ten valor pode seguirme.

ADÁN

Pero Deus dixo que nos castigaba
de non seguírmo-lo camiño bo.

EVA

¿E por que castigarnos? É certo que nos dixo
cal é o camiño bo que quere que sigamos,
mais tamén nos creou así de tal maneira
que non nos puxo a salvo da intención pecadora.

¿Que espera entón, deixándonos a rentes
do abismo, mareados de vertixe,
abocados ó mal e á perdición?
Porque se xa no seu proxecto dorme o pecado
como se agacha a tormenta entre os días de sol,
¿quen nos di que a tronada ha de ser máis culpable
có sol que nos anima e dá calor?

LUCIFER

¡Pois si! ¡Xurdiu o primeiro filósofo!
Moitos virán tras ti, fermosa irmá,
a discutir en mil versións o mesmo.
Algúns irán parar ó manicomio,
outros arredaranse, ningún chegará a porto.
Escusades cansarvos razoando,
pois cada cousa ten tantos aspectos
que quen consegue examinalos todos
acaba por saber non máis do que sabía
e xa non terá tempo de tomar decisións.
Pois o razoamento é a morte da acción.

EVA

Eu vou coller entón algún daqueles froitos.

ADÁN

O Señor maldiciunos.
(Lucifer ri). Mais tanto ten, colle un.
¡E sexa de nós o que teña que ser!
¡Habemos ser tan sabios coma Deus!
(O froito do saber é degustado primeiro por Eva, despois por Adán).

EVA

E ademais
eternamente novos.

LUCIFER

Vinde aquí, vinde aquí,
aquí téde-la árbore que dá inmortalidade.
¡Veña, bulide!

*(Atráeos cara a outra árbore, mais un querubín cunha espada
flamíxera cérralle-lo camiño).*

O QUERUBÍN

¡Alto aí, pecadores!

A VOZ DO SEÑOR

¡Adán, Adán! ¿Por que me abandonaches?
Eu tamén te abandono, a ver qué fas ti só.

EVA

¡Estamos perdidos!

LUCIFER

¡Desanimádesvos?

ADÁN

Non.

Non é máis có arrepío de espertar.
Vamos de aquí, muller, marchemos a outra parte.
Este lugar para nós xa é salvaxe e estraño.

O CORO DO CEO

¡Choremos, choremos fraternas lágrimas!
¡A mentira venceu, a terra está perdida!

CADRO TERCEIRO

(Paisaxe con palmeiras, fóra do paraíso. Unha choupana primitiva. Adán chanta estacas para unha sebe. Eva constrúe un emparrado. Aparece Lucifer).

ADÁN

Isto é o meu. En vez do mundo enteiro,
este será o meu lar. Son o seu dono,
Defendereino das feras salvaxes
e fareino dar froitos para min.

EVA

E eu farei un cuberto coma o outro
para podermos reconstruír aquí
novamente o paraíso perdido.

LUCIFER

Grandes cousas dicides. Familia e propiedade
han de ser sempre os motores do mundo,
dos cales han saír toda dor e pracer.
E esas dúas ideas crecerán
ata forma-la patria e maila industria,
xeradoras de todo o grande e nobre
pero devoradoras da propia descendencia.

ADÁN

O que dis son enigmas. Prometiches
o saber, e por el renunciarei ós meus instintos
para chegar a sermos, non sen loita,
grandes. ¿E u-lo resultado?

LUCIFER

¿Pois non o sentes?

ADÁN

Sinto que, abandonado de Deus,
coas dúas mans baleiras, na soidade,
eu tamén o abandono. Convertido
no meu deus, é meu todo canto alcanzo.
E esa é a miña forza, o meu orgullo.

LUCIFER *(á parte)*

¡Vaidoso fanteche! Renegas do ceo...
¡Verémo-lo teu ánimo cando cheguen os lóstregos!

EVA

E eu hei de ter tamén motivo para o orgullo:
serei a nai de todo o novo mundo.

LUCIFER *(á parte)*

Encomiable ideal o da muller:
eterniza-la culpa e a miseria.

ADÁN

¿Que debo agradecerlle? ¿Que me outorgase o ser?
Se o ser ten algún mérito e ha de paga-la pena,
será só polo froito dos meus arduos esforzos.
O pracer de beber un grolo de auga
heino de merecer co ardor da miña sede,
e o prezo do mal dun bico sei que tamén se paga
co amargo desencanto que vén logo.
Mais se tirei de min o adival
da gratitude facéndome libre
para forxa-lo meu propio destino
ou se cadra destruílo, tal vez
tampouco precisaba a túa axuda;
abondaríame co meu poder.
E ti non me libraches das cadeas
con que o corpo me ten atado á terra.

E sinto que algo fino coma un pelo,
que existe mais non sei qué nome darlle,
restrinxe a miña alma vaidosa.
Se se solta, o meu corpo caería.
Para sondar segredos nas distancias
os ollos e os oídos non me abundan;
mais se ascendo ás alturas coas ás da fantasía,
é a fame quen me humilla forzándome ó regreso
á terra e á materia que pisamos.

LUCIFER

Esa cadea é máis forte ca min.

ADÁN

Entón es un espírito ben feble
se pode máis ca ti esa arañeira
invisible, esa nada en que millóns de seres
se axitan incesantes sen repararen nela
e pensan que son libres. Só uns poucos
espíritos ilustres a perciben.

LUCIFER

É só esa arañeira o que me desafia,
pois, coma min, é espírito. ¿Ou é que acaso cres
que porque actúa así caladamente
non é forte? ¡Ó contrario! Na sombra
é onde actúa sempre
todo o que realmente move o mundo.
Se puideses miralo sentirías vertixe.
Só a obra do home reloce e fai ruído,
mais ó cabo vén ter moi efêmera vida.

ADÁN

Permíteme ver logo, pois sabes que son forte,
por un momento só, esa forza que pode

actuar sobre min, eu que son único
e diverso ó mesmo tempo.

LUCIFER

“Son”, palabra estúpida. Ti fuches e serás.
Toda vida é un fun e un serei sucesivos.
Mais mira ó teu redor cos ollos do espírito.

ADÁN (*todo o que di, faise visible*)

¿Que fluxo será ese que xorde ó meu redor,
ascendendo sen cesar para logo
dividirse en dous brazos, e correr cara ós polos
da terra coma unha tormenta?

LUCIFER

É a calor,
que vai leva-la vida ata as rexións dos xeos.

ADÁN

¿E estes dous ríos de lume zoando
a cada lado? Temo que me arrastren
mais sinto o seu ardor vivificante.
Di, ¿qué forzas son estas que me enchen de embriaguez?

LUCIFER

É o magnetismo.

ADÁN

Baixo os pés a terra treme.
O que eu tiña por sólido e amorfo
é agora materia efervescente
e irresistible, sempre a buscar formas,
a loitar pola vida. Aquí coma un cristal,
acólá coma un gromo. ¡Ai de min!, neste caos,
¿que é da miña pechada individualidade?

¿E que será de ti, corpo meu, en quen sempre
confeí coma en sólido instrumento
dos meus grandes designios e ambicións?
Meu neno consentido, que simultaneamente
me cáusa-la desgracia e o pracer,
¿acabarás por ser só unha presa de po
cando de min non quede máis ca aire e auga
e o que antes era ser, e forza, e alegría,
sexa tan só ter sido e nube evaporada?
Cada palabra miña, cada idea
devora algunha parte do meu ser
e ardo en lume funesto, avivado tal vez
por un oculto espírito
que vén buscar calor nas miñas chamas.
¡Afasta esa visión de min, que me enlouquece!
¡Loitar así, contra cen elementos,
coa sensación penosa do abandono,
é terrible! ¡Terrible! Ai, ¿por que
me afastei da divina providencia
que antes presentía sen saber apreciala
e agora, que xa sei, reclamo en balde?

EVA

Tamén eu sinto algo semellante.
E cando fores combater coas feras
e eu quede aquí a coidar da nosa horta,
en van hei de mirar arredor no ancho mundo,
pois xa non habrá nin no ceo nin na terra
un parente ou amigo que nos bote unha man.
¡Antes era distinto, todo era mellor!

LUCIFER (*irónico*)

Visto que as vosas almas pequeniñas
teñen frío sen unha man atenta
e prefiren estar subordinadas,

convocarei para elas un deus
máis agradable có vello rabudo.
É o espírito da terra, coñézoo
do coro celestial, é un bo rapaz.

Ven onda nós, espírito, aparece
sen máis demora, non podes negarte,
a vella negación chama por ti.
¿que outro senón eu sería tan ousado?

*(Do chan ascenden chamas envoltas nunha densa nube negra.
Fórmase o arco da vella e resoan tronos espantosos).*

LUCIFER (*recuando*)

¡A ti non te chamei! ¿Quen es ti, monstro?
O auténtico xenio da terra é máis afable.

A VOZ DO ESPÍRITO DA TERRA

O que no ceo che parecía afable,
cando está no seu medio é forte e infinito.
Aquí me tes, tiven que obedecer
a voz do espírito, pero repara
que son cousas distintas chamar e gobernar.
Ante o meu rostro verdadeiro postráriste
e eses dous vermes serían aniquilados.

LUCIFER

Mais se o home quixese aceptarte como deus,
¿de que maneira, dinos, había de encontrarte?

A VOZ DO ESPÍRITO DA TERRA

Repartido nas augas, nas nubes e nos bosques
e en calquera outra parte se ergue a súa ollada
con forte afán e espírito elevado. (*Desaparece*).

(Xorden encantadoras ninfas rebuldeiras poboando o bosque e a fonte).

EVA

Olla qué agradables rostros fraternos,
observa con qué gracia nos saúdan.
Adeus á soidade da sombría foresta,
elas traen a ledicia coa súa compañía.
Elas saberán darnos alento na tristeza
e sabios consellos nas nosas dúbidas.

LUCIFER

Non atoparedes mellores conselleiros,
vós que oídes consellos coas decisións tomadas.
Estes fermosos seres amigables
responderán de acordo co que lles preguntedes:
se a vosa alma está calma, terán para vós
sorrisos, mais serán monstros no desespero.
Hanvos acompañar en mil formas por sempre,
metamorfoseándose mil veces
como sombras benéficas para o sabio que indaga,
como ideal dos ánimos perpetuamente mozos.

ADÁN

¿Mais de que me ha valer o brillo dese xogo
que asoma fronte a min se ó cabo non o entendo
e non pasa de ser tan só un misterio máis?
Lucifer, non me veñas con falsas esperanzas;
déixame saber todo, tal como prometiches.

LUCIFER (*á parte*)

Un día amargaraste dese mesmo saber
e sentirás saudades da antiga ignorancia.
(*En voz alta*).
¡Ten paciencia! Precisas merecer
cada momento de pracer co esforzo.
Tes moita escola por diante aínda,
e moitos desenganos
antes de entender todo.

ADÁN

É fácil para ti falares de paciencia
canto tes por diante toda a eternidade.
Pero eu non comín da árbore da vida
e o meu tempo é moi curto, por iso teño présa.

LUCIFER

Todo canto ten vida vive do mesmo xeito,
árbore secular ou verme dun só día:
esperta, medra, goza, ama e desaparece
ó chegaren á fin os días e os desexos.
Somos nós quen pasamos, non o tempo;
un século ou un día son case a mesma cousa.
Non temas; cumprirase tamén a túa misión,
mais non penses que a esencia do humano
reside unicamente nese corpo de terra.
Repara nun enxame ou ben nun formigueiro:
mil obreiros que van e veñen en desorde
obrando cegamente, caendo, equivocándose,
mais todos en conxunto, coma un só individuo
no espírito común actúan e traballan
e cumpren o proxecto colectivo
ata que chega a fin e todo acaba.
O teu corpo de po tamén se ha descompor,
pero vas revivir en cen formas distintas
e non será preciso que recomeces nada:
O teu fillo pagará o teu pecado
e nel proseguirá a túa doenza,
mais canto experimentes, ou sintas, ou aprendas,
seguirá sendo teu por milleiros de anos.

ADÁN

Esas son as reflexións dun ancián,
pero o meu peito mozo acolle outro desexo:
quixera saber algo do meu propio futuro
para ver dese xeito por que pelexo e sufro.

EVA

Eu tamén quero ver se a miña fermosura
non se bota a perder nesas renovacións.

LUCIFER

Así será. Cun meu encantamento
e a través de imaxes ensoñadas
poderedes ollar ata a fin o futuro.
Mais se ó cabo advertides que o final é absurdo
e dura a loita no camiño voso,
porque non prenda o desánimo en vós
e acabedes fuxindo do combate,
enviareivos eu un raio fino
que vos alente na crenza de que esa visión
é falsa: é o raio da esperanza.

(Lucifer conduce a Adán e a Eva ata a choupana, onde adormecen).

CADRO CUARTO

(En Exipto. No primeiro plano, un pórtico aberto. Adán, mozo, está sentado no trono como faraón. Lucifer é o seu ministro. A respectuosa distancia, un séquito suntuoso. Ó fondo, baixo a vixilancia de gardas con látigo, os escravos traballan na construción dunha pirámide. Día inundado de sol).

LUCIFER

Maxestade, o teu pobo, que daría
o seu sangue por ti, insiste en preguntar
cal pode se-la causa de que o gran faraón
non repouse tranquilo no seu trono,
e renuncie ó pracer que traen os días
e ás deliciosas ilusións das noites.
¿Como é que non confías os teus grandes proxectos
a algún súbdito teu, tal como corresponde?
Ti, que podes dispor en todo este ancho mundo
de tódolos dominios, de tódolos poderes
e de cantos praceres puideses desexar.
Son teus os mil tesouros dun cento de provincias
e agroman para ti tódalas súas flores
e os doces froitos seus só para ti maduran.
Tamén por ti latexan mil seos femininos:
a loura linda de lánguidos ollos,
tan tenra e delicada coma unha aparición,
a morena de lume, a dos labios ardentes
e ollar cegado de paixón... son túas
e túa a vontade que rexe os seus destinos.
Veranse satisfeitas pola misión cumprida
de darche algúns instantes de alegría e de gozo.

ADÁN

Ningunha desas cousas alterará o meu ánimo.
Son tributos forzados, obtidos sen esforzo

e por iso non son da miña compracencia.
Mais velaquí que nesta construción que levanto
atopei o camiño da auténtica grandeza.
A mesma natureza admira a súa arte
e durante milenios proclamará o meu nome.
Nin vendaval nin sismo poderán abatela;
¡o ser humano fíxose tan forte coma Deus!

LUCIFER

¡Oh, faraón!, coa a man no corazón
responde se es feliz contemplando esa imaxe.

ADÁN

Non o son. Sinto en min un baleiro indíxible.
Mais tanto ten, non é ser feliz o que busco,
senón gloria e honor, e téñoos ante min.
Abonda con que a xente non saiba que padezo.
Se chegase a sabelo deixaba de adorarme.

LUCIFER

¿E se un día descubres
que a gloria tamén é un efémero absurdo?

ADÁN

Non pode ser.

LUCIFER

¿E se o é?

ADÁN

Morrería
maldicindo do mundo que quede tras min.

LUCIFER

Pois non, non has morrer; haberás de admitilo
e empezará de novo, tamén co mesmo éxito.

*(Os gardas baten fortemente nun escravo. Este, entre lamentos,
consegue fuxir ata o pórtico e cae de xeonllos ó pé do trono).*

O ESCRAVO

¡Señor, señor, valédeme!

*(Eva, como esposa do escravo, sae de entre os obreiros e botase ó
seu home dando berros de dor).*

EVA

¡En balde llo suplicas!

Quen non participou das nosas penas
non te dá comprendido. ¡A voz da dor é baixa
e o trono está tan alto...! ¡Eu ofrezco o meu corpo
para impedir que sufras, que caian sobre min
tódolos golpes!

ADÁN *(ós gardas que irrompen para arrastrar de alí o escravo e a
súa muller).*

¡Deixádeos estar!

(Os gardas saen).

¿Que estraña sensación é esta que me invade
o ánimo? ¿Quen é esta muller?
¿Cal é o seu engado, que coma unha cadea
me arrastra cara a ela... a min, o faraón?
(Ponse de pé).

LUCIFER

É un dos moitos fíos con que o teu Señor
te escarnece e te envolve, oufana avelaiña,
para que non te esquezas
da túa condición de eiruga miserable.
Agora saberás que ese fío é moi forte:
e escórrese dos dedos e así non hai maneira
de podelo romper.

ADÁN (*descendendo os chanzos do trono*).

Pois non o fagas.

É a un mesmo tempo molesto e agradable.

LUCIFER

Mais é cousa indecente que un sabio ou un rei xeman por esa causa.

ADÁN

¿Que hei de facer entón?

LUCIFER (*irónico*)

O único remedio será que o teu saber negue a mesma existencia desa oculta atadura; que o poder e a materia se rían dese fio.

ADÁN

Non podo rirme del, e tampouco negalo.

EVA

¡Ai, queridiño meu, e como deitas sangue!
Déixame que cho limpe, ¿doenche moito as feridas?

O ESCRAVO

A vida é o que me doe, mais non por moito tempo.

EVA

¡Non! ¡Non! ¿Por que viviches ata agora se habías de morrer así nada máis reencontrarnos?

O ESCRAVO

¿Por que viven os pobres? Para achegarmos pedra á colosal pirámide do poderoso, e logo de deixarmos máis fillos baixo o xugo, morrer. Millóns por un.

ADÁN

Lucifer, ¡que palabras terribles!

LUCIFER

Son os delirios dun agonizante.

ADÁN

¿Que foi o que dixo?

LUCIFER

¿Por que te aflixes, gran faraón? ¿Ten acaso importancia que haxa na terra un escravo menos?

EVA

Para ti é un número, para min o mundo enteiro.
¡Malpocada de min!, ¿quen me ha de amar agora?

O ESCRAVO

Eu xa non. Esquéceme para sempre.
(*Morre*).

ADÁN

¡Heite de amar eu! ¡Que leven o morto!
(*Levan o cadáver*).

Ven, muller, o teu sitio está no trono por seres raíña da fermosura como eu son rei do poder. Tivemos que atoparnos aquí.

EVA

¡Ai, faraón, as túas ordes rexen o fado dos escravos! eu obedecerei, mais déixame primeiro un pouquiño de tempo. Despois darasme ordes.

ADÁN

¡Non digas esa palabra! ¿Será que o meu reino termina alí onde terminan as miñas ordes?

EVA

Abóndame con que esas ordes túas non me traian máis dor.
Mais non teñas envexa das bágoas polo morto.
Que fermoso cadáver, meu Deus, ¡oh!, que fermoso.
(*Debrúzase*).

ADÁN

Fermoso e cadáver, qué paradoxo:
a súa calma é unha burla para os nosos afáns
e para os nosos fumes un sorriso de mofa.

LUCIFER

O escravo evadido está a dicirche:
xa son máis forte cás túas cadeas.

ADÁN

Haxa paz para o morto, saúde para o vivo.
El non sente as túas bágoas, e son eu quen padece
sen o teu sorriso.
(*Levan o morto. Adán conduce a Eva ata o trono*).
¡Ven ó meu lado, muller!
¡Que doce é descansar no teu seo!
(*Óense lamentos entre os obreiros. Eva estremécese*).
¿Que é o que che pasa, amor?

EVA

¡Ai!, ¿non estás oíndo
os laios do pobo?

ADÁN

Por vez primeira os sinto.
É música ben fea; mellor non escoitala.
Ti béixame e esquécete do mundo.
(*A Lucifer*).
E ti fai que calen eses lamentos.

LUCIFER

Non o podo facer. O pobo ten dereito,
un dereito que herdou cando herdou o seu xugo.
(*Novos lamentos. Eva dá un berro. Adán érguese*).

ADÁN

Muller, estás sufrindo. E eu non sei
como axudarte. Do teu corazón
chega a min coma un lóstrego esa queixa
e sinto que é o mundo que está a pedir socorro.

EVA

Pódesme castigar, faraón, mais comprende
que a dor do pobo non me deixa en paz.
Sei ben que son a túa servidora,
e que vivo tan só para entreterte
e teño que esquecer todo o demais,
miserias e grandezas, soño ou morte,
para sorrir alegre e con paixón beixarte.
Pero se o humilde pobo, ese ser con mil brazos,
baixo o látego fero eleva a súa queixa
coma un corpo doído,
eu, como filla desasosegada do pobo,
sinto na miña entraña todo o seu tormento.

ADÁN

E eu contigo tamén. “Millóns por un”,
así o dixo o morto.

EVA

¡Oh!, gran faraón,
estás entristecido e eu son a causa.
Castígame ou ensiname a maneira
de ser xorda.

ADÁN

Foi a túa ensinanza
quen me aprendeu a sentir esa queixa.
Non quero oíla máis. Que sexa libre
o pobo escravo. ¿De que vale a gloria
dun ser humano só
ante a morte e a queixa de millóns
coa mesma humana alma?
Sinto mil veces dor e unha soa alegría.

LUCIFER

¡Ai, faraón, como te exaltas! Pensa que o pobo
é a besta tan só que a fortuna condena
a move-lo muíño de tódolos poderes.
Para iso foi feito. Poderás liberalo
hoxe tal vez, mais no que lle concedes
el non vai gañar nada.
Mañá pola mañá buscará un novo amo.
¿Ou cres que poderías erguerte sobre el
se non necesitase ter un amo e señor
ou se fose consciente da súa sorte adversa?

ADÁN

¿Por que se queixa entón coma se lle doese
a servidume?

LUCIFER

Dóelle, mais non sabe o que.
Tódolos homes desexan poder,

e iso, e non fraternidade, é o que os move
a ergueren a bandeira das súas liberdades.
Pois o pobo, por máis que realmente
non posúa conciencia, axítase co instinto
de toda novidade e mais de todo
canto poida nega-lo que xa existe
e permita a esperanza de ver realizados
imaxinarios soños de ventura.
O pobo é un mar profundo e os raios
do sol non penetran o seu escuro abismo;
unicamente brilla na espuma dunha onda,
esa onda que podes ser ti agora.

ADÁN

¿Por que eu?

LUCIFER

Se non es ti será un dos teus parentes, en quen
os instintos do pobo adquirirán conciencia
para ousar disputarche o teu lugar
como un adaíl da súa liberdade.
Pode cambia-lo nome pero o amo mantense
e o pobo ha de seguir igual, sen gañar nada.

ADÁN

Segundo esas razóns o pobo fatalmente
non poderá xamais librarse das cadeas.

LUCIFER

Si que pode. Ti dálle-las cadeas
e un anel ou xoguete semellante
a uns poucos escollidos e dilles:
aí vos poño á fronte do pobo,
dese xeito seredes todos nobres.
E eles hano crer, e desprezando o pobo
aceptarán tamén o teu desprezo.

ADÁN

Non me tentes con sofismas.
¡Acábense os escravos! ¡Que todos sexan libres!
Comunicállelo ti, mais apresúrate,
porque non vaia ser que me arrepiña.

LUCIFER (*á parte*)

Adiante, fachendoso, prosigue o teu camiño;
ti pensas que andas ti, pero é o destino
quen te arrastra.
(*Sae*).

ADÁN

E esta obra, que quede inacabada,
ruína de advertencia ós ambiciosos
pondo en cuestión a forza e a fraqueza.
(*Fóra hai gran xúbilo. Os obreiros dispérsanse. Lucifer volve*).
Alegrádevos, pobo, o poder sucumbiu
ante vós. E non foi pola forza.

EVA

Ti consólate, amor, pois de qué vale
ó cabo a fría gloria, que escorrega
cal viscosa serpente entre nosoutros.

ADÁN

¡Mais é grande!

EVA

Esquécea. O lamento
enmudeceu por fin e xa non nos perturba.
¿Que máis queres, amor, se no meu seo repousas?

ADÁN

Que curtos son os teus horizontes, muller.
Mais fante bela para o home afouto,

xa que forza só pode amar fraqueza,
igual cá nai que ampara cos seus brazos
máis amorosamente o seu fillo máis feble.

EVA

¡Ai!, faraón, ¿será que xa estás farto
destas miñas conversas inútiles e necias?
Mais qué lle vou facer, se non son sabia.

ADÁN

Nin falta fai que o sexas, miña amada;
coa intelixencia miña xa hai abondo.
Non busco no teu seo nin forza nin grandeza
nin tampouco saber, que podo achalo
moito mellor nos libros. Mais ti fala,
querida, fai que eu sinta a túa voz,
que as súas vibracións inunden o meu peito.
Tanto ten o que digas; ¿quen pregunta
qué canta o paxariño
se estamos a escoitalo con gozoso pracer?
Has de ser só unha flor ou unha alfaia
inútil mais fermosa, e ese será o teu mérito.
(*A Lucifer*).
Toda esta embriaguez vénma turbar unha ansia
quizais un pouco louca, mais quero que ma fagas
ver cumprida: permíteme que bote
tan só unha audaz ollada no futuro,
para ver qué será, despois dalgúns milenios,
da miña fama.

LUCIFER

Mentres a beixabas,
¿non sentías un lixeiro ventío
apalpando o teu rostro lenemente?
Por onde pasa deixa unha capa de po

que nun ano xa mide case un dedo
e varios cóbados despois dun século.
Os milenios enterran a pirámide
sepultando o teu nome baixo a area.
Nos teus xardíns ouvean os chacais
e habita nos desertos o pobo miserable.
(Faise visible todo o que Lucifer di).
E non é o vendaval nin o estrondoso
terremoto quen o fai, senón que o fai o mesmo
ventiño manso que agora te afaga.

ADÁN

É horrible.

LUCIFER *(irónico)*

Mais non temas, unicamente o espírito
morrerá. O teu corpo ha de durar
na momia para gozo de estudiosos futuros:
cun rostro medio amorfo onde xa non se saiba
se algunha vez foi rostro de señor ou de escravo.
*(Lucifer dálle unha patada á momia que apareceu no trono e a
momia cae lentamente a rolos polos chanzos abaixo).*

ADÁN *(ponse de pé dun brinco)*

¡Fóra da miña vista, ilusión infernal!
¡Esforzos vans, absurdas ambicións!
Aínda me lembro: “millóns por un”.
Hei de facer valer eses millóns
nun país libre. Non hai outro avío.
Morra xa o individuo, viva o pobo,
fundidas as persoas nun todo comunal.

EVA

¿E a min tamén me deixas, meu amor?

ADÁN

A ti tamén. E o trono. Deixo todo.
Guíame, Lucifer, cara ós meus novos fins,
que xa levo perdido moito tempo precioso
por esta vía errada.
(Desenvaiña a espada e prepárase para marchar).

EVA

Meu rei, se un día volves
vencido atoparás refuxio no meu seo.

ADÁN

Eu presinto que hei volver dar contigo
baixo unha forma máis pura, e entón
xa non me has de beixar coma unha escrava,
senón de igual a igual e por pracer. *(Sae).*

LUCIFER

¡Calma, que non hai présa! De correres
así podes chegar antes de tempo
á meta e chorar ó descubrires
que é pura necidade. E eu rirrei. ¡Vamos indo!

CADRO QUINTO

(Atenas. Praza pública. No centro, unha tribuna. No proscenio ábrese o pórtico dun templo, cun altar, estatuas de deuses e grilandas. Eva como Lucia, esposa de Milcíades, xefe de exército, acompañada do seu fillo Kimón e dunhas criadas, encamiñase ó pórtico con ofrendas nas mans. Na praza o pobo farrapento en pé. Unha mañá luminosa).

EVA

Olla, querido fillo, por alí
partiu en veloz nave o teu pai
para loitar máis alá das fronteiras
contra o bárbaro pobo que ameaza
a nosa liberdade.
Recemos, pois, meu fillo, preguémoslle ó ceo
que protexa do mal a nosa terra
e nos traia o teu pai de volta á casa.

KIMÓN

¿Por que tivo que ir tan lonxe meu pai
a defender un pobo covarde e farrapento
deixando a bela esposa aquí tan triste?

EVA

Non queiras se-lo xuíz do teu bo pai,
que os deuses dan castigo ós fillos que fan iso.
Só a muller que ama ten dereito a doerse
dos feitos con que o esposo pretende alcanzar gloria,
e padece a vergoña se acaso non a alcanza.
O teu pai foi cumprir co seu deber de home.

KIMÓN

¿Tal vez tes medo, madre, de que volva vencido?

EVA

Non, o teu pai é un heroe e sei que vencerá.
Mais que non saiba vencerse a si mesmo
é o meu único receo.

KIMÓN

¿Como?

EVA

A alma alberga unha palabra forte:
a ambición. No escravo está durmida
e no grao inferior pode mudar en crime.
Mais nutrida co sangue da heroica liberdade
imponse como cívica virtude
a iluminar canto hai fermoso e bo no mundo.
E se é forte de máis, arrepciónselle á nai
e loitan porticoata a morte dunha delas.
Se en teu pai esa voz fose tan forte
que o leve a traizoa-la santa patria,
sería a maldición. Preguemos, fillo.

(Van cara ó pórtico do templo mentres na praza se reúne cada vez máis xente).

PAISANO PRIMEIRO

Seica non chegan gloriosas noticias.
¿será que as nosas tropas non deron co inimigo?

PAISANO SEGUNDO

E aquí todos están tamén adormecidos.
Tal vez non hai ninguén que posúa, como antes,
grandes proxectos deses que precisan,
para chegar a porto, o apoio da voz
da súa excelsa maxestade o pobo.
Paseo por aquí dende a mañá
e ninguén quere compra-lo meu voto.

46

PAISANO PRIMEIRO

¡Que aburrida esta vida! ¿Que se pode facer?

PAISANO TERCEIRO

Un pouco de barullo non estaría mal.

(Nese tempo Eva prendeu o lume do altar, lavou as mans e preparouse para a ofrenda. Dúas serventas entoan un himno e as súas estrofas mestúranse coa escena seguinte. A praza encheuse de cidadáns e de xente do pobo. Dous demagogos disputan pola tribuna).

DEMAGOGO PRIMEIRO

¡Apártate! Este lugar é meu.
Se non falo, a patria está en perigo.
(O pobo berra aprobativamente).

DEMAGOGO SEGUNDO

¡En perigo se falas! ¡Aparta ti, vendido!
(O pobo ri e aplaude).

DEMAGOGO PRIMEIRO

E ti non es vendido: ¡non te compra ninguén!
¡Cidadáns! Con pesar tomo a palabra
porque ás almas máis nobres lles repugna
humillar a un personaxe, mais debo arrincar
do seu carro triunfal a un grande home
e traelo ata o noso tribunal.

DEMAGOGO SEGUNDO

¡Bo principio, carniceiro, bo principio!
¡Pon flores no pescozo do animal
para logo entregalo ó sacrificio!

DEMAGOGO PRIMEIRO

¡Silencio!

XENTE DO POBO

¿Por que aturamos a este incordiante?
(Dan arrempuxóns ó demagogo segundo).

DEMAGOGO PRIMEIRO

Por máis que me doia, debo falar,
pois máis ca a un xeneral do teu exército
te estimo a ti, o pobo soberano!

DEMAGOGO SEGUNDO

¿Estimas esta grea de baldreus
que coma un can esperan polos ósos
caídos baixo a mesa do seu amo? ¡Covarde,
non che envexo o teu gusto!

XENTE DO POBO

¡Cala a boca, traidor! ¡Fóra de aquí!
(Maltratan máis ó demagogo segundo. Eva sacrifica dúas pombas e prende incenso no altar).

EVA

Afrodita divina, acepta a ofrenda
e atende por favor esta pregaria:
Non che pido loor para o meu home,
unicamente paz para o seu corazón bravo.

(No fume da ofrenda xorde sorridente Eros; rodéano as Gracias e bótanlle rosas. Eva, o seu fillo e as serventas ensúmense na devoción).

AS SERVENTAS

¡Escoita a súa oración!

EROS

¡Beizón, muller
de puro corazón!

AS GRACIAS

¡Tamén as Gracias
che dan a súa protección!

AS SERVENTAS

¡Gracias, Afrodita!

DEMAGOGO PRIMEIRO

Escoita, pobo, a miña acusación:
o gran Milcíades vendeu a patria.

DEMAGOGO SEGUNDO

¡Mente! ¡Mente!
Cala xa, non sexa que te arrepintas
tarde de máis e cheo de vergoña.

PAISANO PRIMEIRO

¡Fóra de aí, insolente!
(*O demagogo segundo é arrastrado pola multitude*).

DEMAGOGO PRIMEIRO

A flor dos vosos mozos está nas súas mans,
tomou Lemnos dun golpe, mais agora
detívose ante Paros. Subornado.

PAISANO TERCEIRO

¡Morra! ¡Morra!

CIDADÁN PRIMEIRO

Berrade aínda máis forte
se non queredes que vos bote das miñas terras.

(*Acabou o sacrificio; os deuses desapareceron*).

EVA (*erguéndose*)

¿Que ruidos son eses? Vaíamos ver, meu fillo.

KIMÓN

Madre, seica pretenden condenar a un traidor.

EVA (*pondo o pé na escaleira do pórtico*)

Encólleseme o corazón se vexo
a plebe esfameada xulgando os grandes homes.
Se cae o que está alto, os miserables
óllano con maligno desprezo e escarnéceno
para xustificaren así a propia miseria.

PAISANO SEGUNDO

Señor, xa eu quixera berrar, pero estou rouco.

CIDADÁN SEGUNDO

Toma, alivia un pouco a túa gorxa.

PAISANO SEGUNDO

Entón, ¿que hei de berrar?

CIDADÁN SEGUNDO

“¡Morra o traidor!”.

VOCES DO POBO

¡Morra! ¡Morra!

EVA

¿E logo de quen falan?

DEMAGOGO SEGUNDO (*achegándose a Eva*)

Falan dunha persoa que sobresaie un palmo
por riba dos demais, e eles non o aturan.

EVA

¿De Milcíades falan? ¡Ai de min, deuses grandes!
E ti, vello Crispo, a quen meu home
librou da escravitude, ¿tamén berras a morte?

50

CRISPO

Descúlpeme, señora, pero eu defendo a miña vida. Quen me pide que berre paga o pan que mantén os meus tres fillos.

EVA

¡Ai, Crispo, desgraciado, como podes chegar a tal vileza!
¿E eu debo perdoarte se tes fame?
¿E ti, Tersites? E vosoutros todos, se adormecedes hoxe en paz e calma é porque o meu esposo arredou o inimigo das portas. ¡Ai, canta ingratidade!

TERSITES

Señora, para nós tamén é cousa triste, mais qué lle imos facer se este é o ambiente.
¿Quen pode por en risco toda a súa fortuna desafiando as enfadadas ondas?

DEMAGOGO PRIMEIRO

Vou pronuncia-la sentenza do pobo.

(Lucifer, como guerreiro, chega correndo con expresión asustada).

LUCIFER

¡Alerta! ¡O inimigo está ás portas!

DEMAGOGO PRIMEIRO

Imposible. ¿E o noso victorioso xeneral non nos vai defender do inimigo?

LUCIFER

El é o inimigo.
Soubo que había conxura contra el

e con xusta ira no corazón
vén cara aquí mentres vós só falades.

DEMAGOGO SEGUNDO

É pola vosa culpa, vós sóde-los traidores.

VOCES DO POBO

¡Abaixo cos traidores! ¡Que viva o noso xefe!
¿E que será de nós? ¡Que se salven quen poida, que isto é o final!

DEMAGOGO PRIMEIRO

Non. ¡Vaíamos ás portas e rendámoslle homenaxe!

EVA

¡Oh, Deuses!
Doíame a sentenza de condena do meu esposo, pero máis me doe sabela xusta, malia o seu regreso.

PAISANO PRIMEIRO

Apresade a muller. Se a cidade sofre dano, ¡morrerá co seu fillo!

EVA

¡Polo meu home morrerei con honra, pero que a maldición non alcance o meu fillo!

KIMÓN

Non temas por min, madre, e ven comigo, que no templo estaremos a salvo de agresións.

(Refúxianse dos perseguidores no pórtico do templo. Dúas ninfas baixan unha grilanda de rosas entre eles e o pobo, que axiña

*retrocede. Fóra óense trompetas e a multitude dispérsase queixosa.
As ninfas desaparecen).*

LUCIFER (*ri esfregando as mans*)

¡Que divertida farsa! O intelecto
goza en rir alí onde choran os corazóns.

(Virando cara ó templo)

¡Cómo non divertirme contemplando
a eterna beleza decote renovada...!

Mais hai un frío nese estraño ámbito
onde a nudez é púdica

e a culpa nobre, e o fatal destino
se ve enxalzado con rosas e labios

beixadores de tanta sinxeleza.

¿Por que demora tanto o meu reino
de dúbidas e horrores en vence-la ilusión

que ergue do chan ó home caído

e o fai reinicia-la loita insensata

que sostén contra min?

Mais vexamos se logo, ante a terrible morte
non chega ó seu final definitivo

ese xogo aburrido das sombras.

(Mestúrase co pobo).

*(Á fronte dunha tropa armada, ferido, chega Adán como Milcíades.
Diante del, suplicando, o pobo e os demagogos).*

VOCES DO POBO

¡Honor ó noso xefe! ¡Piedade, grande home!

ADÁN

¿Piedade? ¿Cometestes algún crime?

¿Que lle pode pedir o poderoso ó débil?

E a muller maillo fillo, ¿non veñen recibirme?

¿Aconteceulles acaso algunha desgracia?

EVA

¡Ai, Milcíades! ¿Por que volves se nin sequera
se alegre a túa muller de verte regresar?

¡Axúdame, meu fillo, que non me teño en pé!

¡Nin sequera un bo nome vas herdar do teu pai!

ADÁN

¿Pero que está pasando? O pobo implora,

a muller maldí de min e eu sangro pola patria.

EVA

Pero máis sangra a patria. Ou o meu corazón.

¿Por que volves á fronte dun exército?

ADÁN

¿Acaso non merece o meu rango unha escolta?

Regreso porque estou gravemente ferido

e así non podo exercer-lo meu cargo.

Veño poñe-lo meu poder nas mans

daquel quen me enviou: a súa maxestade

o pobo, a quen debo render contas.

E a vós, soldados meus, concédovos licencia;

tendes ben merecida a paz dos vosos lares.

No teu sagrado altar, oh Palas Atenea,

depoño a miña espada.

*(Os seus compañeiros axúdano a subi-los chanzos do pórtico;
despois dispérsanse).*

EVA (*botándose ós brazos do seu marido*)

¡Milcíades, meu home! ¡Que orgullosa me sinto!

¿Pode haber unha esposa que sexa máis feliz?

¡Aquí tes o teu fillo, mira qué grande e bo,

e cómo se asemella ó pai!

ADÁN

¡Queridos!

KIMÓN

Eu xa sabía que o que fai meu pai
está ben feito.

EVA

¡Ai! ¡Non me avergoñes!
Eu como esposa súa debín ter confianza.

ADÁN

Fillo, fai a ofrenda da miña espada.

KIMÓN (*erguendo a espada*)

Garda, oh deusa, esta espada preciosa.
Algún día hei de vir para empuñala.

EVA

Correspóndelle á nai acende-lo incensario
do dobre sacrificio. Atenea, dirixe cara a nós a túa ollada.
(*Queima o incenso*).

DEMAGOGO PRIMEIRO (*na tribuna*)

¿Non estaba eu no certo cando dixen que era
un traidor? Darío comprouno. A súa ferida
é finximento só para non ter que loitar.

VOCES DO POBO

¡Morra! ¡Morra!

ADÁN

¿Que vocerío é ese que se escoita aí fóra?

EVA

¡Milcíades, Milcíades, son voces horribles!
Ese pobo ignorante di que ti es un traidor.

ADÁN

É ridículo: ¿que eu son un traidor?
¿traidor eu, que vencín en Maratón?

EVA

Así é.
Ó teu regreso atopas un mundo ben ruín.

DEMAGOGO PRIMEIRO

¿Por que non o prendedes xa?
(*A multitude vaise congregando diante do pórtico do templo; entre
eles está tamén Lucifer*).

EVA

¡Milcíades!
Aquí no santuario estás a salvo,
¡non saias del! ¿Por que dispersáche-la tropa?
¿Por que non apresaches esta cova de ladróns?
Esta xentalla vil só merece a cadea.
Sabem que por nacencia ti e-lo seu señor,
e máis nobre ca todos eles xuntos.
E quérente matar por non se axeonllaren.

DEMAGOGO PRIMEIRO

¿Estades escoitando como fala a muller
dun traidor?

EVA

Toda muller ten dereito
a defende-lo seu home das acusacións,
e máis se é puro e nobre coma o meu
e se o seu inimigo é tan vil coma vós.

DEMAGOGO PRIMEIRO

¿Vai permitir o pobo soberano
que o insulten dese xeito?

PAISANO PRIMEIRO

Tal vez teña razón.

CIDADÁN PRIMEIRO

Quen está con eles é sospeitoso. ¡Berrade,
berrade, miserables, ou pasaredes fame!

VOCES DO POBO

¡Morra! ¡Morra!

ADÁN

Tapa os ollos, muller, do noso fillo
para que non vexa o meu sangue e vaite.
Non vos fulmine o raio que cae sobre unha rocha
e morra eu soamente, pois ¿para que vivir
vendo o necia que é a liberdade
pola cal pelexei a vida enteira?

DEMAGOGO PRIMEIRO

¡Non teñades dúbidas agora!

VOCES DO POBO

¡Morra! ¡Morra!

ADÁN

Eu non maldigo este pobo covarde,
pois el non ten a culpa, está na natureza
da miseria que o deixa sometido
en cruel escravitude a rebeldes soberbios.
Parvo fun eu por crer
que un pobo así precisa gaña-la liberdade.

LUCIFER *(á parte)*

Acabas de anunciar o teu propio epitafio,
o mesmo que van ter as tumbas doutros grandes.

ADÁN

Deixádeme ir abaixo, que non quero seguir
aquí no santuario.

*(Deixa a Eva cariñosamente en mans das serventas mentres é
axudado a baixar os chanzos).*

!Velaquí estou, disposto!

DEMAGOGO SEGUNDO

Pódeste defender do que che imputan.

ADÁN

Non daría falado, non mo permitiría
a dor desta ferida que me arde.

DEMAGOGO SEGUNDO

¡Tes que facelo! Hai pouco este pobo
axeonllábase perante ti.

ADÁN

Por iso mesmo xa é todo inútil,
o pobo nunca perdoa a propia vergoña.

LUCIFER

¿Estás decepcionado?

ADÁN

Si, estouno.

LUCIFER

Recoñece que fuches para pobo un señor
moito máis xeneroso do que o pobo contigo.

ADÁN

Tal vez, mais ambas cousas son o mesmo.
Por cambiármolos nomes non se altera o destino;
loitarmos contra el é inútil, e non serei
eu quen o faga. ¿Por que aspirarmos
sempre ás alturas das almas nobres?
Viva cada un para si, buscando
pracer que poida encher tan breve vida,
cambaleando ebrios en dirección ó Hades.
Guíame, Lucifer, a un novo camiño
onde me poida rir das virtudes e as penas
dos outros e procure tan só os meus praceres.
E ti, muller, que outrora levantaches
por min un emparrado no deserto
(o corazón ben lembra), habías ser ben tola
querendo cria-lo fillo facéndoo un cidadán;
con razón es obxecto da burla desa moza
que co rostro pintado agarda no bordel
cos labios excitados de beixos e de viño.
Divírtete, e goza, e rexeita a virtude.
¡E agora ó cadafalso! Pagarei
non por vilezas xamais cometidas,
senón polo elevado ideal que me moveu.

*(Mentres tanto levan un tallo ó pé dos chanzos. Onda o tallo está
Lucifer cunha machada. Adán baixa a cabeza).*

DEMAGOGO PRIMEIRO

¡Viva a patria! ¡Executádeo xa!

LUCIFER *(en voz baixa)*

Bonito adeus, ¿non si? E ben, señor heroe,
¿non percibes agora no corpo un arrepío
diante do xélido alento da morte?

EVA

¡Palas Atenea, desoíche-los meus rogos!

*(O xenio da morte, baixo a forma dun mozo de doce mirar, cunha
grilanda e un facho invertido, sae do templo e dá un paso cara a
Adán).*

ADÁN

Palas si te escoitou. ¡Que o ceo se apiade
de ti, Lucía! Eu parto coa alma tranquila.

LUCIFER

¡Maldito mundo de vas ilusións,
estragando de novo os mellores momentos!

EVA

Maldito sexas, pobo de corazón de xeo,
que arrasas brutalmente toda a felicidade
enzoufando na lama as súas frescas flores.
Non ha ser para ti a liberdade
tan doce como amarga a miña dor.

CADRO SEXTO

(En Roma. Pórtico aberto con estatuas de deuses e vasos ornamentais onde arden plantas perfumadas. No horizonte, os Apeninos. No centro, arredor dunha mesa posta, reclinados nos seus asentos e dispostos para os praceres, Catulo, Adán como Sergiolus e Lucifer como Milo. As prostitutas Hippia e Cluvia, e con elas Eva como Xulia, enredan impudicamente vestidas. Sobre un estrado loitan gladiadores. Algúns escravos agardando ordes. Frautistas tocando. É o solpor; e máis tarde, a noite).

CATULO

Mira, Sergiolus, que áxil e destro
o gladiador da fita colorada,
aposto a que vai dar vencido ó outro.

ADÁN

¡Non, por Hércules, non!

CATULO

¿Por Hércules, dixeches?
¿Seica andamos aínda crendo en deuses?
¡Xura por Xulia, que che ha de ir mellor!

ADÁN

¡Por Xulia, entón!

LUCIFER

Xura por algo serio
e non cambies un deus falso por outro.
¿E como ha de entenderse o xuramento?
¿Xuras polo amor teu, pola beleza dela
ou tal vez xuras só pola fidelidade?

CATULO

Beleza logo pasa, e mesmo se durase,
o que hoxe gorentas xa te aburre mañá.
Outra muller distinta, tal vez menos bonita,
poderá seducirte coa súa novidade.

ADÁN

¿Terá alguén perdido por unha muller
o que eu levo gastado por contenta-la miña?

HIPPPIA

¡Coitado!

¿E podes abrazala acaso todo o tempo?
E mesmo se puideses, o teu propio desexo
inquieta e insaciable nunca che ha dar acougo,
porque en cada muller unicamente atopas
unha mínima parte do gozo fragmentado.
O ideal de beleza e pracer para ti
sempre ha ser unha vaga visión inalcanzable.
¿Podes estar seguro de que ela non vai
caer na tentación de calquera quimera
ou do esforzado músculo dun rexo gladiador?

ADÁN

É certo, Hippia, é certo mais non sigas.
¿Por que o pracer nos atrae coma a Tántalo
se non posuímo-la forza de Hércules
e o don de transformarnos cal Proteo?
En van envexa o señor esa hora
de gozo pleno que alcanza un escravo
despois dunha semana de duro labor.
¿Será que o pracer é, coma a auga fresca,
dozura para a sede, pero morte
para o que afoga mergullado nela?

LUCIFER

¡Un magnífico curso de moral
coa copa nunha man e a outra acariñando
uns deliciosos peitos femininos!
¿Que foi da vosa aposta?

ADÁN

Se a perdo,
Xulia será túa.

CATULO

¿E se son eu quen perde?

ADÁN

Entón eu quedaría
co teu cabalo.

CATULO

Por un prazo dun mes sería túa.
Se non, ¡guíndoa no lago das anguías!

LUCIFER

Olla, Xulia, que bo peixe e que gordo:
cómeo antes de seres comida ti por outros.

EVA

¿Acaso non seremos todos pasto dos vermes?
Gocen os vivos que poden gozar,
e os que non poden, polo menos rían. *(Bebe)*.

ADÁN *(ó gladiador)*

¡Ánimo! ¡Resiste!

CATULO *(ó seu)*

¡Ánimo, valente!

(O gladiador de Catulo cae. Ergue a man suplicando pola súa vida. Adán quere da-lo sinal de clemencia, mais Catulo agarralle a man, e pechándolle o puño, vírao e déixao co polgar apuntando cara abaixo).

*¡Recipe ferrum, covarde! Eu teño
escravos de abondo, non son avaro.
¡Como negarlles a estas belas damas
un fermoso momento de emoción!
Son máis doces os beixos e ardentes os desexos
se entremedias algo de sangue escoa.
(O gladiador caído é executado polo seu adversario).*

ADÁN

O cabalo é meu. ¡Abrazame, Xulia!
Que leven o cadáver. Bailarinas,
vinde danzar para nós unha danza.
Que por hoxe xa abonda de batalla.
(Levan o cadáver e as bailarinas ocupan o estrado).

CATULO

Cluvia, ven onda min, que xa non podoo
couta-lo meu desexo por máis tempo
vendo os abrazos dos que nos rodean.

LUCIFER

¿E logo nó-los dous, Hippiia bela, ti e mais eu,
por que non imitámo-lo seu exemplo?
Pero limpa eses labios, non vaia ser que teñan
algún veleno. Agora podemos divertirnos.

ADÁN

O teu corazón, Xulia, ¿por que bate
tanto que non me deixa descansar?
(Murmuran entre eles).

LUCIFER

¡Este louco a falar do corazón!

CATULO

A min, querida, non me preocupa o teu corazón.
Fai del o que quixeres, con tal que eu non o saiba
e teña sempre así os teus beixos ardentes.

CLUVIA

¡Que xeneroso! ¡Á túa saúde! (*Bebe*).

CATULO

Así é, mais non apartes de min
os teus brazos suaves e os teus cálidos peitos.
¿Ves? Caéume a grilanda da cabeza.
(*Ás bailarinas*).
¡Que lindos os pasos da vosa danza!,
¡canta lascivia e canta gracia xuntas!

CLUVIA

Cubro os teus ollos para que non busques
lonxe de min o que eu mesma che ofrezco
sen merecer sequera o teu eloxio.
(*Apuntando para Lucifer*)
Olla para esa cara enxoita e fea;
¿de que lle vale ter unha moza tan linda
se ó cabo non sabe o que facer con ela?
E déixaa adormecida mentres el
con xélido sorriso e maligna mirada
só repara nas fútiles dozuras
que poñen gracia nas conversacións.

CATULO

É verdade, pois semellante cara
ben pode conxelar calquera poesía.

Quen resiste ó feitizo do momento
e non entrega a alma ó fluxo da paixón
non é xente de ben. Máis lle valera
quedar na súa casa.

HIPPIA

Mesmo parece que nese coitado
xurdiu a peste negra que devasta a cidade.

ADÁN

¡Abonda de caras funestas! ¡Que veñan
unhas cancións! ¿Quen as sabe ben ledas?

HIPPIA (*canta*)

Non hai quen se canse
de viño e de amor:
Cada copa ten
distinto sabor.

Que a doce embriaguez
pinte de ouro a vida
coma os cemiterios
o sol da tardiña.

Non hai quen se canse
de viño e de amor:
Cada moza ten
distinto sabor.

TODOS

Que a doce embriaguez
pinte de ouro a vida
coma os cemiterios
o sol da tardiña.

CATULO

Moi ben. Agora ti, Cluvia, ¿que sabes?

CLUVIA (*cantando*)

Qué mundo tolo o do tempo pasado,
cando Lucrecia, no viúvo leito
e pretendida por un namorado,
deu en negarse a atende-lo desexo
e antes que verse caer no pecado
preferiu morrer apuñalando o peito.

TODOS

¡O mundo de hoxe évos moito máis sabio,
felices de nós os que o habitamos!

CLUVIA

Qué mundo tolo o do tempo pasado.
Brutus non quixo quedar no seu pazo,
colleu a espada e marchou á guerra
loitar polo pobo e as súas miserias
igual ca se fose un soldado calquera.
Morreu e o seu sangue enguliuno a terra.

TODOS

¡O mundo de hoxe évos moito máis sabio,
felices de nós os que o habitamos!

CLUVIA

Que mundo tolo o do tempo pasado:
heroes fabulosos da xente adorados
que hoxe nos fan rir, e críanse sagrados.
Algún deses loucos sería de veras
moi ben recibido no circo hoxe en día
para risa da xente e almorzo das feras.

TODOS

¡O mundo de hoxe évos moito máis sabio,
felices de nós os que o habitamos!

LUCIFER

¡Moi boa, Cluvia, venciches a Hippiá!
¡Aí, quen me dera ser autor desa canción!

ADÁN

E ti, Xulia, ¿non cantas?, ¿estás triste?
Ó noso redor todos se divirten;
¿acaso non che gusta repousar no meu peito?

EVA

Aí, si, gústame moito. Mais perdoa, Sergiolus,
se a fidelidade me volve seria.
Mais penso que esas risas son pouco verdadeiras,
e que ós nosos momentos máis doces acubillan
decote unhas pinguiñas de dor inexpresable
ó sentirmos que son o mesmo ca esas flores
que murchan axiña.

ADÁN

E eu tamén sinto o mesmo.

EVA

Sobre todo se escoito unha música ó lonxe
a penas perceptible e sinto que me abalan,
coma se fose un barco, as ondas do seu son.
E paréceme entón que acaso estou soñando
e a música me leva a outro tempo distinto
onde baixo outro sol, á sombra doutras árbores,
fun infantil, alegre e inocente,
a alma aberta a un grande e máis nobre destino.
Desculpa, mais foi todo unicamente un soño
de tolería. Beixándote outra vez acordo.

ADÁN

Abonda xa de músicas e danzas, xa me farta este mar de dozura sempiterna.

O corazón ten ansia agora de algo amargo: un fel para o meu viño, ferrete para os beizos vermellos, un perigo sobre miña cabeza.

(As bailarinas saen. Fóra séntense lamentos).

¿Que lamentos dolorosos son eses?

LUCIFER

Andan crucificando a algúns toliños que reclaman un mundo máis xusto e fraternal.

CATULO

Pois estalles moi ben por non quedaren quietos na casa, esquecendo o mundo.

¿Que lles importa a eles a miseria dos outros?

LUCIFER

Os mendigos aspiran a ser igual cós ricos; cambia uns polos outros e acabará na cruz.

CATULO

Burlémonos entón do poder e a miseria, da peste que trae a morte á cidade e dos designios de tódolos deuses.

(Novos xemidos).

ADÁN *(para si)*

Paréceme talmente que estou vivindo un soño, que a música me leva a outro tempo distinto, a alma aberta a un grande e máis nobre destino.

¿Non era así como dicías, Xulia?

EVA

Así era.

(Anoiteceu. Diante do pórtico pasa un cortexo fúnebre con fachos e frautistas e mulleres facendo o pranto. Por algún tempo todos caen nun profundo silencio).

LUCIFER *(rindo)*

Semella que marchou de vez toda a alegría.

¿Xa non hai viño? ¿Acabou a festa?

Esta mudanza faime xurdir unha sospeita:

¿será que hai entre nós algún covarde ou acaso un renegado?

ADÁN *(tirándolle a copa)*

Será, se así o pensas.

LUCIFER

Ben, terei que invitar a algún hóspede novo que poida devolvérno-la alegría.

¡Eh, criados, traede á miña beira

a aquel que vai alí entre fachos ardendo!

¡Ofrezámoslle unha copa da nosa bebida!

(Nunha caixa aberta traen un cadáver e pousano sobre a mesa mentres o cortexo permanece ó fondo. Lucifer saúdao).

LUCIFER

¡Bebe, amigo! ¡Hoxe por ti e mañá por min!

HIPPIA

¿E non será mellor un beixo?

LUCIFER

¡Béixao, si,

e tíralle o seu óbolo da boca.

HIPPIA

Se a ti te beixo, ¿por que non vou beixar un morto?
(*Beixa o morto. Do cortexo sae o apóstolo Pedro*).

SAN PEDRO

¡Quieta, non fagas iso! ¡Estás lambendo a peste!
(*Érguense todos, horrorizados*).

TODOS

¡A peste! ¡Que espanto! ¡Fóra de aquí!

SAN PEDRO

¡Ai, pobo miserable! ¡Covarde patulea!
Cando a boa fortuna dá en sorrirche
andas a monear coma as moscas baixo o sol
e búrlaste de Deus e da virtude.
Mais se vén o perigo a baterche na porta,
se te ves sinalado polo dedo de Deus,
entón desesperado humíllaste e arrástraste.
¿Non sentes como pesa
o castigo divino? Mira ó teu arredor:
a cidade en ruínas e os forasteiros bárbaros
tripando e arrasando as túas sementeiras.
Todo é desgobierno, xa ninguén manda
nin obedece. O roubo e o crime
andan nas rúas coa cabeza ergueita
e tras eles tan só a angustia e mailo medo.
Nin do ceo nin da terra se recibe socorro.
Nin os praceres da embriaguez conseguen
adormentar sequera aquel impulso
que levas no máis fondo do corazón, e en balde
te convida a seguir o mellor dos camiños,
pois nunca has de atopar satisfacción.
Ó final o pracer só che trae noxo á alma
e abesullas ansioso ó teu redor cos beizos

trémulos, mais en van, pois perdíche-la fe
nos teus deuses antigos, que agora só son pedra.
(*As estatuas dos deuses esfarélanse*).
Enfarélanse en po e non atopas outros
que te poidan erguer do bulleiro de novo.
Mira ó teu arredor, devastada a cidade
por estoutro poder más terrible cá peste.
Por miles abandonan o seus prácidos leitos
para iren vivir nos ermos territorios
da Tebaida remota cal rudos eremitas
á procura de algo que excite ou reconforte
os seus pobres sentidos embotados.
Desaparece xa, dexenerada raza,
para que o mundo así se purifique.

HIPPIA (*caendo diante da mesa*)

¡Malpocada de min! ¡Que dor insoporable!
¡Esta fría suor, este ardor espantoso!
¡É a peste! ¡É a peste! ¡Ai, ai! ¡Estou perdida!
¿Ninguén de vós vai vir onda min socorrerme,
vosoutros a quen teño dado tanto pracer?

LUCIFER

Hoxe por ti, mañá por min, querida.

HIPPIA

¡Pois matádeme entón, se non maldígovos!

SAN PEDRO (*dando un paso cara a Hippiia*)

Non maldigas, muller, e perdóaos.
Terás a miña axuda e o divino socorro
do Deus sempiterno do santo amor.
Érguete cara a El. Con esta auga
límpase a túa alma de toda sucidade
camiño á salvación.
(*Bautízaa coa auga dun vaso collido da mesa*).

HIPPIA

¡Síntome máis lixeira! (*Morre*).

CATULO (*sae*)

E eu marcho hoxe mesmo para a Tebaida.
Dáme noxo este mundo de maldade e pecado.

CLUVIA

Espera, Catulo, eu vou contigo. (*Saen*).

ADÁN (*pensativo, dá algúns pasos cara ó proscenio. Séguese Eva*).

¿Ti neste sitio, Xulia? ¿Que andas a buscar
onde a morte acabou coas alegrías todas?

EVA

¿Non sabes que o meu sitio é aquel onde ti esteas?
¡Ai, Sergiolus, que nobres sentimentos
poderías achar neste meu peito
onde só procuraches efémeros praceres!

ADÁN

E no meu tamén. ¡E é magoa que así sexa!
Camiñar cara á morte, vencido e miserable
e sufrir ata entón. Se Deus existe,
(*axeónllase e ergue as mans cara ó ceo*)
e se mira por nós e ten poder, que envíe
un novo pobo, un ideal no mundo,
que renove este sangue ruín, dexenerado,
e permita ós humanos a moi nobre ambición
de aspirar ó sublime. O mundo está gastado
e nós non temos forzas para crear un novo.
¡Escóitame, Deus!

(*No ceo aparece a cruz envolta nunha auréola. Tras dos montes asoma o resplandor vermello das cidades incendiadas. Dos cumes descenden exércitos bárbaros. Séntense ó lonxe himnos devotos*).

73

LUCIFER (*para si*)

Esta escena prodúceme arrepiós,
pero ¿non é acaso o home o meu rival?
O que eu non consiga, ha facelo el por min.
Xa teño visto algures este lindo espectáculo;
cando se extinga o resplandor da auréola
aínda quedará a sanguinaria cruz.

SAN PEDRO

Deus escoitoute, Adán. Observa ó teu redor,
as terras arrasadas xa volven renacer.
E eses guerreiros bravos con pelicas de oso
que van poñendo lume a cidades enteiras,
tripan cos seus cabalos a colleita dos séculos
e fan os seus cortellos nas ousías dos templos
abandonados, traen un sangue novo
para as vosas dexeneradas veas.
E esoutros que na area do circo entoan himnos
en tanto van morrendo nas gadoupas das feras,
traen ideas novas, como a fraternidade
e a liberación universal dos individuos,
que van facer tremer os esteos do mundo.

ADÁN

Sinto que a miña alma xa non acha conforto
en darse ó van pracer das moles almofadas.
Non hai gozo maior que sentir lentamente
un sangue renovado a fluír polas veas.

SAN PEDRO

Sexa ese o teu proxecto: a gloria para Deus,
para ti o afán do traballo. O home é libre
de facer realidade as ansias interiores
sen máis ca obedece-la lei do amor.

74

ADÁN

¡Adiante, entón, loitemos todos xuntos
pola nova doutrina creando un mundo novo
onde sexa modelo a virtude dos varóns
e a poesía, á beira dos altares,
o elevado ideal das mulleres!
(Apoiándose en Pedro, marcha).

LUCIFER

Coitado Adán, que cres nun soño imposible,
soño digno dun home, certamente,
que agrada a Deus por te-lo ceo por faro
e ó demo por levarte ó desespero.
(Ségueo).

CADRO SÉTIMO

(Constantinopla. Praza do mercado. Cidadáns ociosos. No centro, o pazo do Patriarca. Á dereita, un convento de monxas; á esquerda, un arboredo. Adán como Tancredo, na flor da idade, acompañado doutros cabaleiros, á fronte dunha cruzada que regresa de Asia baixo bandeiras ondeantes e ó son de tambores. Lucifer como o seu escudeiro. É o solpor. Logo cae a noite).

CIDADÁN PRIMEIRO

Aí vén outra nova lexión de bárbaros.
Pechemos ben as portas e as fiestras,
non sexa que pretendan roubarnos canto temos.

CIDADÁN SEGUNDO

Ocultade as mulleres, que esa tropa
xa coñece os praceres dos serrallos.

CIDADÁN PRIMEIRO

Mulleres son o premio de quen vence.

ADÁN

¿Por que fuxides de nós dese xeito?
¿Non vedes que levamos este sinal sagrado
que a vosoutros nos une como irmáns nunha causa?
Fomos leva-la fe e a doutrina do amor
a Asia, alí onde o berce sagrado
do Salvador perdura en terra de pagáns,
para que os infieis coñezan tamén a Súa gracia.
¿Acaso non goberna entre vós a lei do amor?

CIDADÁN PRIMEIRO

Xa temos escoitado outras veces esas verbas.
Despois prenderon lume ás nosas casas. *(Dispérsanse).*

ADÁN (*ós cabaleiros*)

Velaquí ténde-lo maldito froito
das ruíns ambicións de tantos ladroeiros
que axitan nas súas mans esta santa bandeira
e así que satisfán a vaidade do pobo
eríxense en xefes sen seren investidos.
Amigos cabaleiros, en canto a nosa espada
brille pola defensa dunha honra impoluta,
pola gloria de Deus e pola protección
da muller e a virtude, lograremos
ter sometido ese demo inmundo.
e conducilo contra o seu desexo
para crearmos algo grande e nobre.

LUCIFER

Tancredo, falas ben, pero se o pobo
deixase un día de te ter por xefe...

ADÁN

O espírito e o triunfo camiñan sempre xuntos.
Se tal acontecese, ¡esmagaríaio!

LUCIFER

¿E se o espírito estivese co pobo?
¿Entón someteríaste?

ADÁN

¿Por que ía facelo?
¿Non é máis nobre ansia ergue-lo pobo?
Renunciarmos á loita tan só por non dispormos
de aliados é cousa mesquiña, semellante
á de non aceptarmos compañeiros
para non compartir con eles a victoria.

LUCIFER

Velaí en qué parou aquel grande ideal
polo cal se inmolaban os mártires do circo.
¿Era isto a proclamada redención do individuo?
¡Que marabillosa fraternidade!

ADÁN

Non te burles nin penses que xa non acredito
na ínclita doutrina. Ela é o meu gran desexo.
Quen teña a luz divina e poida actuar, actúe,
e que suba ata nós, será benvido,
e eu cun toque de espada fareino cabaleiro.
Mais temos que gardar o tesouro da orde
contra o caos que axexa por tódolos recantos.
Eu agardo con ansia a chegada dos tempos
de vermos xa cumprida a nosa salvación,
cando caian murallas e todo resplandeza.
Tal vez dubidaría de que ese día chegue
se o iniciador primeiro de toda a nosa empresa
non fose o mesmo Deus, señor do gran poder.
Amigos meus, xa vistes cómo nos recibiron,
tal se fôsemos orfos na cidade ruidosa.
Teremos que acampar por forza no arboredo,
como adoito fixemos entre pobos pagáns
á espera da mudanza para un tempo mellor.
Marchade pois, que eu seguireivos máis tarde.
Os capitáns respondan cada un da súa xente.
(*O exército cruzado acampa*).

LUCIFER

É unha magoa que as túas ideas tan fermosas
veñan dar como froito mazás de mala fama,
encarnadas por fóra, por dentro apodrecidas.

ADÁN

¡Cala xa! ¿ti cres que non existe nada nobre?

LUCIFER

¡Que che importa o que eu crea, se a túa raza non cre!
Esa orde da cabalería que levantas
coma un farol nas ondas axitadas do mar
un día ha de extinguirse e caerá en ruínas
e será só unha rocha para o audaz viaxeiro
peor que aquelas outras que nunca foron luz.
Todo que vive e espalla beizón
co tempo ha de morrer, e privado de espírito
tan só perdura o corpo, coma unha prea inmundada
a desprender mortíferos miasmas
no mundo que renace e crece ó seu redor.
Así se perpetúan as grandezas pretéritas.

ADÁN

Mais antes de extinguirse se cadra a nosa orde
dá convertido o pobo para a santa doutrina
conxurando os perigos.

LUCIFER

¡A doutrina!
¡Foron sempre as doutrinas a vosa perdición!
Así que as descubrides, case por puro azar,
dades en retorcelas, fendelas, aguzalas,
reforzalas e ó cabo tan só transformalas
en pura loucura ou grillóns para vós.
As vosas non son mentes para ideas exactas,
mais vós, con teimosía de raza orgullosa,
buscádelas arreo para a vosa desgracia.
Pouco importa que a espada sexa un pelo máis grosa
ou máis delgada, ó cabo a substancia é a mesma.
Podemos levar iso así ata o infinito:
¿en que punto estará o seu límite exacto?
Con todo a intuición axiña se decata
se por azar sucede unha mudanza grande.

Mais basta de falar, ¿por que esforzarme?,
contempla por ti mesmo o que tes ó teu redor.
(Reaparecen algúns cidadáns).

ADÁN *(ós cidadáns)*

Irmáns, a miña xente está cansa e solicita
lle deades pousada. Non lla pode negar
a cidade que foi capital da cristiandade.

CIDADÁN TERCEIRO

¿E quen nos di a nós que vós non sodes
máis herexes aínda do que o son os pagáns?

CIDADÁN CUARTO

Respondede, ¿en que credes? ¿credes no Homousión
ou ben no Homoiusión?

ADÁN

Non te comprendo.

LUCIFER

Non lle respondas nada. Mellor queda calado.

CIDADÁN CUARTO

Vede como dubida... ¡é herexe tamén!

VARIOS

Arredémonos deles, non lle abráde-las casas.
Maldito quen se atreva a ofrecerlles pousada.
(Dispérsanse).

*(O patriarca sae do seu pazo con toda a pompa do séquito
principesco, seguido dun grupo de frades escoltando algúns herexes
encadeados. Tras eles, soldados e xente do pobo).*

ADÁN

¿Non dou creto ó que vexo! ¿Quen será ese príncipe desafiante e altivo, tan cheo de arrogancia?

LUCIFER

Pois vén sendo o pontífice, sucesor dos apóstolos.

ADÁN

¿E esa xentalla descalza e inmunda que con finxida humildade e malicia vén escoltando os homes que traen presos?

LUCIFER

É tropa de monxes cristiáns, da secta dos cínicos.

ADÁN

Nunca tal vira nas miñas montañas.

LUCIFER

Mais ben logo a verás, que a peste se propaga de vagar. E coidado, non vaias ofender a esa xente de virtude absoluta e por tanto implacable.

ADÁN

¡Ai!, ¡Ai!

¿E que virtude pode ter esta raza?

LUCIFER

A mortificación, a mesma abnegación que o teu mestre inaugurou na cruz.

ADÁN

El con iso salvou o mundo enteiro, mais estes necios claman contra Deus

facendo menosprezo das gracias que El outorga. É loucura atacar un mosquito coas armas feitas para enfrontarse a un oso bravo.

LUCIFER

Será que consideran que o oso e o mosquito son unha mesma cousa, e que están no dereito de se sentir heroes, e así mandan ó inferno a todos cantos ven gozar da vida.

ADÁN

Eu, como San Tomé, vexo e non creo.

Quero mirar de cerca tamañas ilusións.

(Vai ó encontro do patriarca).

Padre, somos guerreiros dos do Santo Sepulcro, que vimos fatigados despois de arduo camiño e o pobo da cidade non nos quere acoller.

Ti, que es tan poderoso, ten a ben axudarnos.

PATRIARCA

Meu fillo, eu non perdo o meu tempo en parvadas;

pola gloria de Deus e a salvación do pobo

debo xulgar herexes, que en toda parte inzan

empezoñando os campos coma a herba ruín.

E por máis que extirpamos pola brava e a oito,

o inferno sen descanso nos envía outros novos.

Mais xa que vos chamades os soldados de Cristo,

¿por que habedes buscar tan lonxe sarracenos

se o peor inimigo o tedes aquí mesmo?

¡Buscádeo nas aldeas e acabade con el:

mulleres e homes, meniños e vellos!

ADÁN

Mais non quererás que morran inocentes...

PATRIARCA

Inocente é a cobra tamén cando é pequena
ou cando xa perdeu os dentes do veneno,
¿e debemos por iso deixalas escapar?

ADÁN

¡Que horrible atrocidade
ver así arrebatada por semellantes odios
o que foi a igrexa do amor!

PATRIARCA

Meu fillo,
quen ama non é aquel que dá contento ó corpo
senón quen dá gañado a alma para a causa,
mesmo, se for preciso, polo ferro e o lume.
Pois son os seguidores da fe falsa
no relativo á Santa Trindade
os que traen a guerra e non a paz á terra;
eles proclaman o homoiusión,
e é o homoiusión o que está declarado
como artigo de fe pola Igrexa.

OS FRADES

¡Ó lume con eles! ¡A fogueira xa está acesa!

ADÁN

¿Só por causa dun *i* nunha palabra?
Amigos, renunciade a ese *i*.
Mellor sería da-las vosas vidas
en combate polo Santo Sepulcro.

UN VELLO HEREXE

Non nos tentes, Satanás, pola fe nosa;
dámo-lo noso sangue alí onde Deus dispón.

UN FRADE

¿Pola fe vosa? ¡Que dis, Insolente!

O VELLO HEREXE

O concilio de Rímini e outros
están do noso lado.

O FRADE

Erraron todos.
Pois en Nicea e mais noutros sínodos
a ortodoxia decantouse ó noso favor.

O VELLO HEREXE

¡Fato de apóstatas! ¡Que ousadía disputar
aínda con nosoutros! Pero dime,
¿teredes tan sequera algún padre da Igrexa
que sexa comparable a Ario ou ós Eusebios?

O FRADE

¿E vós tedes algún da talla de Atanasio?

O VELLO HEREXE

¿E mártires tedes?

O FRADE

Máis ca vosoutros.

O VELLO HEREXE

Mártires seducidos polo demo
con visións que os conduciron á morte.
Eu dígovos que sodes igual ca Babilonia,
a grande meretriz de que fala San Xoán,
que un día ha de sumir da face do planeta.

O FRADE

Vós sóde-lo Anticristo, o dragón heptacéfalo
de que fala o apóstolo San Xoán,
impostores, falsarios, cómplices do diaño.

O VELLO HEREXE

Ladróns, fornicadores, lambóns, serpes ruíns...

O PATRIARCA

Levádeos, xa perdemos moito tempo.
Pola gloria de Deus, já fogueira con eles!

O VELLO HEREXE

Pola gloria de Deus, dicides ben,
pola gloria de Deus padecemos martirio.
Vós téde-lo poder, obrades á vontade,
mais o ceo xulgará quén foi xusto ou inxusto.
Os vosos días criminais estavos contados,
do noso sangue han nacer outros novos guerreiros,
o ideal segue vivo, e é unha chama que arde
iluminando os séculos.
Vaiamos, meus amigos, cara á morte con gloria.

OS HEREXES (*cantan en coro*)

1. Señor, Señor, ¿por que me abandonaches? ¿Por que non óe-la miña queixa, a miña salvación?
2. Meu Deus, de día imploro e non respondes, de noite clamo e non teño descanso.
3. Pero tan só ti es santo, Señor. (*Salmo XXII, v. I, etc.*).

OS FRADES (*interveñen en coro*)

1. Señor, Señor, combate os que me atacan, gárdame dos que loitan contra min.
2. Empuña arma e escudo, e ven na miña axuda.
3. Empuña a túa lanza, pon trabas no camiño dos meus perseguidores. (*Salmo XXXV, v. I, etc.*).

(*O patriarca e o séquito se afastan. Algúns frades, con folletos nas mans, mestúranse cos cruzados.*)

LUCIFER

¿Por que calas?, responde. ¿Estás horrorizado?
Non debes velo coma unha traxedia,
Considérao comedia e has de rir.

ADÁN

Non fagas burla. Se hai xente disposta
a morrer por un *i* tan decididamente,
¿que diremos entón do sublime e grandioso?

LUCIFER

O sublime e grandioso para uns
para outros tal vez tamén será ridículo.
Un fio simplemente é o que separa
unha cousa da outra, e quen as xulga
é só a simpatía, unha voz no corazón,
un xuíz misterioso que coa súa ironía
pode elevar ós ceos pero pode dar morte.

ADÁN

¿Por que hei de contemplar tanto pecado,
tanta pugna ruín por un fatuo saber
e o veneno mortífero extraído
da flor máis distinguida e luminosa?
Eu coñecín antano esa fermosa flor
nos tempos en que a fe era perseguida,
¿quen foi o criminal que así a corrompeu?

LUCIFER

O criminal que dis é o propio triunfo
e os intereses múltiples que arrastra.
É o perigo o que une e dá forza
e crea novos mártires coma eses herexes.

ADÁN

Eu mesmo deixaría a miña espada
e volvería ó meu país, ó norte,
onde á sombra das florestas virxes
a viril honradez e a pura sinxeleza
resisten ós velenos desta época,
se unha voz interior non me dixese
que é o meu deber redimir estes tempos.

LUCIFER

¡Esfuerzo van! Pois ningún individuo
pode actuar en contra da súa época.
O tempo é coma un río que arrastra ou que afoga,
moito máis poderoso cós homes que nel nadan.
E aqueles homes grandes de quen falan as crónicas
fórono por entenderen o século
e non por forxaren novas ideas.
Non vén o día porque o galo cante,
o galo canta porque vén o día.
Eses que van á morte atados coas cadeas
de mártires, envoltos nos insultos do escarnio,
son eses que contemplan os pasos dos humanos
e entre eles amañece a idea sempre nova.
E perecen por algo que os seus descendentes
han respirar doado, coma o aire das rúas.
Mais abonda con iso. Observa o campamento:
¿que fan agora alí aqueles frades sucios
alzando as súas voces con escuros negocios
con acenos de tolos? Vaiamos escoitalos.

UN FRADE *(entre os cruzados que se apiñan ó seu redor)*

¡Comprade aquí, guerreiros!
¡Comprade a doutrina da penitencia
que vos ha de guiar nas vosas dúbidas!
Diravos cantos anos ha de sufrir no inferno

o asasino, o lascivo, a falsa testemuña
e aqueloutro que anda a roubar nas igrexas.
E diravos que o rico ben pode redimir
con vinte e tantos soldos un ano de condena,
e o pobre só con tres, e aquel que non ten nada
para pagar, redímeos sufrindo no seu coiro
algúns centenaes de golpes de látego.
¡Comprade aquí este libro tan precioso!

OS CRUZADOS

¡Padre, déame un! ¡A nosoutros tamén!

ADÁN

¡Ai, quen vende é ruín e quen compra peor!
¡Empuña a túa espada e dispersa esta feira!

LUCIFER *(sorprendido)*

Desculpa, que ese frade é un vello amigo meu
e eu non che teño nada en contra desas cousas.
A gloria do Señor está de moda,
así que eu vou tamén facer o mesmo.
Unicamente es ti quen vai quedando atrás.

(Eva como Isaura, xunto con Helena, a súa camareira, corren cara a Adán proferindo agudos berros, perseguidas por algúns cruzados que desaparecen axiña).

EVA *(cae sen forzas)*

¡Socorro, meu señor!

ADÁN *(erguéndoa)*

Nobre dama, serénate,
que estás a salvo aquí. Abre os fermosos ollos.
¡Que encantadores son! ¿Que foi o que ocorreu?

HELENA

Estabamos gozando a natureza
entre a umbrosa espesura do xardín,
todas despreocupadas na herba doce
escoitando o cantar do reiseñor,
cando vimos dous ollos faiscantes
de salvaxe paixón detrás do arbusto.
Asustadas, botamos a correr. Tras de nós,
catro cruzados fortes saltaron ampeantes
e pouco lles faltou para alcanzarnos.

ADÁN

Nin sei se debo desexar que acordes
e me deixes tal vez, coma nun soño.
¿Como pode este corpo tan nobre
transmutarse en substancia sublime?

LUCIFER

¿Substancia sublime? Nunca o destino
poderá castigar ó namorado
doutro xeito mellor ca facendo real
todo canto imaxina na súa amada.

ADÁN

Paréceme que te coñezo, que xa algún día
temos estado xuntos onda o trono de Deus.

LUCIFER

Mais non esquezas nunca que o amor
por lindo que resulte para dous,
para un terceiro en cambio non ten gracia ningunha.

ADÁN

¡Xa abre os ollos e sorrí outra vez! ¡Gracias ó ceo!

EVA

Salváchesme, señor. ¿Como hei de agradecercho?

ADÁN

¡A túa propia voz xa é unha recompensa!

LUCIFER (*a Helena*)

Cativo premio é. Mais eu nin iso gaño.

HELENA

¿E a ti debémosche algo?

LUCIFER

¿E logo que pensabas, que o nobre cabaleiro
te salva a ti tamén? ¡Que vaidade!
El só salvou a dama, porque foi o escudeiro
quen de certo salvou a camareira.

HELENA

¿E eu que gañei con iso? De ter que agradecerlo
corro o mesmo perigo que aquel do cal fuxín.
E en calquera dos casos sempre saio perdendo...
Os outros polo menos eran máis agradables.

ADÁN

Nobre señora, ¿onde queres ir? Ordena.

EVA

Aí mesmo. Á porta do convento.

ADÁN

¿O convento? ¿A porta dun convento
non pechará de vez toda esperanza?
Dáme unha prenda para a miña cruz;
así, cando sexa chamado á loita,

lembrarei o meu soño máis fermoso
para non desistir na miña espera,
despois de longos anos, por unha recompensa.

EVA
Toma logo esta fita.

ADÁN
¿Dasme unha fita negra?
Non é loito o que quero; o que pido é esperanza.

EVA
Pois ese é o meu sinal; non teño outro que darche:
non florece a esperanza nun convento.

ADÁN
Nin florece o amor. Mais alí onde ti esteas
non poderá deixar de estar tamén o amor.
Polas roupas coñezo que aínda non es monxa.

EVA
Non me tortures máis coas túas preguntas,
que sufro ó ver medrar a túa tristeza.

LUCIFER (*a Helena*)
¿E ti vaste pechar tamén tras eses muros?

HELENA
Vou; mais seguro que non botarei
a miña chave no fondo do mar.

LUCIFER
¡Que pena! Con ese asunto eu faríache
un fermoso poema.

HELENA
¿Aí si? ¡Que mentireiro!

LUCIFER
¿Por que? ¿Non é fermosa idea descender
ata o fondo dos mares en busca da túa chave?

HELENA
Non pretendo tal cousa.

LUCIFER
Pois eu irei. O monstro
dos abismos afia xa os seus dentes.

HELENA
Non, non marches, non marches, que vou morrer de medo.
Mellor será que deixe a chave na fiestra.

ADÁN (*a Eva*)
Mais dime polo menos cómo debo chamarte
para poder mencionarte nas miñas oracións
cando rece por ti, por ti que non permites
que comparta contigo a dor do teu destino.

EVA
O meu nome é Isaura. ¿E o teu, cabaleiro?
Rezar é máis ben propio dunha monxa.

ADÁN
O meu nome é Tancredo.

EVA
Pois logo adeus, Tancredo.

ADÁN

Isaura, non me deixes tan de présa
se non queres que maldiga ese nome
que pronunciaches só na túa despedida.
Foi un tempo ben curto, mesmo para ser soño.
¿Como o vou prolongar, se ficas no misterio
e non podo bordalo co fío precioso
da túa identidade?

EVA

Pois escoita. Meu pai
foi tamén cabaleiro dos do Santo Sepulcro.
Certa noite, o salvaxe inimigo
abateuse feroz sobre o seu campamento;
meu pai, véndose xa sen ningunha esperanza,
fixo promesa á Virxe María
de consagrarme a ela, sendo eu unha nena,
con tal de regresar ó seu lar san e salvo.
E regresou, e eu selei a promesa
coa hostia consagrada.

ADÁN

¡Miña Virxe Santísima!
E ti, a encarnación do amor máis puro,
¿acceptaches sen máis semellante promesa
sacrílega que pon un selo represor
na luz da túa virtude, transformando
unha gracia do ceo en triste maldición?

HELENA (*a Lucifer*)

¿E a ti non che interesa coñece-lo meu fado?

LUCIFER

Xa o coñezo: amaches e fuches enganada
e volviches amar e amaches enganando,

e amaches novamente, así unha vez e outra
co corazón arreo aberto a máis amores.

HELENA

¡Que raro! ¿Non terás pauto co demo?
Mais non pensei que foses tan modesto para creres
que teño agora mesmo o corazón baleiro.

LUCIFER (*a Adán*)

Señor, de présa, acaba, chega de despedidas,
non vaia ser que obteña un triunfo que non quero.

ADÁN (*a Eva*)

Cada palabra túa. Isaura, é coma un dardo,
adózame cun beixo este veneno.

EVA

¿Que me pides? Xa oíche-lo meu voto.

ADÁN

¿E acaso me prohíbe o teu voto que eu te ame?

EVA

Ti tes sorte, mais eu, ¿que farei para esquecerte?
Xa me vou de contado, ou perderei as forzas.
Adeus, Tancredo, adeus. Verémonos no ceo.

ADÁN

¡Adeus! ¡Sempre hei gardar lembranza deste día!
(*Eva entra no convento*).

HELENA (*á parte*)

¡Que covardes! ¿E eu que vou facer?
(*en voz alta*)
Quedará na fiestra e non no mar a chave.
(*segue a Eva*).

ADÁN (*acordando*)

Vamos logo.

LUCIFER

Agora xa é moi tarde.

Mais cata qué loucura padecedes os homes
que ou téde-la muller como simple instrumento
do instinto animal, borrando coas vosas
rudas mans do seu rostro o finísimo pole
da divina poesía, negándovos de paso
as flores máis graciosas que adornan o amor,
ou tédela por deusa, alzada nos altares,
e por ela sangrades e loitades en van
en tanto van murchando os seus labios estériles.
¿Por que non vedes nela o que é en realidade
para honrárdela así, muller con vida propia?

(Anoiteceu por completo. Sae a lúa. Isaura e Helena debruzadas na ventá).

EVA

¿Con que desexo trémulo me ollaba!
¿Eu vin temer diante de min o heroe!
Mais fe e virtude feminina mandan
que eu morra aquí cal consagrada vítima.

HELENA

¿Que louco é o sexo feminino!
Se consegue romper cos prexuízos
corre atrás do pracer coma unha fera
e perde a dignidade do seu rostro
para enzoufarse na lama do desprezo.
Se non rompe con eles, ten medo da súa sombra
e deixa que os encantos vaian murchando estériles
negándose ó pracer propio e alleo.

¿Por que non opta polo medio termo?
¿Que mal pode encerrar unha aventura
de vez en cando, un encontro discreto,
tenro e tal vez decente? Non se entende,
pois a muller non é unicamente espírito.

EVA

Helena, vai mirar se inda está por aí.
¿Como puido marchar así sen máis demora!
Gustárame oír outra vez a súa voz.

ADÁN (*a Lucifer*)

Mira se a ves, ¿estará na fiestra?
Tal vez agarde a derradeira ollada.
Quixera vela unha vez máis ¿Isaura,
non te incomodes se aínda sigo aquí!

EVA

Mellor para nó-los dous será que marches.
Pode repórse logo o corazón ferido,
mais ferido de novo, doe máis forte.

ADÁN

¿Non tes medo de olla-la noite inmensa
que coma un corazón, de amor latexa
mentres que só para nós o amor está prohibido?
¿Non sénte-lo arrepío de tanto encantamento?

EVA

Si que o sinto tamén, mais como un soño efémero
que baixara do ceo a ilumina-la terra,
tremelando no aire coma se fose música.
Vexo tamén milleiros de sorridentes anxos
beixándose fraternos na espesura,
mais para nós, Tancredo, non din nada.

ADÁN

¿E por que? ¿Porque o impide ese muro?
¿Resistiráseme ese muro a min,
eu que fun vencedor dos pagáns tantas veces?

LUCIFER

Ese muro descansa no espírito da época
e é máis forte ca ti.

ADÁN

¿Como ousas dicir iso!
(Ó fondo préndese unha fogueira).

OS HEREXES (*en coro, ó lonxe*)

21. Señor, libra da espada a miña alma
e a miña vida dos dentes dos cans.
22. Deféndeme das fauces do león,
da acometida dos cornos das feras.
23. Proclamarei o teu nome entre os meus
e en toda reunión hei de enxalzarte. (*Salmo XXII, v. 21–23*)

EVA

¡Apiádate, Señor, da súas almas pecadentas!

ADÁN (*horrorizado*)

¡Que cánticos terribles!

LUCIFER

Pois sónvo-la vosa marcha nupcial.

ADÁN

Tanto ten o que sexa, eu non me arredo.
Por ela hei de enfrontarme a todo e todos.

OS FRADES (*en coro, ó lonxe*)

26. ...e vístanse de infamia e mais de aldraxe
aqueles que se alegran co meu mal.
Que se enchan de vergoña e de ignominia
os que ousen rebelarse contra min.
27. E canten xubilosos e entusiastas
os que se alegran na miña verdade
e digan nos seus cantos: loado sexa
o Señor que quer paz para os seus servos (*Salmo XXXV, v. 26–27*)

(*Co inicio deste coro, Adán, que se aproximara ata a porta do convento, detense. Unha curuxa ouvea na torre. Bruxas a revoar polo ar. Diante da porta, un esqueleto érguese do chan e párase diante de Adán, ameazándoo.*)

EVA (*pechando de golpe a fiestra*)

¡Deus nos asista!

O ESQUELETO

¡Arrédate deste lugar sagrado!

ADÁN

¿Ti quen vés sendo, monstro?

O ESQUELETO

Eu son o que ha de estar
todo o tempo presente nos teus beixos e abrazos.

AS BRUXAS (*rindo ás gargalladas*)

¡Sementeira doce, colleita amarga!
¡O ovo da pomba tiña unha cobra!
¡É a ti a quen chamamos, Isaura!

ADÁN

¡Espantosas figuras!
¿Cambiaastes vós ou fun eu quen cambiou?

Coñecinvos sorridentes. E agora...
¿Onde está a realidade e onde o soño?
O voso encantamento paralizoume o brazo.

LUCIFER

Velaquí que topei coa mellor das compañías,
a sorte que agardaba desde hai xa ben tempo:
un digno enxamio de bruxas coma estas
que en lasciva insolencia, como é de esperar,
superan con vantaxe a calquera ninfa espida.
E estoutra vella amiga, a aterradora morte,
que con remedios de austeridade
se fai detestable ós fillos da terra.
¡Saúdvos! É mágoa que non teña máis tempo
para ter unha conversa convosco nesta noite.
(As visións desaparecen).
¡Veña, Tancredo! Que a túa namorada
xa pechou a fiestra. Non podemos seguir
ó frío deste noite a menos que queiramos
apañar un severo constipado.
E Helena virá axiña, ¿e eu que fago?
¿Onde se viu xamais un demo namorado?
Quedaría por sempre en ridículo eterno
e ademais perdería tódolos meus poderes.
Non é raro que o home, que ten a alma ardente,
languidez coas ansias do amor e só obteña
tormento e amarguras, se nin sequera o demo
de alma de xeo se libra das chamadas da paixón.

ADÁN

¡Lévame, Lucifer, para outra vida!
Eu loitei pola santa doutrina e soamente
encontrei mesquindade e maldición,
e homes matando o Home en nome do Señor.
Non puido caer máis baixo a vileza do meu soño.

Eu quixen sublimar os praceres da vida
e foron sinalados co selo do pecado.
Apelei á virtude dos nobres cabaleiros
e fun acoitelado. ¡Eu quero un novo mundo!
Xa demostrei bastante a miña valentía,
pois souben combater e souben renunciar
e podo sen vergoña abandonalo posto.
Xa nada me entusiasma, que xire o universo
como queixa xirar, que non é cousa miña
pretender amañalo. Indiferente,
limitareime a velo andar cambaleante...
Eu estou esgotado, só quero descansar.

LUCIFER

Entón descansa. Mais non podo crer
que o teu espírito forte e inquieto
te deixe descansar. Ven, Adán, ven comigo.

CADRO OITAVO

(En Praga. Xardín do palacio imperial. Á dereita, un cuberto; á esquerda un observatorio astronómico, diante unha terraza ampla co escritorio de Kepler, unha cadeira e instrumentos de astronomía. Lucifer como fámulo de Kepler na terraza. No xardín, damas e cortesáns pasean en grupos. Entre eles Eva, como Bárbara, esposa de Kepler. Adán, como Kepler, conversa co emperador Rodolfo. Ó fondo unha fogueira onde arde un herexe. É a tardiña; despois a noite. Dous cortesáns chegan ó proscenio).

CORTESÁN PRIMEIRO

¿A quen están queimando nese lume?
¿Un herexe ou unha bruxa?

CORTESÁN SEGUNDO

Non sei.

Iso pasou de moda e xa non me interesa,
unicamente a plebe se achega onda a fogueira,
pero xa sen o alegre entusiasmo de antano
e só observa calada, rosmando polo baixo.

CORTESÁN PRIMEIRO

No meu tempo a fogueira era auténtica festa
e viña a corte toda e toda a aristocracia.
¡Ai!, así dexeneran as épocas felices.
(Pasan).

LUCIFER

No frescor da tardiña agradécense os lumes.
É certo que xa hai tempo que me quento
con eles, mais receo que axiña han de apagarse.
E non pola vontade dalgunha decisión
ou por teren mudado as opinións xerais,

mais porque nestes tempos de pura indiferencia
xa ninguén quere pór máis leña na fogueira.
E eu a pasar frío. Sempre as ideas grandes
teñen ó cabo un final ben mesquiño.
(Entra no observatorio).
(Rodolfo e Adán veñen ó proscenio).

RODOLFO

Kepler, vasmе compo-lo meu horóscopo,
pois tiven esta noite un pesadelo e quero
sabe-las conxuncións da miña estrela.
Hai días un sinal de mal agoiro
asomaba na Cabeza da Serpe.

ADÁN

Comporeino, señor, ás túas ordes.

RODOLFO

Se pasan estes días climatéricos
volveremos seguir coa grande obra
que da última vez non rematamos.
De novo repasei todo Hermes Trismexisto,
Sinesio, Paracelso, Alberto Magno e mais
a Clavícula de Salomón e outros traballos
ata ver onde foi que nós erramos.
Cando quentabámo-lo rei ancián
apareceu o corvo e mailo león vermello,
e despois, por influxo dos planetas
xurdiu o dobre azougue e a piques estivemos
de obtérmo-la pedra filosofal.
Mais erramos na dose precisa de lume húmido
e de auga seca, e por iso frustramos
as nupcias milagrosas e o seu glorioso efecto
que torna a mocidade para as veas do vello
e o mineral cinto en precioso metal.

ADÁN

Así é, maxestade.

RODOLFO

E outra cousa máis.

Circulan pola corte rumores que comentan
que seica te adheriches a esas novas doutrinas
que contradín os dogmas da Santa Madre Igrexa.
E agora que prenderon a túa nai
con grave acusación de bruxería
sospeitan todos que andas procurando
con obstinada teimosía o xeito
de poder liberala da prisión en que se acha.

ADÁN

É que son o seu fillo, maxestade.

RODOLFO

¡A verdadeira nai é a Santa Igrexa!
E deixa estar o mundo, está ben como está,
non queiras amañalo coma un paraugueiro.
¿E non te colmei eu cos meus favores?
Era o teu pai un simple taberneiro,
alcei a túa nobreza por riba de sospeitas
e non vaias pensar que foi cousa doada.
E tróuxente onda o trono, e así foi que gañaches
a man da fermosa Bárbara Müller.
E volvo repetircho: has de andar con coidado. *(Sae).*

*(Sumíndose nos seus pensamentos, Adán detense nos chanzos da
terraza. Dous cortesáns chegan ata o proscenio).*

CORTESÁN TERCEIRO

Velai está o astrónomo: sempre a reflexionar.

CORTESÁN CUARTO

O coitado padece a tortura dos ciúmes.
E non pode adaptarse ó novo medio:
nunca foi nin será máis ca un labrego.

CORTESÁN TERCEIRO

Non concibe que o auténtico fidalgo
que adora na muller a divindade,
verquería por ela ata o seu sangue
se a calumnia embazase a súa virtude.
E olla con receo as nosas cortesías.

*EVA (como Bárbara, acompañada doutro grupo, únese entre risas
ós dous cortesáns e bate co seu abano no ombro do cortesán
segundo).*

¡Para, para, por Deus, non sigas, cabaleiro,
que vou morrer de risa coas túas ocorrencias!
Mira eses dous señores, mira o serios que están.
¿Será que predeu neles ese novo
espírito da reforma? Nese caso,
¡fóra da miña vista! Non aturo
esa xente biliosa e de tristes ideas
que envexa o resplandor do noso mundo
e quere transformalo noutro mundo sombrío.

CORTESÁN TERCEIRO

Bela dama, e iso ¿que ten que ver connosco?
¿Quen quere cambiar qué no mundo en que vivimos?

CORTESÁN PRIMEIRO

Se non me engano, penso que ha ser aquel home
quen leva no seu rostro sospeitosos sinais.

EVA

¿Meu marido? ¡Por compaixón, señores!
E na miña presenza non se fala mal del,

a quen estou ligada co nó do matrimonio
santo. E el está enfermo, moi enfermo.

CORTESÁN SEGUNDO

¿Enfermo pola luz deses ollos brillantes?

CORTESÁN TERCEIRO

Oféndete coas súas sospeitas receosas,
con ciúmes que ningún outro home ousaría.
Se me deses licencia de ser teu cabaleiro,
botaríalle á cara a miña luva.
(Mentres tanto chegan ata Adán).
Ai, meu mestre, que sorte que te encontro,
pois marcho para o meu lugar e desexaba
que me fixeses un prognóstico do tempo.

CORTESÁN PRIMEIRO

E eu quixera sabe-la estrela do meu fillo
que naceu onte mesmo, á media noite.

ADÁN

Mañá tereivos feitas ámbalas dúas cousas.

CORTESÁN CUARTO

A xente vai marchando. Vaiamos nós tamén.

CORTESÁN TERCEIRO

Por aquí, por favor. Boa noite, señora.
(en voz baixa)
Vémonos nunha hora.

EVA *(en voz baixa)*

No cuberto.

(en voz alta)

Boa noite, señores. Ola, querido Xoán.

*(Saen todos. Adán e Eva soben á terraza. Adán senta nunha butaca.
Eva diante del. Pouco a pouco vai escurecendo).*

EVA

Escoita, Xoán, fanme falta máis cartos.

ADÁN

Non teño nin un can; ti leváchesmo todo.

EVA

¿E logo hei de sufrir necesidade sempre?
Outras damas da corte brillan coma pavóns
e morro coa vergoña cando ando entre elas.
E se por un acaso calquera cortesán
se inclina cara a min tal vez para dicirme
que eu son a raíña de entre todas elas,
sinto vergoña por ti que permites
que a túa raíña vaia tan mal vestida.

ADÁN

¿E logo non me esforzo eu por ti día e noite
por veces traizoando o meu saber e a ciencia,
rebaixándome a facer vaticinios
do tempo e horóscopos inútiles?
Gardo en segredo todo o que coñezo
e en público profeso o que teño por falso.
Sinto rubor de me ver deste xeito,
peor ca unha sibila; as sibilas, polo menos
crían nos seus agoiros, e eu non creo.
Mais sígoo facendo para compracerte,
¿e de que me serve actuar tan mal?
Eu non preciso nada deste mundo,
abóndame coa noite e os seus astros brillantes
e a secreta harmonía das esferas. O resto é teu.
Mais qué lle vou facer eu se o tesouro

do emperador está case sempre baleiro
e por máis que reclame moi raramente pagan.
O que vou gañar mañá xa é teu hoxe
e dóiome de ve-la túa ingratidade.

EVA (*chorando*)

Recrimínasme así porque te sacrificas,
¿e non foi sacrificio logo o meu?
Eu, que era filla de casa fidalga,
atei o meu futuro ó teu título incerto,
e non podes negar que só por min chegaches
a mellor sociedade. Ti si que es un ingrato.

ADÁN

¿O saber e o xenio son títulos incertos?
¿Cres que é de baixa orixe o luminoso raio
que chegou dende o ceo a iluminarme a fronte?
¿Existe outra nobreza fóra desa?
Usades ese nome para unha ruín andrómena
caduca, decadente e desalmada.
Pero a miña nobreza
é nova e vigorosa eternamente.
Muller miña, se deses entendido,
se tiveses unha alma semellante da miña,
tal como imaxinei cando o primeiro beixo,
sei que te sentirías orgullosa de min
sen buscar nada alén do que eu poida darche.
Non levarías toda a túa dozura
para o mundo de aí fóra, gardando soamente
no interior do fogar as amarguras.
¡Muller, muller, ameite con amor infinito!
Aínda sigo amándote, mais agora acedou
o mel que era tan doce daquela no meu peito.
E dóeme pensar que poderías ser nobre
se foses simplemente ti, muller,

107

mais fuches degradada polo fado
que transforma a muller nun ídolo divino,
coma no tempo da cabalería.
Daquela crían nela, e aquel foi un gran tempo.
Mais hoxe ninguén cre, son os tempos cativos,
e por dentro do ídolo só se esconde o pecado.
Quixera separarme para sempre de ti,
por máis que me doese; tal vez así estaría
máis tranquilo e feliz. E ti tamén sen min.
Pero hai unha orde establecida,
a lei, a autoridade, a voz da igrexa,
e debemos sufrir unidos ata a morte.
(*Esconde a cabeza entre as mans. Eva, conmovida, acaríñao*).

EVA

¡Ai, meu Xoán, non te me poñas tan tráxico!
Non quero verte triste coas palabras
que sen querer pronuncio algunhas veces,
mais xa sabes que a corte é requintada,
e as damas son mordaces e orgullosas.
¿Como ía eu poder enfrontarme a elas?
O enfado xa pasou, ¿non? Boa noite.
E mañá non te esquezas do diñeiro.
(*Baixa as escaleiras que levan ó xardín*).

ADÁN

¡Que mestura admirable de maldade
e nobreza a muller! Veneno e mel.
Mais ¿como nos atrae? Porque é boa,
O seu mal é do tempo en que naceu.
¡Ei, fámulo!
(*Vén Lucifer cunha lámpada e pona sobre a mesa*).

LUCIFER

¡Ás túas ordes, mestre!

108

ADÁN

Necesito que fagas un prognóstico
do tempo e unha carta astral axiña.

LUCIFER

Favorables e bos, naturalmente.
¿Quen ía pagar por verdades adversas?

ADÁN

Mais procurando que resulten cribles.

LUCIFER

Xa verei de inventar algunha cousa
que non escandalice ós seus parentes,
pois non vai ser Mesías todo neno:
un astro luminoso para a familia
en tanto non madura e se corrompe.
(Escribe).

*(Mentres tanto Eva chega ata o cuberto, onde a espera o cortesán
terceiro).*

CORTESÁN TERCEIRO

¡Muller cruel, moito me fixeches esperar!

EVA

Se cadra para ti é moito sacrificio
agardares un pouco ó fresquiño da noite
mentres eu enganaba un honesto marido
poñendo contra min a ira do ceo
e o xuízo do mundo, só por ti, cabaleiro.

CORTESÁN TERCEIRO

Nin a ira do ceo nin o xuízo do mundo
poderán descubriarnos neste lugar escuro.

ADÁN *(meditando)*

Desexei unha época sen loitas
onde ninguén nin nada pertubase
a paz e a orde social, os prexuízos
sagrados que permiten o descanso
e cun sorriso calmo irmos deixando
estiña-las feridas das batallas.
E ese tempo chegou, pero de qué me vale
se no meu peito a alma padece a santa herdanza
que os homes ignaros reciben do ceo
e desexa actuar, rexeita a branda calma
e entrégase ó combate con gozosa preguiza.
¡Ei, fámulo! Trae viño, que empezo a estar tremendo;
é xélido este mundo e temos que quentalo.
Nunha época así o que cómpre é exaltarse
para poder fuxir dese po que embrutece.
(Lucifer trae viño. Adán seguirá bebendo ata o final do cadro).
Firmamento infinito, descubre para min
o teu libro sagrado e misterioso.
Se de vagar desvelo as túas leis
esquézome da época e do ambiente,
eles son ben efémeros, pero ti es eterno.
Se a época me afoga, en ti me exalto.

CORTESÁN TERCEIRO

¡Oh, Bárbara, Bárbara, se puideses ser miña!
Oxalá Deus levase de vez o teu marido
para o ceo, onde ía comprender
aquilo polo cal consumiu a súa vida.

EVA

¡Cala, non digas iso! Tería tanta pena
que entre as bágoas non ía poder darche os meus beixos.

CORTESÁN TERCEIRO

Ti non falas en serio.

EVA

O que digo é verdade.

CORTESÁN TERCEIRO

¿Quen pode comprender esta ánima enigmática?

Bárbara, se é así, entón ti non me amas.

E se eu fose un pobre ou exiliado,

¿que serías capaz de faceres por min?

EVA

Neste momento non podo sabelo.

ADÁN

¿Chegará algunha vez o tempo que disolva

esta fría apatía, que olle cunha nova

enerxía nos ollos tanta cousa caduca

e cal un novo xuíz dea premio e castigo?

(Érguese e vai cambaleando cara á marxe da terraza).

E que non retroceda nos pasos importantes,

e non tema dici-las palabras ocultas

por máis que iso desate unha grande avalancha

que avanzará xigante no seu fatal camiño

arrastrando tal vez a quen as pronunciou?

(Óese a melodía da Marsellesa).

¡Ai, xa sinto os cantos do futuro

atopei a palabra, o exacto talismán

que ha rexuvenece-la vella terra.

CADRO NOVENO

(A escena múdase de repente á praza de Grève, en París. A terraza transfórtese nun estrado, o escritorio nunha guillotina e á beira dela Lucifer como verdugo. Adán como Danton, ó pé do cadafalso, pronunciando un discurso ante a multitude ruidosa. Ó son de tambores aparece unha tropa farrapenta de recrutas e dispónse en formación cara ó estrado. Pleno día).

ADÁN *(continuando)*

¡Liberdade, igualdade e fraternidade!

A MULTITUDE

¡Morra, morra quen non as recoñeza!

ADÁN

Con só dúas frases habemos salvar

a idea que combaten desde tantas esquinas.

A primeira dicímola para a xente de ben:

“¡A patria está en perigo!”, e dese xeito espertan.

A segunda berrámola en contra dos ruíns;

e é “¡Tremede!”, e dese xeito foxen.

Levantáronse contra nós os reis,

guindámoslle-la cabeza do noso;

levantáronse os frades e tirámoslles

das súas mans os raios, repoñendo

no seu trono a razón, a perseguida.

E a outra, a primeira das frases,

tampouco non foi pronunciada en van:

once exércitos loitan nas fronteiras

E aflúen sen cesar mozos valentes

a ocuparen o sitio dos heroes caídos.

¿Quen di que esta é unha cruel loucura

que acabará decimando a nación?

Cando ferve o mineral, as escouras
pérdense, pero queda o metal puro.
Qué importa que nos chamen sanguinarios
e que digan de nós que somos monstros:
Qué máis ten que maldigan o meu nome
cando a patria se fai máis grande e libre

OS RECRUTAS

¡Ás armas! ¡Queremos armas e un xefe!

ADÁN

¡Formidable! Vós só pedides armas
cando vos cómpren tantas outras cousas,
pois andades descalzos e vestides farrapos,
mais coas armas na man teredes todo,
xa que a victoria é vosa. O pobo é invencible.
Aquí mesmo morreu un xeneral
que estando á fronte dos nosos soldados
se deixou derrotar.

A MULTITUDE

¡Que traidor! ¡Que traidor!

ADÁN

¡Exacto! Pois o pobo non ten outro tesouro
có seu sangue, que ofrece
tan xenerosamente pola patria.
E quen dispón do sacro tesouro do seu pobo
e non é quen de conquista-lo mundo,
¡ese é un traidor!
(De entre os recrutas adiantase un oficial).

O OFICIAL

Ponme a min, cidadán, no seu lugar;
¡coa victoria hei lavar esa vergoña!

ADÁN

Certamente laudable esa seguridade,
mais antes que así sexa
tes que pasa-la proba dos campos de batalla.

O OFICIAL

A proba reside na miña alma.
E ademais tamén teño esta cabeza
que hai valer máis ca esa aí decapitada.

ADÁN

¿E quen garante que a traerás se a pido?

O OFICIAL

¿Precisas un aval mellor ca min mesmo,
para quen a vida non ten valor ningún?

ADÁN

Non pensa a mocidade dese xeito.

O OFICIAL

¡Concédeme o que pido, cidadán!

ADÁN

Ten paciencia. Todo quere o seu tempo.

O OFICIAL

Non confías en min. Pois logo mira:
¡para que teñas mellor opinión!
(Dispárase un tiro na cabeza e cae).

ADÁN

¡Malpocado oficial! Merecía unha bala
inimiga. Levádeo de aquí, amigos.
¡Vémonos logo, despois da victoria!
(A tropa dos recrutas retírase).

¡Quixera comparti-la vosa sorte!
Mais a min correspóndeme unha loita sen glória,
sen o honor de morrer diante do inimigo,
só o escuro combate de impedir que prosperen
celadas contra min ou contra a patria.

A MULTITUDE

¡Di o nome dos traidores e darémoslles morte!

ADÁN

Os que podo dicir xa pereceron.

A MULTITUDE

¿Non hai máis sospeitosos? Porque eles
serán tamén culpables, acusounos
o instinto do pobo, que non erra.
¡Morte, morte ós aristócratas! ¡Vamos
correndo ata as prisións e fagamos xustiza,
a sacrosanta xustiza do pobo!
(A multitude marcha cara ás prisións).

ADÁN

Non está alí o perigo. As pechaduras
son fortes, e o aire pútrido que mata
carnes e mentes é o voso aliado.
Onde a traizón impune se está a burlar de nós
e afía o seus puñais évos na Convención.

A MULTITUDE

¡Pois logo á Convención! ¡Hai que purificala!
Ou se non... mellor, logo. Á Convención máis tarde
e primeiro á prisión, a facer exercicio.
Mentres tanto, ti anota os nomes dos traidores,
Danton.

(A multitude marcha proferindo ameazas. Entre tanto, algúns sans-culotte conducen a un marqués mozo e á súa irmá, que é Eva, ata o pé do estrado).

UN SANS-CULOTTE

Aquí traemos
outros dous aristócratas.
O seu ollar altivo e a fina vestimenta
son probas evidentes dos seus crimes.

ADÁN

¡Ai, que nobre parella! Achegádevos, mozos.

O SANS-CULOTTE

E nós imos cos nosos compañeiros,
que hai moito que facer: darnos morte ós traidores.

(Os sans-culottes marchan coa multitude. Os mozos aristócratas soben ó estrado. Arredor do estrado quedan só algúns gardas).

ADÁN

Xa que sinto por vós estraña simpatía
vou procurar salvarvos mesmo arriscando a vida.

O MARQUÉS

Non, Danton. Se cres que somos culpables,
perdoándonos fas traizón á patria.
Pero se non o somos, escúsase o perdón.

ADÁN

¿Quen es ti, que falas dese xeito con Danton?

O MARQUÉS

Pois eu sonche un marqués.

ADÁN

Alto aí, ¿ou non sabes
que excepto “cidadán” non existen máis títulos?

O MARQUÉS

¿Non existen máis títulos? Aínda non oín
que o rei os abolise.

ADÁN

Non sigas, infeliz,
que a guillotina axexa.
Entra na nosa tropa, así farás carreira.

O MARQUÉS

Sen licencia do rei non podo, cidadán,
ingresar nun exército alleo.

ADÁN

Pois entón morrerás.

O MARQUÉS

Serei un caso máis
dos da miña liñaxe a morrer polo rei.

ADÁN

¿Por que corres tan cegamente á morte?

O MARQUES

¿Pensabas que ese nobre privilexio
era exclusiva vosa, dos plebeos?

ADÁN

¿Desafíame? Ben. A ver quén é máis forte.
Heite salvar aínda que non queiras.
Un futuro máis calmo, onde non arda

a cacharela do ardor partidario,
saberá agradecerme este carácter.
¡Gardas! ¡Á miña casa con el! ¡Por el respondo!
(*Algúns gardas armados escoltan o marqués*).

EVA

¡Ánimo, meu irmán!

O MARQUÉS

¡Deus te protexa, irmá! (*Sae*).

EVA

¡Esta cabeza vale igual cá de Roland!

ADÁN

¡Para uns labios tan doces son palabras ben duras!

EVA

As palabras que cómpren ó pe do cadafalso.

ADÁN

Este terrible estrado é o meu mundo.
Ó chegares ti aquí, baixou o ceo do alto
para envolverte no seu santuario.

EVA

Ós sacerdotes nunca lles deu por facer burla
da vítima entregada en sacrificio.

ADÁN

A vítima, has de crerme, son eu mesmo.
E por máis que me envexan o poder,
sen alegría, desprezando a vida
e maila morte, desde o trono vexo
caeren un tras outro tódolos compañeiros

agardando que chegue a miña vez.
Rodeado de sangue só sinto soidade
e penso no fermoso que debe se-lo amor.
Muller, se me ensinases, así fose un só día,
esa ciencia celeste, sei que ó día seguinte
con ánimo tranquilo podería morrer.

EVA

¿Neste mundo terrible ti desexas amar?
¿Non tes remordementos de conciencia?

ADÁN

A conciencia é exclusiva dos cidadáns comúns.
Mais aqueles que son levados do destino
non dispoñen de tempo para mirar ó redor.
¿Algunha vez oíches que cesase a tormenta
por causa dunha rosa que se curva?
¿E quen, por outra banda, tería a ousadía
de pretender xulgar a un home público?
¿Quen ve os fíos que sobre o escenario
moven a Brutus ou a Catilina?
¿Ou acaso pensabas que ó gaña-la fama
os homes deixaban de selo de vez
para se converteren en entes sobrehumanos
para quen as pequenas preocupacións cotiás
e os problemas miúdos a penas interesan?
Pois non o creas: ata o mesmo trono
ten o seu corazón. Se César tivo amante,
acaso o coñeceu unicamente
como un bo rapaz, e nunca imaxinou
que a terra enteira tremía ante el.
E se iso é así, ¿por que non has de amarme?
¿Non es ti unha muller, e eu non son un home?
Dise que os corazóns odian ou aman
desde o momento en que chegan ó mundo;

sinto o meu corazón afín ó teu:
e ti, muller, ¿non sentes esa mesma chamada?

EVA

¿E se a sentise de que serviría?
O teu Deus é distinto do que eu levo na alma
e nunca poderemos entendernos.

ADÁN

Abandona esas crenzas anticuadas;
¿por que dar culto a deuses proscritos?
Á muller correspóndelle un altar
eternamente mozo, que é o corazón.

EVA

O altar abandonado pode ter
tamén os seus mártires. Danton, é máis solemne
preserva-las ruínas con piedade
que sauda-la nova potestade,
e esa é unha función que compete á muller.

ADÁN

Non son sentimental, pero se visen
agora o inimigo ou un amigo
que aquel que esporeado do destino
limpou o mundo coma unha tormenta
está agora no estrado, implorando o amor
dunha moza con lágrimas nos ollos,
rirían predicindo a caída de Danton
e endexamais ninguén o temería.
Con todo, pido un raio de esperanza.

EVA

Tal vez unicamente no outro mundo,
xa limpa túa alma do sangue
destes tempos...

ADÁN

Cala, cala, rapaza;
eu non creo que exista ese outro mundo.
Loito sen esperanza contra o fado.

(A multitude regresa vociferante e coas armas ensanguentadas na man. Nas puntas dalgunhas lanzas, cabezas espetadas. Un grupo sobe ata o cadafalso).

A MULTITUDE

Xa fixemos xustiza. ¡Que xente tan altiva!

UN SANS-CULOTTE *(entregando un anel a Danton)*

Velaquí un anel para a causa patriótica.
Colocoumo na man un daqueles infames
cando viu que lle puña o coitelo ó pescozo.
¡Tómannos por ladróns!
¿E esta aínda está aquí? ¡Vaite cos teus irmáns!
(Apuñala a Eva, que cae detrás do estrado).

ADÁN *(cubriendo os ollos)*

¡Ah! ¡Isto é o final! ¿Quen pode co destino?

A MULTITUDE

¡Agora, á Convención! Guíanos, cidadán.
¿E tes xa preparada a lista dos traidores?

(O pobo baixa do estrado. Eva, como unha muller farrapenta, sae furiosa de entre a multitude e corre cara a Danton cun coitelo nunha man e na outra unha cabeza ensanguentada).

EVA

Mira, Danton, este conspirador
pretendía matarte mais eu mateino a el.

ADÁN

Se valía máis ca min fixeches mal,
pero se non, obraches con xustiza.

EVA

Eu sei que fixen ben, e agora quero o premio:
grande home, pasa a noite comigo.

ADÁN

¿Pode albergar afectos ese peito?
¿Que sentimentos tenros terá unha tigresa?

EVA

Parece, cidadán, que ó cabo ti tamén
te volviches un nobre deses de sangue azul
ou son só desvaríos causados polo tifo.
Ti es un home, e eu son unha muller
nova que sente admiración por ti.

ADÁN *(á parte)*

Sinto arrepíos, non podo mirar,
non podo soportar esta visión horrible:
¡Que asombroso parecido entre elas!
Quen coñeceu o anxo e o viu logo despois
da caída, viu algo semellante.
As mesmas faccións, a figura, a fala,
e todo, todo igual, a non ser unha cousa
minúscula e a penas describable
que as torna tan distintas unha a outra
envolvendo a aquela no seu halo.
Nesta, en cambio, molesta o seu vapor de inferno.

EVA

¿Que andas a rosmar?

ADÁN

Muller, estou contando,
e chego a conclusión de que non teño tantas
noites cantos traidores ten a patria.

A MULTITUDE

¡Imos á Convención! ¡E dáno-los seus nomes!

(Mentres tanto, veñen Robespierre, Saint-Just e outros membros da Convención acompañados doutra multitude e soben a un estrado improvisado).

SAINT-JUST

¿Como vos vai dar nomes se el é cómplices deles?
(O pobo murmura).

ADÁN

¿Atrévete a acusarme, Saint-Just?, ¿é que non sabes
qué forza teño eu?

SAINT-JUST

¿Que tes? ¡Dirás tiveches!
Tiveches entre o pobo. Mais o pobo é moi sabio,
coñeceute e agora censura as túas ordes.

ADÁN

Non recoñezo outro xuíz máis có pobo,
e o pobo, si, o pobo é meu amigo.
(O pobo murmura de novo).

SAINT-JUST

Quen son amigos teus son os traidores,
ó pobo soberano non lle gustas.
E na súa presenza impútoche a traizón
de andares traficando co que son bens do estado,

de terlle simpatía ós aristócratas,
de seres un nostálxico da vella tiranía.

ADÁN

Olo, Saint-Just, escoita como esmago
eses teus falsos cargos que me imputas.

ROBESPIERRE

¡Non deixalo falar!
¡Ten lingua esvaradía coma as serpes!
¡Todos a el en nome da nosa liberdade!

A MULTITUDE

¡Que cale dunha vez! ¡Que morra!
(Rodéano e captúranos).

ADÁN

Non queredes oírme. Tampouco eu quero oír
acusación tan vil. Sei que ningún de nós
vai convencer ó outro soamente con palabras.
Nin sequera con actos. Robespierre
tomáchesme a dianteira simplemente,
e con iso xa abonda para eu depor as armas.
Mais non te gabes diso, convídote a seguirme
en cousa de tres meses. E agora, verdugo,
procura ter destreza: vas a matar un xigante.
(Pon a cabeza baixo a guillotina).

CADRO DÉCIMO

(O escenario volve ser de súpeto o do cadro oitavo. Adán de novo como Kepler, coa cabeza inclinada sobre a mesa. Lucifer, como fámulo seu, está de pé ó seu lado e ponlle a man no ombreiro. Amañece).

LUCIFER

Esta vez a degolación non ten lugar.

ADÁN *(erguéndose)*

¡Ei! ¿Onde estou? ¿Onde van os meus sonhos?

LUCIFER

Voaron. Voaron coa embriaguez, mestre.

ADÁN

Nesta época vil para o peito avellentado,
¿tan só pola embriaguez se crean cousas grandes?
¡Que cadro se me ofrece ante os meus ollos!
É cego quen non ve a chispa divina
por máis que manchada de lama e de sangue.
Era grande a súa culpa e grande a súa virtude,
tanto unha coma outra igualmente admirables,
senaladas cos estigmas da forza.
¡Ai, por que espertaría!, ¿para ver ó redor
toda a futilidade desta época,
cos seus crimes ocultos tras amables sorrisos
e a hipócrita virtude dos costumes?

LUCIFER

Eu coñezo ben ese abatemento
das mañás que suceden ás noites de embriaguez.

EVA *(saíndo do cuberto)*

¡Vaite de aquí! Non me enganaba o instinto:
¡pretendes inducirme a mata-lo meu home!
¡Dis que me tes, mentindo, polo teu ideal,
ti, que me cres capaz dun acto tan infame!

O CORTESÁN

Cala, por Deus, querida, se te escoitan
podería montarse un grave escándalo.

ADÁN

E as dúas mulleres ¿eran soño tamén?
Ou sexa: era unha mesma pero en dúas figuras,
mudando ó son das ondas do meu propio destino,
unhas veces brillantes, outras veces escuras.

EVA

¡A ti o que che importa é o escándalo,
que lle pode importar un crime oculto
ó perfecto varón irreprochable!
¡Ai, da muller mofádesvos ata lograr que deixe
a vella tradición da virtude sen mancha
coma se fose un prexuízo, e logo
mirádela cun sorriso de desprezo,
como o instrumento vil do voso crime!
Vaite, vaite, non quero verte máis.

O CORTESÁN

Outra vez esaxeras. Vanse mofar de nós
por pintar de traxedia un caso tan banal
coma este. Seguiremos a vernos
coma antes, sorrindo e parolando
e nin unha palabra sobre isto que pasou.
Bos días, miña dama. *(Sae)*.

EVA

¡Miserable!

E eu quedo aquí coas miñas bágoas e a miña culpa. *(Sae)*.

ADÁN

Entón foi todo un soño e acabou.

Pero non por completo. As ideas

impóñense á materia. Esta pode vencela

a forza, mais aquelas han de ter vida eterna.

E eu xa vexo avanza-la miña idea

sempre con máis pureza e dignidade

ata acabar enchendo pouquiño a pouco o mundo.

LUCIFER

O día pasa, mestre, has de impartir-la clase.

A inquieta mocidade está á espera

de aprender algo máis do teu saber.

(Toca a campaiña instalada no observatorio).

ADÁN

Non te burles de min co meu saber,

porque sinto rubor se me eloxian por iso.

LUCIFER

¿E logo non ensinas a mozos eminentes?

ADÁN

Non lles ensino nada, o que fago é adestralos

con palabras escuras que a penas comprenden

e animo a súa razón a emprender un proxecto.

O ignorante contémplos e coida

que con palabras convocamos espíritos.

Mais son tan só artimañas para o ocultamento,

disfrazando as embustes con xogos de mans.

(Un discípulo vén con pasos rápidos e sobe á terraza).

DISCÍPULO

Es xeneroso, mestre, convidándome

a saciar esta ansia de saber

e deixarme chegar ata o fondo das cousas,

máis alá de onde chegan os demais.

ADÁN

É certo, a túa ansia é tan intensa

que con razón mereces privilexio no trato.

DISCÍPULO

Aquí me tes disposto, tremendo a miña alma

por coñecer os signos de toda a natureza,

sentir que se desvelan os últimos segredos

e dominar ó cabo, con superioridade

tódalas leis que rexen a materia e o espírito.

ADÁN

É moito o que pretendes, migalla do universo,

esperando entender completamente todo.

Deséxa-lo dominio, o pracer e o saber.

Se o teu peito puidese aturar tanto peso

e lograrse alcanzalo, serías como Deus.

Aspira a algo menos, e tal vez o consigas.

DISCÍPULO

Descíframe calquera segredo do saber,

home grande, porque eu hei de saír gañando,

xa que arestora sinto que non comprendo nada.

ADÁN

Moi ben, pois recoñezo que tes merecementos

para seres levado ó secreto santuario,

has de ve-la verdade tal cal como eu a vexo.

Coida que non nos sinta ningún non iniciado,

a verdade é terrible e sería mortal
se chegase ata o pobo no tempo en que vivimos.
Mais ha chega-lo tempo, ¡xa podía ser hoxe!,
en que se fale dela sen problema nas rúas,
cando o pobo por fin estea maduro.
Prométeme que non irás revelar nada
do que che diga. Ben. Agora escoita.

DISCÍPULO

Si, xa tremo co medo e a ansiedade.

ADÁN

¿Lembras que dixeches antes, meu fillo?

DISCÍPULO

Pois que en última instancia non comprendía nada.

ADÁN (*falando con prudencia*)

Eu tampouco comprendo, nin eu nin ningún outro.
Pois a filosofía é tan só a poesía
do que non comprendemos cabalmente.
É a máis inofensiva entre tódalas ciencias,
xa que tranquilamente se divirte ela soa
no seu propio universo de inocuas fantasías.
Pero ten compañeiras que debuxan na area
con toda a seriedade certos signos que afirman
que unha simple recta é todo un remuíño,
e un círculo, santuario. E dáche a risa
de veres tal comedia, mais comprendes
que todo iso ó cabo é unha burla moi seria,
pois dese xeito todos, co seu peito angustiadao,
temerosos evitan os debuxos na area
polas supostas trampas terribles onde cae
ensanguentado o audaz que queira traspasalas.
Pero esas parvadas que sempre se interpoñen

no teu camiño teñen por misión defenderen
cunha santa piedade a orde establecida

DISCÍPULO

¡Xa comprendo! ¿E sempre ha ser así?

ADÁN

Un día dará risa todo isto.
O estadista que hoxe vemos grande,
o ortodoxo que todos atopan admirable,
o futuro veraos igual ca comediantes
cando nos seus lugares estea xa a grandeza
verdadeira, a simple e natural,
que salta cal cabalo cando hai foxos
mais ignora os camiños cando hai espacio aberto.
E as doutrinas que agora te enlouquecen
de complexas que son, nos tempos novos
todos has de entendelas sen precisar estudio.

DISCÍPULO

Esa linguaxe túa é sen dúbida aquela
linguaxe comprensible que usaron os apóstolos.
Mais aínda que todo o demais sexa farsa,
non me quíte-la fe que aínda teño na arte.
E quen queira aprendela tamén precisa regras.

ADÁN

A perfección da arte é aquela onde as regras
se as hai, están ocultas e a penas perceptibles.

DISCÍPULO

¿Terei logo que aterme tan só a verdade fría
O ideal é o que dá unha alma á nosa obra.

ADÁN

É certo, dálle o espírito
que a fai equipararse á mesma natureza,
transformando nun ser maduro o que sen el
sería unicamente unha invención sen vida.
Por moito que idealices non esperes
engana-la natureza viva e grande,
mais esquécete de regras e modelos.
Aquel que ten a forza e Deus está con el,
tanto se fai discursos como se esculpe ou canta,
se na alma ten dor chorará con saloucos,
e sorrirá no soño dos praceres efémeros
e abrindo novas vías alcanzará o seu termo.
Desa obra extraeranse regras novas
que xa non serán ás, senón atrancos
para a abstracción entre a xente cativa.

DISCÍPULO

E logo qué hei facer, dimo ti, mestre,
a min que consagrei tantas noites ó estudio
en nome do saber. ¿Foi todo tolería?
¿Ó cabo foi en balde todo este traballo?

ADÁN

Non foi en balde, non, porque iso te autoriza
a desdeñar agora enganosos encantos.
Aquel que nunca viu os ollos do perigo,
se recúa, é covarde. Mais o heroe probado
non precisa ir á busca de máis provocacións,
porque a súa coraxe está fóra de dúbida.
Colle entón todos eses pergamiños
amarelos e follas balorentas
E bótaos xa ó lume. Son eles quen nos fai
esquecer camiñar cos propios pés
porque nos evitan ter que pensar

e van levando cara ó mundo novo
prexuízos de séculos e séculos.
¡Á fogueira con eles!, ¡saíamos ó aire libre!
¡Para qué estudar sempre o que é a canción
o que é o arboredo, mentres a vida pasa
entre catro paredes poirentas!
¿Pensas acaso que a vida é tan longa
que permite estudar teoría ata a tumba?
Digamos xuntos o adeus á escola.
Que te guíen as rosas da túa mocidade
cara ó raio de sol e a canción xubilosa.
E a min lévame ti, espírito custodio,
para ese mundo novo, adiantado,
onde se entenda ben o ideal dun grande home
e o pensamento poida expresarse libremente
sobre o maldito po das ruínas derrubadas.

CADRO UNDÉCIMO

(Londres. Feira entre a Torre e o Támesis. Unha mesta multitude axítase e alborota. Adán como un ancián, con Lucifer sobre un dos bastións da Torre. Atardece).

CORO *(mesturado co rumor da multitude e acompañado dunha música suave)*

Xeme o mar da vida,
cada onda é un mundo.
¿Por que lamentas a onda que baixa?
¿Por que has de temer a onda que sobe?
Ou ben temes que a turba
devore o individuo,
ou ben que o poderoso
aniquile a millóns.
E se hoxe temes pola poesía,
tal vez mañá temerás pola ciencia,
e cando queiras encerra-las ondas
nun estricto sistema,
por moito que batalles e te esfuerces
o máis que sacarás será auga fresca.
O maxestoso mar roxe que roxe
e roxe sempre e ri.
Déixao ruxir, a vida
limitase a si mesma.
Nada se perde nela,
é sempre nova e sempre vella a un tempo.
Escoita o seu engaiolante canto.

ADÁN

Isto é o que eu sempre desexei.
A miña vida foi tan só un labirinto,
mais agora que se me ofrece aberta,
¡que estimulante e belo é o seu canto!

LUCIFER

No alto, coma cántico de igrexa,
todo laio, suspiro ou ben voz rouca
ascende ata as alturas coma unha melodía.
Así o recibe Deus, por iso cre
que fixo ben o mundo. Pero abaixo,
onde o bater dos corazóns importa,
percíbimo-las cousas de moi distinto xeito.

ADÁN

Que escéptico me es, ¿non é este mundo máis belo
ca esoutros onde fun para tortura miña?
Derrubáronse os muros e os atrancos,
sumiron os espectros terroríficos
que o pasado alumou para deixalos
coma unha maldición para o futuro.
Abriuse para o home un campo libre
onde non hai escravos erixindo pirámides.

LUCIFER

Nin sequera en Exipto se escoitaron tan altas
os laios dos escravos. E así e todo,
¡que magníficas son as obras súas!
E en Atenas ¿non foi tamén ben digno
e espléndido o pobo soberano
sacrificando o seu querido xefe
para salva-la patria dun perigo?
Se miramos do alto xa non nos incomodan
nin bágoas de muller nin outras bagatelas.

ADÁN

¡Cala, cala ti, eterno sofista!

LUCIFER

Mais se ben xa calaron os xemidos,
en lugar deles todo é moi mesquiño.

¿Que foi da altura que atrae, e a temible
fondura? ¿Que foi do doce colorido
da vida? Xa non hai un mar brillante,
tan só unha charca vil, chea de sapos.

ADÁN

Pero hai, non obstante, o ben do pobo.

LUCIFER

Cata que xulgas dende a altura túa
a vida certa que ós teus pés latexa
igual que fai a historia co pasado:
non óe-las voces roucas nin os laios
e dás en rexistrar tan só os cánticos.

ADÁN

¡O propio Satanás feito un romántico
ou mesmo doutrinario! ¡Vaia par de conquistas!

LUCIFER *(senalando a Torre)*

É lóxico: estamos sobre o espectro
do mundo antigo cara a un novo mundo.

ADÁN

Eu non quero quedar neste lugar vetusto,
torno resoltamente ó mundo novo
e non temo non achar outra vez nas súas ondas
os grandes ideais, a poesía.
Tal vez non se revele no fragor dunha loita
de titáns a estremeceren o ceo,
senón que ha de crear un mundo fascinante,
benéfico no seu modesto ámbito.

LUCIFER

É escusado temer por ese mundo novo.

Mentres haxa a materia,
tamén existirá o meu poder
de negación a loitar contra ela.
Mentres haxa razón e corazón
e unha orde a reprimi-los desexos,
tamén ha vivir no mundo do espírito
a negación da idea e mais da poesía.
Pero dime, ¿que forma tomaremos
en medio da ruidosa multitude?
Porque así como estamos só podemos quedar
envoltos entre os soños do pasado.

ADÁN

Unha forma calquera. Afortunadamente
non hai formas superiores. Para saber qué sente
a multitude hai que baixar ata ela.

*(Entran ámbolos dous na Torre. Pouco despois, vestidos como
obreiros, saen pola porta e mestúranse coa multitude. Un titiriteiro
en pé ó lado do seu posto, e ó seu lado un mono sentado, con traxe
vermello e atado cunha cadea).*

O TITIRITEIRO

Por aquí, por aquí, señoras e señores,
o espectáculo vai encomezar axiña.
Évos unha comedia divertida,
vede cómo foi que enganou a serpe
á primeira muller, xa daquela curiosa,
e como esta meteu, xa naquel tempo,
en apuros o home. E van ver un macaco
a arremedar un home con toda a dignidade
e mais tamén un oso como mestre de danza.
¡Por aquí, por aquí, señoras e señores!
(A xente congégase arredor do posto).

LUCIFER

¿Escoitaches, Adán? ¡Está a falar de nós!
E cousa ben graciosa facermos un papel
que despois de pasados seis milenios
aínda entretén a alegre mocidade.

ADÁN

Unha broma sen gracia. Prosigamos.

LUCIFER

¿Unha broma sen grNepoteacia? Repara neses mozos,
que aínda hai pouco tempo durmiñaban na escola
escoitando a Nepote, qué divertida a encontran.
E cómo imos saber quén é o que ten razón:
¿os que estrean a vida conscientes da súa forza
ou aqueles máis vellos que coa mente gastada
xa van saíndo dela?
¿É acaso para ti máis belo Shakespeare
do que é para eles unha caricatura?

ADÁN

A caricatura é o que detesto.

LUCIFER

Aínda vives atado ó mundo grego.
Pero eu, que son pai ou tal vez fillo
– a diferenca é ben pouca entre espíritos –
de toda a nova tendencia romántica,
xustamente caricatura é o que prefiro:
no rostro de home os trazos do mono,
os sentimentos tortos vestidos de decentes,
unha puta a predicar castidade,
o eloxio do que é fútil, do que é nulo,
un mullereiro a maldicir o gozo...
Con isto esquezo o meu reino perdido
porque renazo nunha forma nova.

O TITIRITEIRO (*batendo no ombro de Adán*)

¿Por que ocupades o mellor lugar?
Só aqueles pretenden divertirse de balde
que son cansados de vivir e se aforcan.

(*Adán e Lucifer retíranse. Chega unha meniña que vende violetas*).

A NENIÑA

¡Violetas, primeiras mensaxeiras
da primavera! ¡Lindas violetas!
Violetas que dan de comer a esta orfa
tamén son para os pobres un fermoso ornamento.

UNHA NAI (*mercando violetas*)

Dáme a min, para a man do meu fillo defunto.

UNHA MOZA (*mercando tamén*)

E a min para adornar o meu cabelo negro.

A NENIÑA

¡Violetiñas! ¡Que lindas, señores! (*Pasa*).

UN XOIEIRO (*no seu posto*)

Esa pailana compite connosco
e as flores que vende non pasan de moda,
se ben nun bo pescozo campan mellor as perlas
que alguén foi procurar con ánimo resolto
desafiando os monstros dos abismos mariños.

(*Dúas mozas burguesas veñen xuntas*).

MOZA PRIMEIRA

¡Que de tecidos lindos! ¡Que de xoias preciosas!

MOZA SEGUNDA

¿Quen nolas quereda mercar como presente?

MOZA PRIMEIRA

Os homes de hoxe en día faríano soamente
con algunha inconfesable intención.

MOZA SEGUNDA

Nin por esas, que xa non teñen gusto,
corrompéronllo todo as putas e o caviar.

MOZA PRIMEIRA

Son moi presuntuosos, nin sequera non miran.

MOZA SEGUNDA

Ou tal vez tan modestos, que nin ousan mirar.
(*Marchan*).

(Nun posto escancian bebidas. Arredor das mesas, obreiros a beberen. Ó fondo música e danza. Soldados, burgueses e toda clase de xente divertíndose de pé).

TABERNEIRO (*entre os siareiros*)

Alegría, señores, o día de onte foise.
Xamais alcanzaremos o día de mañá.
Deus alimenta as aves
e todo é vaidade, segundo reza a Biblia.

LUCIFER

A min gústame moito esa filosofía.
Sentemos xa que logo neste banquiño umbrío
para ver qué barato e qué ben se divirte
o pobo con ruín música e mais con viño acedo.

OBREIRO PRIMEIRO (*á mesa*)

As máquinas son cousa que fai o mesmo demo
para arrincar de vez o pan da nosa boca.

OBREIRO SEGUNDO

Mentres haxa bebida esquecémo-las máquinas.

OBREIRO PRIMEIRO

O demo son os ricos que nos zugan o sangue.
¡Se algún viñese aquí mandabámolo ó inferno!
Fan falta máis exemplos coma os do outro día.

OBREIRO TERCEIRO

¿E así que gañarías? Hoxe será colgado
pero o noso destino seguirá sendo o mesmo.

OBREIRO SEGUNDO

Parvadas. Se viñese un rico deixaríao
sentar ó meu carón para vermos daquela
quen é aquí o señor que sabe divertirse.

TABERNEIRO (*a Adán*)

¿Que desexa vostede?

ADÁN

¿Fala comigo? Eu nada.

TABERNEIRO

¡Entón largádevos de aquí, langráns!
¿Ou pensades que vivo do diñeiro roubado
o que me anda a pedir a muller mailo fillo?

ADÁN (*erguéndose*)

¿Pero como te atreves...?

LUCIFER

Deixa ese descarado.

ADÁN

Marchemos pois de aquí, non fai falta ver máis
cómo baixan os homes ata o nivel das bestas.

LUCIFER

¡Ai, velaquí está o que tanto buscamos!
Podemos divertirnos moi ricamente, libres.
Estas risadas, este troupeleo,
este lume bacanal excitante
que decora de rosas as caras de todos
e que fai das miserias só puras fantasías,
¿non é marabilloso?

ADÁN

Sinto noxo.
(Achéganse ós que bailan. Dous mendigos veñen rifando).

MENDIGO PRIMEIRO

Este é o meu lugar, aquí teño permiso.

MENDIGO SEGUNDO

Apiádate de min; se non, morro coa fame,
pois hai dúas semanas que non teño traballo.

MENDIGO PRIMEIRO

Pois logo ti non es mendigo verdadeiro,
es un simple impostor. Que veña a policía.
(O mendigo segundo marcha a furto. O primeiro ocupa o seu lugar).
¡Polas chagas de Cristo, unha esmoliña,
señores, para un pobre sufridor!

(Un soldado afasta a moza das mans dun mozo artesán con quen baila).

SOLDADO

¡Fóra de aquí, pailán! ¿Ou acaso pensabas
que ti tamén es algo?

ARTESÁN PRIMEIRO

Pois claro que o son,
e voucho demostrar.

ARTESÁN SEGUNDO

Déixao. E ten coidado.
El ten a gloria e todo o poder.

ARTESÁN PRIMEIRO

¿Mais por que nos despreza así desta maneira
cando nos leva o sangue coma unha sambesuga?

UNHA RAMEIRA *(cantando)*

Noutros tempos lográbanse
do dragón mazás de ouro.
Mazás hainas aínda
mais xa non hai dragóns.
E é de bobos velas
e non ousar collelas.
(Abrázase cun mozo).

LUCIFER *(mirando a xente que se divirte)*

Ves, esa desvergoña é o que me gusta,
que o rico amose ben os seus tesouros.
Os cofres en que sentan os avaros
poden conter ouro ou ben area.
Conmóvenme os ciúmes deste mozo,
cómo segue as olladas da rapaza;
sabe o valor do momento presente
e sabe tamén –mais qué importa agora –
que máis tarde ha caer nos brazos doutro home.

ADÁN (*a un músico*)

¿Ti por que tratas dese xeito a arte?
¿Acaso che gusta iso que tocas?

O MÚSICO

De ningún xeito. É mágoa
tocar cada xornada a mesma melodía
e vemos cómo bailan cos seus alegres berros.
Ata nos soños sinto soar estes sons bárbaros,
mais teño que vivir, e non sei outro xeito.

LUCIFER (*seguindo a observar*)

¡Ai, quen ía supor unha filosofía
tan certa e tan aguda na curta mocidade!
A moza sabe ben que calquera momento
de gozo nesta vida non ha de se-lo último.
E en tanto abraza un corpo, o seus ollos procuran
xa novos amoríos. ¡Ai!, queridos pequenos,
¡que profunda alegría me causades
traballando para min entre sorrisos!
¡Beizón para a miseria e o pecado!

ARTESÁN SEGUNDO (*cantando*)

Quen co corazón puro
deixa a semana de labor cantando
entre beixos e viño,
pode rir do diabo.

(Óense os últimos acordes dunha música de igrexa. Eva, como unha moza burguesa, cun libro de oracións e un ramallete de flores, sae da igrexa acompañada da súa nai).

MERCADOR PRIMEIRO

¡Por aquí, por aquí, fermosa señorita,
que ninguén vai poder venderlle máis barato!

MERCADOR SEGUNDO

Non creas o que di, que ten medidas falsas
e os xéneros son vellos. ¡Por aquí, señorita!

ADÁN

¡Ai, Lucifer! Ti tráesme a este vil sitio
en tanto a salvación en carne e óso
pasa polo meu lado inadvertida.

LUCIFER

Pois iso non che é ningunha novidade.

ADÁN

Está a saír da igrexa, ¡ai, ai, que fermosura!

LUCIFER

Pois foi para ser vista e tal vez para ver.

ADÁN

Non a luxes así co teu frío cinismo,
que aínda trae nos labios a devoción do rezo.

LUCIFER

Xa vexo que estás feito ti tamén un beato.

ADÁN

Que pouca graSatacias tes. Se no meu peito hai frío,
pois peor para min, mais no peito da moza
quero que haxa piedade, esta santa poesía
que é música xentil do tempo antepasado,
inmaculado pole dunha flor non tocada.

LUCIFER

Pois amósame logo esa parte do ceo,
porque nin de Satanás has de esperar que saiba

cales son os teus gustos.
Basta que che permita poder satisfácelos.

ADÁN

¿E logo non podía ser outra en lugar desta?

LUCIFER

Iso mesmiño di

o peto cando ten no seu bico a miñooca,
ollando con receo ó seu redor e pensa
que aquel é o mellor bocado deste mundo,
mentres o pombo mira con noxo para aquilo.
Así tamén o home atopa a salvación
por si mesmo a miúdo naquel lugar preciso
onde o seu semellante creou un inferno.

ADÁN

¡Que dignidade ten! ¡Que virtude de virxe!
Eu case non me atrevo a achegarme a ela.

LUCIFER

Ánimo, que non es un novato coas mozas.
Xa verás como ela tamén ten o seu prezo.

ADÁN

¡Cala!

LUCIFER

Se cadra é máis cara cás outras.

(Entre tanto, un mozo achégase modestamente a Eva e ofrécelle un doce de mel con forma de corazón).

O MOZO

Rógolle, señorita, que me acepte
este humilde presente que lle ofrezco.

145

EVA

Que amable é, Artur, que se lembra de min.

A NAI

Xa hai que non nos vemos. A ver se nos visita.

(Conversan en voz baixa. Adán mira para eles incomodado ata que o mozo marcha).

ADÁN

¿Terá tal vez este mociño imberbe
o que meu corazón desexa en van?
¡E con que intimidade o trata e dá conversa
sorrindo para el! ¡Ai, que dor, que tortura!
Pois terei que falarlle. *(Aproxímase a Eva).*

A NAI

Os pais de Artur

son ricos, certamente, mais non sei
qué lles parece a eles a relación contigo.
Por iso non tes esquecer de todo
o outro que hoxe che enviou flores.

ADÁN

Permítanme, damas, que as acompañe
para que a multitude non queira molestalas.

EVA

¡Que insolencia!

A NAI

¡Fóra de aquí, moscón!

¿Pensa que a miña filla é unha desas
que deixan que calquera se poña a pretendelas?

146

ADÁN

Nada diso, señora. A súa filla encarna
o ideal de muller que decote soñei.

A NAI

Pois soñe canto queira, mais as gracias
desta nena non son das que se abren
ó primeiro tunante que se achega.
(Adán está confuso. Unha xitana aproxímase a Eva).

A XITANA

¡Ai, que preciosidade, que cousiña máis linda,
déixeme verlle a man pequeniña e tan branca;
botareille a boaventura, direille
as gracias con que a sorte le ha de adorna-la vida.
(Mirando na man de Eva)
Vexo un noivo garrido –¡ai!, moi cerca–,
e lindos nenos, saúde e fortuna.
(A xitana recibe unhas moedas).

LUCIFER *(senalando a Adán)*

Irmá, bótalle a sorte ó meu amigo.

A XITANA

Non vexo claramente se é a fame ou a forza.

ADÁN *(a Eva)*

Non me rexeite así, desa maneira.
¡Sinto que será meu, ai, o seu corazón!

EVA

Ai, madre, non permitas que prosiga.

A NAI

Se segue vou chamar á policía.

EVA

Non, deixa, non a chames. A ver se se comporta.
Realmente non fixo mal ningún.
(Marchan Eva e a nai).

ADÁN

Santa poesía, ¿acaso sumiches
de vez neste mundo prosaico?

LUCIFER

¡Non! O corazón de doce de mel,
aquela danza, os postos, as flores,
¿non eran poesía? Non sexas tan sensible,
queda aínda espacio para a fantasía.

ADÁN

¿E de que ha de valer, se todo se mestura
con cobiza e desexo de lucro, e a altura
xenerosa non se ve por ningures?

LUCIFER

Esa haina certamente nos bancos escolares,
onde a vida non fixo aínda os seus estragos.
Mira, aí veñen algúns destes amigos.
(Algúns estudantes veñen paseando).

ESTUDIANTE PRIMEIRO

¡Alegría, mozos! ¡Adeus ás aulas!
¡Hoxe toca facer festa rachada!

ESTUDIANTE SEGUNDO

Que sexa en campo aberto. Aborrezo a cidade,
a súa estreita orde, o mundo dos tendeiros.

ESTUDIANTE TERCEIRO

Pois busquemos pelexa con alguén,
que é diversión excitante e viril.

ESTUDIANTE PRIMEIRO

Quitémoslle-las mozas a eses militares
e axiña ha de empezar unha liorta.
Despois levámolas a un descampado.
Cartos para cervexa e música hai abondos
e coa lembranza da nosa victoria
seremos príncipes entre os borrachos.

ESTUDIANTE CUARTO

É unha boa victoria amolar filisteos.

ESTUDIANTE PRIMEIRO

Para reforza-los lazos da amizade
hoxe imos troulear tanto como poidamos.
Un día ha de chegar en que, servindo a patria,
o noso ardor terá un campo ben máis nobre.
(Marchan).

ADÁN

Velaí algo amable neste mundo mesquiño,
sinto nel o xermolo dun futuro mellor.

LUCIFER

Pois xa verás en qué se converte o xermolo
unha vez sacudido o po das aulas.
Eses dous empresarios que veñen por aí
tamén foron iguais ca estes mozos de agora.
(Dous empresarios veñen conversando).

EMPRESARIO PRIMEIRO

Con tanta competencia periga o meu negocio.
Todo o mundo prefire o que é máis barato.
Vou ter que rebaixa-los meus productos.

EMPRESARIO SEGUNDO

O que tes que baixar son os salarios.

EMPRESARIO PRIMEIRO

Imposible, os malditos obreiros xa se queixan
de que non dan vivido co que hoxe gañan.
E acaso hai algo certo nesas queixas,
mais ¿quen lles manda a eles vivir en matrimonio
e parir sen parar montóns de fillos?

EMPRESARIO SEGUNDO

Vaslles ter que apertar un pouco as caravillas
e facer que traballen a metade da noite.
Que para repousaren ben lles chega a outra media:
non é moi conveniente que soñen demasiado.
(Marchan).

ADÁN

¿Fóra da miña vista! ¿Por que mos deixas ver?
Mais dime, Lucifer, ¿que foi daquela moza?
Amosa o teu poder e facendo que regrese
e me escoite.

LUCIFER

Lucifer non desbalde
as súas enerxías con esas bagatelas.

ADÁN

Para ti bagatelas, para min é un mundo.

LUCIFER

Que sexa túa, logo. Mais pon freo
ós sentimentos teus e non temas mentir.
Responde ó que pregunto e xa é túa.

(En voz alta, para que o oia a xitana que está á espreita tras deles).

Milord, xa ve agora que incómodo resulta
mesturarse disfrazado entre o pobo
e a cada paso saír maltratado.
Mais se o pobo soubese que hoxe chegan
catro barcos dos nosos dende a India
había de acollernos doutro xeito.

ADÁN

Se cadra.

A XITANA *(á parte)*

Ai, esta descuberta ha valer moitos cartos.
(A Adán)
Por favor, unha cousa. Vostede viña oculto
e eu dei en castigalo coa miña predicción,
mais de certo para min non hai segredos
pois eu sonlle amiga do mesmo demo.

LUCIFER *(á parte)*

¡Si, ho! ¡O que faltaba, bruxa vella!

A XITANA

Hoxe mesmo sen falta vanlle chegar navíos
pero hai outra cousa aínda máis valiosa:
unha mociña linda suspira por vostede.

ADÁN

E ¿como conquistala?

A XITANA

A pouco máis xa é súa.

ADÁN

Mais xa me rexeitou.

A XITANA

Por iso será súa.

Vai ver como regresa aquí dentro dun pouco.
Lémbrese das palabras desta adiviñadora.
(Sae).

ADÁN

Lucifer, esta bruxa é máis forte ca ti.

LUCIFER

Non lle nego os seus méritos.
Agora ha ser ela quen fai de demo.

(Aparece un charlatán nunha carreta, ó son de trompetas, rodeado da multitude, e detense no centro da escena).

O CHARLATÁN

¡Deixen pasar! Un pouco de respecto
para esta cabeza que xa se volveu branca
de tanto escudriñar sen desalento
no oculto tesouro da natureza.

ADÁN

¿Que tolo extravagante é este, Lucifer?

LUCIFER

A ciencia faise así de falangueira
para sobrevivir, como cando eras sabio.
Só que agora precisa máis ruído.

ADÁN

Mais eu nunca cheguei ata ese extremo.
¡Que cousa máis infame!

152

LUCIFER

A culpa non é súa
se quere certamente evitar que se escriba
na súa propia tumba o seguinte epitafio:

*Ex gratia speciali
mortuus in hospitali.*

Por servir ós demais gastou días e noites
e chega agora aquí buscando a recompensa.

O CHARLATÁN

Eu loitei polo ben da humanidade,
velaquí o glorioso resultado:
o elixir da vida está neste frasquiño
que volve mozos sans os vellos e os enfermos.
Tomábano noutrora os faraóns.
É o máxico filtro de Tancredo,
é o cosmético que usou Helena
e a ciencia astrolóxica de Kepler.

ADÁN

¡Mira o que vende este! Nós buscámo-la luz
no futuro, el foína atopar no pasado.

LUCIFER

O presente xamais é respectado.
Éche coma a grandeza no ámbito doméstico
ou coma a fiel esposa de quen xa coñecemos,
pasados algúns anos, ata as pencas da pel.

O CHARLATÁN

¡Compren, compren! Non se han de arrepentir.
Non han volver ter nunca outra ocasión igual.

VOCES DA MULTITUDE

¡Déame a min un! Váleme un calquera.
¡Ai, que sorte! ¡Que boa mercadoría!

LUCIFER

Mira a xente, que xa non cre en nada,
cómo se aferra ó que é milagreiro.

*(Regresa Eva acompañada da súa nai. Murmurando, a xitana
ségueas).*

EVA

Escusas falar, xa te coñecemos.

A XITANA

Pois que o demo me leve se cabaleiro aquel
non sente por vostede tal paixón que estaría
disposto a convertela hoxe mesmo en amante,
darlle un lar de princesa e levala ó teatro
e ó baile en carruaxe de cinco ou seis cabalos.

A NAI

Ben pensado, é cen veces mellor
ca murchar baixo o manto de casada
no obradoiro noxento dun vulgar zapateiro.

A XITANA

Mire, alí o ten; vén na súa busca.

EVA

É pouco amable se aínda non me viu.
Ten as mans finas e porte de fidalgo.

A NAI

E tampouco está mal o seu compañeiro,
malia ter pernas tortas e o nariz ganchudo
é un home maduro, digno e respectable.
Eu marchó, miña filla. Aquí vos deixo
para quedardes a sós unha miguiña.

A XITANA (*a Adán*)

Velaí a mociña. Olla cómo suspira.

ADÁN

¡Vou voando! ¡Que pracer, que pracer!

A XITANA

Non se vaia esquecer da súa mediadora.

LUCIFER (*dálle diñeiro*)

Tome estes cartos de parte do amigo
e este apertón de mans da miña parte.

A XITANA (*pegando un berro*)

¡Aai, que man máis dura! (*Sae*).

LUCIFER

¡Sentirías pracer
se fose-lo que finxes ser, bruxa vella!

EVA (*a Adán*)

¿Non podería ofrecerme un presente?
¿que tal, por exemplo, eses cosméticos?

ADÁN

O encanto feminino do teu rostro
iso si que é un cosmético sen par.
(*Mentres tanto, marcha o charlatán*).

EVA

Vostede é moi xentil.

ADÁN

Non me avergoñes.
Quero poñer diamantes e perlas no fermoso

pescozo teu, non para ornamentalo
senón porque non hai lugar máis axeitado.

EVA

Alí adiante vin moita xoiería,
mais non son cousas para moza pobre.

ADÁN

Pois ímolos ver logo.

LUCIFER

Non fai falta.
Eu teño aquí algunhas lindas xoias.

(*Dálle unhas xoias que Eva contempla e proba con moita alegría*).

EVA

¡Que bonitas! ¡Van espertar envexas!

ADÁN

Mais ese corazón non quero volver velo.

EVA

Pois xa que non lle agrada, voume desfacer del.
(*Bota o corazón de doce de mel ó chan*).

LUCIFER

Moi ben, eu agora vouno pisar. (*Pisa o corazón*).

EVA

¿Que foi iso?
¿Sentín un berro ou son figuracións?

(*A través da escena, nunha carreta traen un condenado, seguido pola multitude*).

VOCES DA MULTITUDE

¡Bulide! ¿Non vos dicía eu que era un covarde?
¡Pero aínda porfia! ¡Veña, vamos tras el!

ADÁN

¿Que son esas voces e ese barullo?

EVA

Van enforcar a alguén. ¡Que sorte poder velo!
¡É un espectáculo tan excitante!
E unha boa ocasión para luci-las xoias.

ADÁN

¿Que delicto cometeu o coitado?

EVA

Non sei.

LUCIFER

O delicto tanto ten. Pero cóntovos:
Traballou moito tempo na fábrica de Lóvel
respirando nocivo gas de estaño
e pasou moito tempo no hospital.
Entre tanto a muller pasaba fame.
Pero o fillo de Lóvel, un mozo xeneroso,
axudouna e acabouse o problema.

OBREIRO PRIMEIRO

¡Valor, amigo! Morres coma un mártir,
o teu nome ha quedar brillando para nós.

LUCIFER

O home curouse e non deu coa esposa.
Non tiña traballo e pediuno en balde.
Rebelouse, atreveuse a ameazar

e aí o mozo Lóvel respondeu con sopapo.
Casualmente o infeliz atopou un coitelo
e en fin... O vello Lóvel toleou.

(Mentres di estas palabras, pasa Lóvel coa ollada melancólica dos tolos).

LÓVEL

Mentes. Non toleei. Mais ¿como non sentir
a ferida dun fillo? Eu daríache todo
canto teño se consigues que deixe
de sentila. É peor cá loucura.

OBREIRO TERCEIRO

Non teñas medo, un día poderás ser vingado.

OBREIRO PRIMEIRO

¡Ergue esa cabeza! ¡Eles son os criminais!
(O condenado pasa cos seus acompañantes).

ADÁN

¡Que terrible espectáculo! ¿Por que así me tentas?
¿Quen sabe cal dos dous terá máis culpa?
¿Ou acaso a culpable é só a sociedade?
Porque se esta apodrece é cando inza o crime.

LÓVEL

A sociedade, si. Toma os meus bens,
porque eu só desexo non senti-la ferida. *(Sae).*

EVA

Vamos, vamos, que se non non imos dar cun sitio.

ADÁN

Agradezo ó destino non terme feito xuíz.
Qué doado resulta facer leis nun sofá.

Qué fácil é xulgar sen pasar da epiderme,
pero é moi difícil para quen investiga
o corazón humano nos últimos recantos.

LUCIFER

Dese xeito os procesos non remataban nunca.
Ninguén practica o mal só porque é mal.
Ata o demo en persoa ten as súas razóns,
e cadaquén opina que a máis forte é a súa.
Que corten os xuristas eses nós enredados
dos fíos que nin mil filántropos a oito
darían desatado.

(Namentres chegan á Torre. Nesta vese a imaxe dun santo nun nicho).

EVA

Vamos parar un pouco, meu amigo,
Voulle ofrecer un ramo a este santo.

LUCIFER *(en voz baixa)*

Non llo permitas ou estamos perdidos.

ADÁN

Ela é unha inocente, non llo podo impedir.

EVA

Cando era moi nena eu tiña por costume
honrar a este santo se por aquí pasaba,
e tamén hoxe en día me comprace facelo.
É un momentíño só, logo recuperamos
o tempo que demore.

(Ata o ramo ó lado da imaxe. As flores murchan de súpeto e as xoias, transformándose en lagartos, cáenlle do pescozo e mais dos brazos).

¡Santo Deus!, ¿que é o que pasa?

159

LUCIFER

Eu ben que te advertín.

EVA

¡Socorro! ¡Ai! ¡Socorro!

ADÁN

Calma querida, calma, todo o mundo te mira.
Xa terás outras xoias. E mil veces máis ricas.

EVA

¡Fóra de aquí! ¡Acudide! ¡Socorro!
Estes dous impostores mais unha bruxa vella
queren a perdición dunha mociña honrada.
(A xente empeza a aglomerarse. A xitana vén con policías).

A XITANA

Deben de estar aquí. Déronme cartos falsos.
Nas miñas mans mudaron en mercurio.

LUCIFER

Tal vez a falsidade está nas túas mans,
non no diñeiro. Vamos, Adán, este é mal sitio.

(Desaparecen na Torre, e mentres abaixo o tumulto e a confusión aumentan, aparecen de novo no alto do bastión).

ADÁN

Enganeime outra vez coidando que abondaba
con borra-los espectros do pasado
para deixar camiño libre ás forzas.
Da máquina tirei a peza principal
que sostiña as demais: a da piedade,
mais non puxen en vez dela outra máis forte.
¿Que concorrencia é esta, onde un se enfrenta

160

cunha espada na man contra outro espido?
¿Que independencia, onde cen pasan fame
se non se someten ó xugo de un?
Esta é a batalla dos cans por un óso.
E eu en lugar disto, quero unha sociedade
que ampara e non castiga, anima e non reprime,
que coas forzas de todos colabora
nunha común unión soñada pola ciencia
e nunha orde vixiada pola razón.
Un día será así, estou seguro.
Lévame, Lucifer, ata ese mundo.

LUCIFER

Home necio, os teus ollos obtusos
alá abaixo só ven un confuso tumulto,
¿pensas que nese obradoiro da vida
non hai orde nin colaboración?
Fíxate ben, mais cos ollos do espírito
e enxergara-la obra que constrúen
non para eles, coitados, senón para nós.

*(Anoitece. Toda a feira forma un grupo que cava, no medio da
escena, unha tumba. Danzan ó redor desta, e despois un tras outro
bótanse nela, algúns calados, outros dicindo cadansúa frase).*

CORO

Vamos, vamos, que se escoiten as pas.
Hai que rematar hoxe, que mañá
xa será tarde, por moito que a obra
tardará milenios en estar pronta.
Ou berce ou cadaleito, tanto ten,
hoxe conclúe o que mañá comeza,
sempre con fame e mais sempre farto,
e o que hoxe entra, mañá sairá.
(Tocan a morto).

Xa tocan as campás, xa vai chegando a noite;
o labor acabado, iremos descansar.
E aqueles que acorden á luz do novo día
de novo a mesma obra terán que comezar.

O TITIRITEIRO

A miña comedia xa concluíu.
A moitos fixen rir, mais eu non rin.

O TABERNEIRO

Tódolos siareiros beberon do meu viño.
E despois cadaquén colleu o seu camiño.

A NENIÑA

Tódalas flores conseguín vender.
Na miña tumba un día máis flores van crecer.

A XITANA

Todos querían sabe-lo futuro
e agora pechan os ollos con susto.

LÓVEL

Non me fixeron feliz os tesouros.
Agora terei gratis o repouso.

O OBREIRO

Chegou outra vez o sábado ansiado,
agora, por fin, terei un descanso.

O ESTUDIANTE

Soñaba fermoso pero espertáronme.
Volve, soño, para continuarte.

O SOLDADO

Eu que me tiña por moi valoroso,
acabei por caer nun triste foxo.

A RAMEIRA

A esmorga rematou, foise a pintura.
Vai frío, ¿será igual na sepultura?

O CONDENADO

Queda, cadea, sobre as miñas cinzas.
No alén ha de haber outra lei distinta.

O CHARLATÁN

Finxiamos saber con falsas artes.
Ó final sorprendeunos a todos a verdade.

EVA

Abismo escuro que ós meus pés te abres,
non creas que me espanta a túa noite.
Unicamente cae o po da terra,
eu crúzote na aura que me envolve.
Amor e mocidade coa poesía trazan
o camiño que leva á patria eterna.
Como un raio de sol que o rostro aclara,
o meu sorriso trae pracer á terra.

(Deixando caer na tumba o seu veo e o seu manto, ascende envolta nunha auréola).

LUCIFER

¿Recoñécela, Adán?

ADÁN

¡Ai, Eva, Eva!

CADRO DUODÉCIMO

(O patio dun grandioso falansterio construído en forma de ferradura. Pórticos abertos na planta baixa das dúas alas. No pórtico dereito traballan obreiros entre máquinas de vapor con rodas en movemento. No pórtico esquerdo, nun museo dos máis diversos obxectos de ciencias naturais, aparellos mecánicos, instrumentos astronómicos, químicos e outros especiais, traballa un científico. Todos eles pertencen ó falansterio e están vestidos da mesma maneira. Adán e Lucifer xorden de debaixo da terra no medio do patio.)

ADÁN

¿Que país é este e que pobo o habita?

LUCIFER

Falas de ideas vellas que hoxe non existen.
Porque a noción da patria ¿non era ben ruín?
Pariuna o prexuízo de antano e protexeuna
o egoísmo e a rivalidade.
Agora hai un país, que é toda a terra,
e todos colaboran a prol do ben común.
E sobre esta pacífica orde nova
a ciencia vixiante e respectada.

ADÁN

Cumpriuse o ideal da miña alma,
aquí todo é perfecto, tal como desexaba.
Só boto en falta a noción da patria,
que acaso debería perdurar
na nova orde. O corazón humano
ten medo do infinito e precisa límites;
se medra moito, perde parte de si
e aférrase ó pasado e ó futuro.
Lamento que non sinta polo mundo

o mesmo que sentía na tumba dos seus pais.
Quen daría o seu sangue polo ben da familia,
tal vez polos amigos dará tan só unhas bágoas.

LUCIFER

Polo que vexo, renunciás ó teu ideal
mesmo antes de velo realizado.

ADÁN

Non creas, pero teño unha curiosidade:
¿Que idea é esa que une todo o mundo
e exalta de entusiasta lume santo
e eterno o corazón do ser humano
ata agora avivado por vilezas
e explotado por loitas insensatas
para en cambio guíalo cara un fin máis nobre?
Pero dime por fin, ¿en que lugar estamos?
E guíame despois para que goce a alma
desta felicidade que tras moita batalla
o home, como premio, tiña tan merecida.

LUCIFER

Este é un falansterio igual ca outros moitos,
un lugar para os homes do pensamento novo.

ADÁN

Imos logo.

LUCIFER

Non teñas tanta présa.
Desprendámonos antes desta vella pelica.
Se chegamos aí como Adán e Lucifer,
estes sabios incrédulos daríannos morte
ou pecharíannos dentro dalgunha redoma.

ADÁN

¿Que absurda cousa é esa que me estás a contar?

LUCIFER

Non é doutra maneira no mundo dos espíritos.

ADÁN

Fai entón como vexas, pero rapidamente.

(Lucifer fai que os dous se transformen en personaxes semellantes ós do falansterio).

LUCIFER

Pon esta vestimenta. Oculta os teus cabelos.
Estamos preparados.

ADÁN

Falémoslle ó científico.

LUCIFER

¡Saúdote, sabio!

O SABIO

Non me molesten.
Estou a traballar, non podo perder tempo.

LUCIFER

Síntoo moito. Somos do falansterio
milésimo, aspirantes a científicos.
E vimos atraídos pola gran sona túa.

O SABIO

É loable entusiasmo. Por certo, que arestora
xa podo interrompe-los meus traballos,
a materia sometida ós meus desexos
con tal que se manteña a calor nas redomas.

LUCIFER

Non me enganaba entón, pois ti tamén,
que filtráche-lo home e maila natureza,
conservas en ti mesmo a derradeira escoura,
que é a vaidade.

O SABIO

Podemos conversar.
¿E a que especialidade vos dedicades vós?

ADÁN

As nosas inquietudes non son moi específicas.
Aspiramos a ter unha visión de todo.

O SABIO

Mal feito. A grandeza está nos pormenores.
¡Hai tantos obxectivos e unha vida é tan curta!

ADÁN

É certo. Sei moi ben que sempre cómpre que haxa
os que levan a area e os que labran a pedra.
Sen eles non podemos erguer casa ningunha,
mais eles sós están en plena escuridade
e sen noción completa da obra en que traballan.
E tan só o arquitecto pode enxergalo todo,
e aínda que non saiba nin traballa-la pedra,
é el quen, coma un deus, pode crea-la obra.
É o arquitecto quen é grande no saber.

LUCIFER

Pois por iso acudimos a ti, ¡oh, grande home!

O SABIO

Fixestes ben así, e estou agradecido.
As diferentes ramas da ciencia e mailas partes

dun único organismo, soamente reunidas
dan en ser fascinantes.

LUCIFER

Coma unha bela dama.

O SABIO

Con todo, é só na química...

LUCIFER

...onde reside a vida.

O SABIO

Iso é.

LUCIFER

A mesma cousa dixo
das matemáticas un matemático.

O SABIO

Por vaidade todos consideran
que eles son o centro de todo canto ven.

LUCIFER

Mais ti fixeches ben en escolle-la química
como obxecto.

O SABIO

Diso estou ben seguro.
Vaiamos agora ve-lo museo,
que non hai outro igual en todo o mundo de hoxe.
Os animais da era prehistórica
están aquí en exemplares únicos,
ben disecados. Vivían cos bárbaros
dos nosos devanceiros compartindo

con eles o dominio do planeta.
Acerca deles quedan mil contos fabulosos;
este de aquí servía como locomotora.

ADÁN

É un cabalo, máis ben, algo dexenerado.
O antigo Al-borak era cousa distinta.

O SABIO

Cóntase deste que o home o mantiña
coma un amigo seu, de balde, sen traballo,
e el podía entender, mirándoo soamente
con ollos fieis, os pensamentos do home.
E aínda máis, seica aprendeu tamén
o seu peor defecto, que era o da propiedade,
e que como gardián sacrificaba a vida.
Eu dígovolo así, pois así está escrito,
mais non quero dicir que o crea sen reservas.
Houbo en tempos pasados esta clase de fábulas
entre as cales perdura esta que aquí vos conto.

ADÁN

É o can. O que afirmas del é certo.

LUCIFER

Coidado, Adán, que vas acabar delatándote.

O SABIO

E cóntase destoutro que era o escravo do pobre.

ADÁN

Do mesmo xeito os pobres eran os bois dos ricos.

O SABIO

Este era o rei da selva.

ADÁN

O león.

E aquel de alí é o tigre, e aquel o veloz corzo.
¿Que animais sobreviven hoxe en día no mundo?

O SABIO

¿Que pregunta! ¿Non é igual na vosa terra?
Sobrevive o que é útil e o que polo de agora
aínda non se puido reemprazar pola ciencia:
o porco e o carneiro, mais non son
tan imperfectos como a natureza os fixo
e foron no pasado: aquel é graxa viva
e este é unha masa de carne e mais de la
ó servizo dos homes, igual ca unha redoma.
Mais supoño que xa sabedes todo isto.
Pasemos a outra cousa: os minerais.
Observade este anaco inmenso de carbón;
antano houbo montañas enteiras desta cousa
e os homes podían collelo todo feito
pero hoxe en día a ciencia xa o destila do aire
con ben arduo labor. E estoutro mineral
tiña o nome de ferro, ata que se esgotou
e foi preciso entón emprega-lo aluminio.
E este pequeno anaco de aquí chámase ouro,
no seu tempo tan famoso como inútil,
cando os homes, cegados polas crenzas,
adoraban os seres que tiñan por instancias
superiores aínda ó seu propio destino
e pensaban que o ouro era un deses seres
e así, nos seus altares, daban en sacrificio
benestar e dereito e todo que era sacro
por conseguiren só un máxico anaquiño
co que logo podían obter calquera cousa,
incluso – ¡quen diría! – un bocado de pan.

ADÁN

Amósame outras cousas, que estas xa as coñezo.

O SABIO

Xa vexo que es un sabio, forasteiro.
Vexamos, pois, a flora prehistórica.
Aquí a última rosa que floreceu no mundo,
unha planta superflua, que con millóns de irmás
lles roubaba terreo ós ricos cereais.
Xoguete preferido de nenos feitos grandes,
é fenómeno raro e case inexplicable
o pracer que encontraban en tales bagatelas.
Tamén o mesmo espírito producía outras flores:
as quimeras da fe e mais da poesía,
e así, arrandeado por soños ilusorios,
en balde malgastou as súas enerxías
deixando sen cultivo obxectivos máis altos.
Aquí como rarezas conservamos un par
destas obras. A primeira, un poema.
O autor, daqueles tempos en que os individuos
querían valorarse con orgullo culpable,
tiña por nome Homero. E descríbese nel
un mundo fabuloso denominado Hades.
Hoxe nós desmentimos cada un dos seus versos.
A outra é dun tal Tácito e titúlase Agrícola,
repleta de nocións ridículas e a un tempo
lamentables daquel mundo bárbaro antigo.

ADÁN

Conserváronse, pois, algunhas páxinas
daqueles días como testemuña.
¿Non hai risco de que hoxe prendan lume nos viles
descendentes daqueles, incitándoos a actos
que poñan en perigo este mundo actual?

O SABIO

É boa observación. Xa o temos previsto:
o veneno que encerran é cousa perigosa.
Por iso poden lelos unicamente aqueles
que xa teñen de idade máis de sesenta anos
e estean consagrados ó estudio da ciencia.

ADÁN

Mais os contos de fadas e as cancións de berce,
¿non poderán tamén inculcar sentimentos
nos tenros corazóns?

O SABIO

Por suposto, por iso
as nosas amas fálalles ós nenos máis pequenos
tan só de ecuacións e mais de xeometría.

ADÁN (*á parte*)

¿Asasinos!, ¿non temedes roubarlle
ó corazón os seus días máis belos?

O SABIO

Sigamos. Velaquí estoutros instrumentos
e obxectos de arte das formas máis estrañas.
Un canón, coa misteriosa inscrición
“Ultima ratio regum”. ¿Que uso se lle daba?
¿Quen o sabe! E esta é unha espada,
obxecto que servía para mata-la xente.
Quen mataba con ela non era culpable.
E vede esta pintura toda ela feita a man
por alguén que entregou á obra media vida
e que ten por asunto unha fábula tola.
Hoxe é o sol quen fai todo isto para nós,
mais non o sol aquel en falso idealizado
senón posto ó servicio dos nosos intereses.

ADÁN (*á parte*)

Mais da arte e do espírito, ¿que foi?

O SABIO

E estes dous obxectos, ¡vede que ornamentados
e que infantís semellan! A copa chea de flores,
o encosto da cadeira de raros arabescos
onde mans artesáns malgastaron o tempo.
¿É acaso máis fresca a auga nesta copa?
¿Resultará máis cómodo sentar nesta cadeira?
Agora son as máquinas as que fan todo isto
dunha forma máis práctica, dun xeito máis sinxelo.
E o que nos garante o perfecto resultado
é que o obreiro que hoxe constrúe un parafuso
non fai cousa distinta ata a fin dos seus días.

ADÁN

Por iso non hai vida, nin personalidade,
nin hai obra que poida supera-lo seu mestre.
¿En que terreo a forza e o pensamento poden
demostra-la súa orixe celeste?
Se alguén quere loitar e mira ó seu redor
neste mundo repleto de regras e de orde,
non atopa sequera o pracer do perigo
nin nunca baterá na caza cunha fera.
Enganeime tamén en relación coa ciencia:
en lugar da ventura que eu esperaba dela
atopei simplemente unha aburrida escola.

O SABIO

E a fraternidade, ¿non quedou instaurada?
¿Alguén ten falta de algo acaso nestes días?
Ideas como as túas merecían castigo.

ADÁN

Mais dime, pois, ¿que ideas
poden manter unido un pobo coma este,
e en que causa común se apoia o entusiasmo?

O SABIO

A idea que nos move é a da subsistencia.
Cando o xénero humano apareceu na terra,
a terra era unha especie de despensa repleta
e abundaba tan só con estende-la man
para coller de todo canto lle era preciso.
Consumiu, xa que logo, sen previsión e a oito,
coma o verme no queixo, e nesa embriaguez súa
viuse necesitado de procurar impulso
no poético estímulo de hipóteses románticas.
Non obstante, nosoutros, no último bocado,
debemos ser avaros sabendo que se acaba
o queixo e dese xeito morreremos de fame.
De aquí a catro mil anos o sol ha de estar frío
e non haberá plantas sobre a face da terra.
Temos catro milenios, por tanto, para darnos
con outra nova fonte de calor coma o sol.
É un prazo suficiente para a ciencia, supoño.
E como combustible empregaremos auga,
a fonte de enerxía que máis conserva o lume.
Hoxe falta moi pouco para sabermos todos
os mínimos segredos de cada organismo.
Aínda ben que nos deu por falar destas cousas:
xa case me esquecera da redoma.
Traballo xustamente neses temas.

LUCIFER

Moi acabado debe anda-lo home
se ten que buscar vida nas redomas.
Mais supoñendo que ese labor triunfe,

¿que monstro ha de saír, que pensamento mudo,
que sentimento inane de amor sen obxectivo
nun ente que renega da mesma natureza
e que non ten contrarios nin parentes
e non respecta o ser dos individuos?
¿De onde tomará o seu carácter,
illado do exterior, do sufrimento,
se adquiriu a conciencia na redoma?

O SABIO

Observa cómo ferven, cómo brillan
por aquí e acolá formas efémeras
neste quente retorta ben illada
segundo afinidade e reacción
da química. Deste xeito a materia
baixo a miña vontade queda ben sometida.

LUCIFER

¡Admirable! ¿Como podes facer
que elementos afíns non sexan atraídos
e que non se rexeiten os contrarios
uns a outros?

O SABIO

¡Que absurdo comentario!
¡Esa é unha lei eterna da materia!

LUCIFER

Entendo, pero dime, ¿a que se debe?

O SABIO

¡Que pregunta! É lei porque é así
e pode demostrarse coa experiencia.

LUCIFER

Ti es só o fogueiro entón da natureza.
O resto faino unicamente ela.

O SABIO

Mais eu póñolle límites co vidro
e ilumino os enigmas máis escuros.

LUCIFER

Eu aínda non vin ningún sinal de vida.

O SABIO

Pois non ha de fallar, porque eu, furgando
en tódolos misterios naturais
a vida disequei centos de veces.

ADÁN

Son só cadáveres o que disecas.
A ciencia segue con pasos de coxo
os camiños que lle marca a experiencia,
igual có poeta que serve a un rei:
sempre disposto a comentar fazañas
mais non ten o poder de predicilas.

O SABIO

¿Por que tanta ironía? ¿non vedes que tan só
cunha simple faísca pode xurdi-la vida?

ADÁN

¿E onde vas atopar esa faísca?

O SABIO

Estou a un simple paso de atopala.

ADÁN

Mais aquel que non deu ese paso senlleiro
non deu paso ningún nin sabe ren da vida.
Os outros serán pasos que se dan pola rúa
mais só ese paso único conduce ó santuario.
¿Haberá un día alguén que sexa quen de dalo?

(Mentres, o fume que aboia sobre a redoma empeza a condensarse e séntese un trono).

A VOZ DO ESPÍRITO DA TERRA *(desde o fume)*

Non haberá ninguén. Para min a redoma
é un cárcere estreito, mais tamén é moi ampla.
¿Recoñécesme, Adán? ¡Estes nin desconfían!

ADÁN

¿Non oíche-las palabras do espírito?
Repara nelas, home, altivo e feble a un tempo.
Non poderás triunfar sobre ese que aí aboia.

O SABIO

¿Toleaches, ou que? Xa me estás preocupando.
(Estoupa a redoma. O espírito desaparece).
A redoma escachou e hei de empezar de novo
o traballo. Tan cerca do final,
un simple gran de area, un azar cego
botou todo a perder.

LUCIFER

Noutro tempo chamábanlle o destino.
E era menos infame sucumbir diante del
que ceder, como agora, ante un simple
azar cego.
(Toca a campaña).
¿Que significa iso?

O SABIO

É o final do traballo, a hora do paseo.
Veñen todos aquí das fábricas e os campos.
Se alguén cometeu faltas recibe o seu castigo
e repártense en público as mulleres e os nenos.
Vamos, que eu tamén teño que facer.

(Nunha longa ringleira veñen homes, noutra mulleres. Algunhas mulleres acompañadas de nenos, e entre elas Eva. No patio forman todos un círculo e no seu centro sitúase un ancián. Adán, Lucifer e o sabio están no proscenio, á beira do museo).

O ANCIÁN

¡O número trinta!

LUTERO *(saíndo da fila)*

¡Son eu!

O ANCIÁN

De novo
volviches quentar de máis a caldeira.
Mesmo parece que o fas á mantenta,
para pór en perigo o falansterio enteiro.

LUTERO

¿Como resisti-la tentación, cando o elemento
salvaxe que contemplas ruxente e chispeante
se achega cara a ti con milleiros de lapas
semellando quererte coller e aniquilarte,
e ti alí de pé, con coraxe, a atizalo
sabor de que cede perante o teu dominio?
Ti non coñeces ben o atractivo do lume
porque só o tes visto debaixo dunha pota.

O ANCIÁN

Vaidosa resposta. Hoxe quedas sen cea.

LUTERO (*volvendo á fila*)

Mais mañá volverei atizalo de novo.

ADÁN

¡Que estou vendo! Eu coñezo este home.
Era Lutero.

O ANCIÁN

¡O douscentos nove!

CASIO (*saíndo da fila*)

¡Presente!

O ANCIÁN

Teño que amoestarte, e é xa a terceira vez,
por andares buscando liorta sen motivo.

CASIO (*volvendo á fila*)

¿Pensas que sen motivo só porque non me queixo?
Covarde é aquel que pide socorro
tendo un bo par de brazos. ¿Acaso o adversario
era máis débil? ¿Por que non quixo defenderse?

O ANCIÁN

¡Non me repliques! Non tes nin a escusa
da forma do teu cranio para ese mal instinto,
porque é un cranio nobre e sen ningún defecto.
Mais o teu sangue é quente e violento.
E has de ser curado ata teres acougo.

ADÁN

Ai, Casio, e logo ¿non me recoñeces?
Loitei en Filipos ó teu lado. ¿Pode o erro

das falsas teorías ver nun peito
tan nobre coma o teu unicamente
un obstáculo á orde e non recoñecelo?

O ANCIÁN

O catrocentos.

PLATÓN (*saíndo da fila*)

¡Eu!

O ANCIÁN

Novamente volviches
afundirte de tal xeito nas túas fantasías
que o gando que gardabas se extraviou.
E así, para que aprendas a domina-lo sono
vaste pór de xeonllos sobre os chícharos.

PLATÓN (*volvendo á fila*)

Pois tamén sobre os chícharos hei de ter soños lindos.

ADÁN

¡Ai, Platón, que papel che deparou a sorte
na república que tanto soñabas!

O ANCIÁN

¡O número setenta e dous!

MIGUELANXO

¡Aquí!

O ANCIÁN

Deixáche-lo obradoiro todo desordenado.

MIGUELANXO

Porque facía sempre patas para cadeiras
e por riba eran patas de formas horrorosas.

Moitas veces roguei poder modificalas,
melloralas un pouco con algúns ornamentos.
Mais non mo permitiron. Tamén pedín cambiar
os encostos dos bancos. Mais todo foi en balde.
E cando estaba a piques de tolear de vez,
deixei esa tortura e marchei do obradoiro. *(Volve á fila).*

O ANCIÁN

Por insubordinado vas ficar no teu cuarto
sen gozares da linda mañá de primavera.

ADÁN

Miguelanxo, qué inferno debe ser
para o teu corazón non poderes crear.
¡Ai, cantos coñecidos en tódolos recantos,
cantos altos espíritos, canta forza ancestral!
Este loitou comigo, aquel é xa un mártir,
a este resultáballe o mundo moi pequeno,
e agora qué uniformes e qué ananos os fixo
o estado. ¡Lucifer, marchémonos de aquí!
¡A miña alma non atura isto!

O ANCIÁN

Hoxe hai dous nenos que cumpren o tempo
en que xa non precisan os coidados da nai
e deben ingresar no internado común.
¡Que veñan!
(Eva e unha outra muller saen da fila cos seus nenos).

ADÁN

¡Que admirable criatura!
Tamén este mundo rixido ten
a súa poesía.

LUCIFER

Vamos logo, ¿Adán?

ADÁN

Non, agora debemos permanecer aquí.

O ANCIÁN

E ti, sabio, examina os cranios destes nenos
axiña.
(O sabio examina os nenos).

EVA

¡Ai, que será de min sen o meu fillo!

ADÁN

¡Esa voz!

LUCIFER

¿Que é o que viches nesa muller do pobo,
ti que xa tes probado os beixos de Semíramis?

ADÁN

Entón non coñecía esta.

LUCIFER

¡Ah!
É a vella canción dos namorados.
A todos lles parece que inventaron
a paixón, que antes deles ningún outro
soubo amar de verdade, e xa é cousa
que segue a ser igual desde hai milenios.

O SABIO

Este neno aprenderá medicina.
E este será pastor.

O ANCIÁN

Moi ben; levádeos.
(Queren leva-los nenos, mais Eva resístese).

EVA

¡Non o toqueades! ¡Ese neno é meu!
¡Ninguén pode apartalo do seo da súa nai!

O ANCIÁN

Collédeo xa, ¿por que tardades tanto?

EVA

¡Ai, meu neniño, alimenteite con
sangue do corazón! ¿Que forza pode
quebrantar ese vínculo sagrado?
¿Terei que renunciar a ti xa para sempre
e ver como te perdes dentro da multitude
cos meus ollos ansiosos procurándote en van
por entre centenaes de idénticos estraños?

ADÁN

¡Homes, se hai para vós algo sagrado,
non separéde-lo neno da nai!

EVA

¡Iso, iso é! ¡Bendito forasteiro!

O ANCIÁN

Forasteiro, non xogues con xogos perigosos:
deixando revivi-lo prexuízo
dos lazos familiares, as conquistas
da santa ciencia caerán axiña.

EVA

¡E a min que me importa esa xélida ciencia!
¡A ciencia ha de calar se fala a natureza!

O ANCIÁN

¿Acabades por fin?

ADÁN

¡Non ousedes tocalo!
Alí vexo unha espada. E vouvos aprender
cómo brandila.

LUCIFER

¡Paralízate, soño!
(Pon a man sobre o ombro de Adán, que queda inmóbil).
¡Sinte o poder fatal da miña man!

EVA

¡Ai, ai, ai! ¡O meu neno!
(Cae. Lévanlle o neno).

O ANCIÁN

Estas dúas quedaron sen compañía.
Que saia quen desexe compañeira.

ADÁN

Eu quero esta de aquí.

O ANCIÁN

¿Que opinas, sabio?

O SABIO

Home exaltado e muller neurótica
xeran bastardo. Parella non recomendada.

ADÁN

Mais se ela quere, eu non renuncio.

EVA

Quero ser túa, home xeneroso.

ADÁN

Eu quérote con toda a paixón do meu peito.

EVA

E eu tamén a ti. Para sempre, presinto.

O SABIO

¡Que loucura! ¡Que cousa máis curiosa
ver reaparecer espectros do pasado
na era da razón! ¿De onde saíu este?

ADÁN

É un raio serodio do xardín do Edén.

O ANCIÁN

¡Lamentable!

ADÁN

Non teñas dó. É nosa
a loucura. Pero non envexamos
a vosa sensatez. Porque en todo o que houbo
grande e nobre no mundo, tamén houbo loucura
que a serena razón nunca puido coutar!
É a voz do espírito, que desde a súa altura
descende ata nosoutros cal doce melodía
a dar fe de que somos dúas almas xemelgas,
que detestamos ambos a vileza da terra
e buscamos camiño a máis altas esferas.
(Abrázase a Eva).

O ANCIÁN

¡Xa escoitamos abondo! ¡Ó hospital con eles!

LUCIFER

¡Socorro urxente, Adán! ¡Fuxamos de contado!
(Afúndense desaparecendo na terra).

CADRO DÉCIMO TERCEIRO

(O espacio celeste. Ó lonxe vese a terra, cada vez máis pequena, ata ser percibida só coma unha estrela entre as outras. O cadro empeza en penumbra e pouco a pouco chega a ser completamente escuro. Adán como un vello, voa xunto con Lucifer).

ADÁN

Dime, ¿onde nos leva este voo louco?

LUCIFER

¿Non querías, liberado de escoura,
alcanza-las máis altas esferas, alí onde
seica escoitáche-la voz dun espírito
familiar?

ADÁN

Si, mais non imaxinaba
que o camiño ía ser tan rigoroso.
Este espacio é tan deserto e estraño,
parece un sacrilexio atravesalo
e no meu peito loitan sentimentos opostos:
pois sei que é vil a terra e mais que a alma nela
se ve presa e aspira a saír do seu círculo;
mais bótoa en falta e dóeme abandonala.
¡Ai, Lucifer, mira alá abaixo a terra!
Primeiro perdemos de vista as flores,
despois a fronde trémula dos bosques
cos lugares queridos e a paisaxe
virouse nunha chaira monocorde,
difuminouse todo o interesante,
un penedo semella un cativo terrón,
a nube e os seus lóstregos que o pobre campesiño
asustado interpreta coma unha voz sagrada

son tan só unha masa de vapor miserable.
¿Que foi da inmensidade dos océanos
e o seu fragor? É unha mancha cincenta
no planeta que xirando se perde
entre outros mil. ¡Ese era o noso mundo!
¡Ai, Lucifer! ¡E logo ela, ela...!
¿Por que hai que deixala atrás tamén a ela?

LUCIFER

Desde a nosa elevada perspectiva
primeiro pérdese o encanto, despois
a grandeza e a forza, e finalmente queda
tan só a rigorosa matemática.

ADÁN

As estrelas xa van quedando atrás
e non se ve o final nin sinto estorbos.
Sen amor e sen loita, ¿de que nos vale o ser?
Aí, Lucifer, ¡que frío arrepiante!

LUCIFER

Se xa perdiches toda a túa valentía
daremos media volta para xogar coa poeira.

ADÁN

¿E quen dixo tal cousa? ¡Adiante pois, adelante!
É doloroso en tanto non rompemos
cada un dos viortos que nos atan á terra.
Mais ¿que pasa?, non podo respirar,
desfalezo, sinto a mente confusa.
¿Sería algo máis ca un simple mito Anteo,
o que só revivía en contacto coa terra?

O VOZ DO ESPÍRITO DA TERRA

É máis ca un simple mito.
Eu son, xa me coñeces, o espírito da terra

eu só alento en ti, como ben sabes.
Aquí está a extrema, ata aquí teño forza.
Se volves, vivirás; pero se a pasas, morres.
Igual que o protozoo que se axita
nunha gota de auga. ¡A túa gota é a Terra!

ADÁN

Escusas asustarme, porque eu non desisto.
O corpo é tal vez teu, mais a alma é só miña.
A idea e a verdade xa existían
moito antes do teu mundo de materia.

A VOZ DO ESPÍRITO DA TERRA

Humano vaidoso, ti proba e caerás.
¿É acaso anterior ás rosas o perfume?
¿E a forma á materia ou os raios ó sol?
Ai, se puideses ver a túa alma orfa
a xirar sen descanso no espacio infinito,
buscando inutilmente a intelixencia
e a expresión do sensible nun universo alleo,
onde non sente nada nin entende o máis mínimo,
terías arrepiós. Porque o entendemento
e o sentimento que en ti existen, son
tan só a irradiación dunha materia
que denominas Terra. Doutro xeito
non poderá existir, nin ti tampouco.
Beleza, fealdade, saúde e inferno
subtraíchelos só do meu espírito
non sometido á orde que rexe a túa patria.
Aquilo que é aquí verdade eterna,
noutro mundo tal vez é só un absurdo,
onde acaso o imposible é natural
e o peso non existe, os seres non se moven,
e o que é aire aquí, alí é pensamento,
e o que aquí é luz, alí tal vez é son,
e se cadra é cristal o que aquí é planta.

ADÁN

Non me deteñas, quero subir moito máis alto.

A VOZ DO ESPÍRITO DA TERRA

Adán, Adán, o intre final chega.
Regresa á Terra, onde podes ser grande,
pero se aínda teimas en traspasa-lo límite
do universo, Deus non vai permitir
que te achegues e acabará contigo.

ADÁN

¿E acaso a morte non acabará comigo?

A VOZ DO ESPÍRITO DA TERRA

Non aludas sequera a ese vello embuste
mentres estás aquí, no mundo dos espíritos,
pois vaise estremecer a natureza enteira.
É un selo sagrado que gardou para si
o Señor. Nin a froita da árbore da ciencia
do ben e mais do mal deu crebado
ese selo.

ADÁN

Pois crebareino eu.

(Continúan voando. Cun berro agudo, Adán queda paralizado).

¡Agora estou perdido!

LUCIFER *(rindo)*

Venceu o vello embuste.

(Apartando a Adán).

Este deus-moniqueque pode quedar no espacio
a xirar na súa órbita coma un planeta novo
onde acaso renaza para min nova vida.

A VOZ DO ESPÍRITO DA TERRA

¡Alégraste moi cedo, Lucifer,
non ben tocou ese universo estraño!
Non é fácil fuxir do meu dominio.
Acorda, Adán, a voz da terra te reclama,

ADÁN *(volvendo en si)*

Vivo de novo. Seino porque sufro,
mais sufrir para min tamén é doce,
pois máis terrible é reducirse á nada.
¡Oh!, Lucifer, condúceme ata a Terra
onde tanto loitei inutilmente
para loitar de novo e ser feliz.

LUCIFER

¿Despois de tantas probas aínda coidas
que a túa nova loita non ha de ser en balde?
¿Darás chegado á fin? Ese ánimo resolto
e a un tempo pueril só pode telo o home.

ADÁN

Non me seduce, non, tan necia fantasía,
sei que nin cen mil veces hei de poder logralo.
Tanto ten. Pois no fondo ¿todo isto en que consiste?
O final é o termo da loita gloriosa,
o final é a morte, e toda a vida é loita,
e o sentido do home é esa loita mesma.

LUCIFER

¡Pois valente consolo! ¡Se por acaso a idea
da loita fose, polo menos, grande!
Mais mañá farás burla da túa loita de hoxe
e as razóns do entusiasmo serán xogos de nenos.
¿O sangue teu non foi verquido en Queronea
loitando na defensa da vosa liberdade?

¿Non loitaches despois á par de Constantino
para estende-los lindes do seu mundial imperio?
¿Non morriches máis tarde como un mártir da fe,
para logo enfrontarte coas armas da razón
contra esa mesma fe que un día defendiches?

ADÁN

Si, mais tanto me ten, pois por máis vil que fose
a miña idea, encheume de entusiasmo
e elevoume e así se fixo santa e grande.
Dá igual se actuou en nome dunha cruz,
da ciencia, da ambición ou ben da liberdade,
se fixo progresar todo o xénero humano.
Volvamos pois á terra para novos combates.

LUCIFER

¿Esquecíche xa das palabras do sabio?:
De aquí a catro mil anos, segundo el calculaba,
conxelarase o mundo e acabouse o combate.

ADÁN

Iso se a ciencia non o dá evitado.
Mais presinto que si, sei que pode facelo.

LUCIFER

Moi ben, pero despois, ¿onde estará a grandeza,
a loita e maila forza nun mundo artificial
que a razón produciu coas súas teorías,
como ti mesmo, hai pouco, puideches contemplar?

ADÁN

Con tal que salve a terra, tamén ha de pasar
a ciencia igual que todo o que dá por cumprida
a súa misión, e a idea, de onde
a ciencia toma alento, rexurdirá de novo.

Regresemos, que ardo en desexos de ver
qué outra nova doutrina virá a entusiasmarme
na terra redimida.

LUCIFER

Entón, ¡vamos de volta!

CADRO DÉCIMO CUARTO

(Rexión montañosa, sen árbores, cuberta de neve e xeo. O sol, como unha bóla vermella, sen raios, entre farrapos de brétema. Luz difusa. No proscenio, entre cativas arboriñas de bidueiros, xenebreiros e piñeiros bravos, unha choupana de esquimó. Adán como un ancián moi crebado, apoiado nun caxato, baixa dos montes con Lucifer).

ADÁN

¿Por que seguir andando neste mundo de neve,
onde, cos ollos secos, a morte nos contempla
e só se escoita o ruído das focas que ó sentiren
os nosos pasos van mergullarse na auga,
aquí onde unhas plantas xa cansadas de loita
e gateños arbustos medran por entre os liques,
e a lúa como lámpada da morte entre a brétema
co seu rostro vermello ilumina o sepulcro.
Lévame a outro lugar onde florezan palmas,
na fermosa rexión do sol e dos perfumes,
onde a alma do home conseguiu alcanzar
a conciencia da súa propia forza.

LUCIFER

Xa estamos alí. Esta bóla de sangue
era o sol de que falas. Baixo dos nosos pés
a liña do ecuador. A ciencia non venceu.

ADÁN

¡Que mundo tan horrible! Tan só morrer é bo.
Eu non lamentaría deixar este universo.
¡Ai, Lucifer! Eu, que en tempos pasados
estiven no berce do home e alí vin
as esperanzas nun futuro grande,
e que teño loitado en batallas sen fin,

aquí nesta gran tumba, aquí onde a natureza
tendeu o seu sudario, meditabundo, como
o primeiro e o último humano do planeta,
querería saber cómo caeu a raza:
¿Foi en combate nobre, en batalla gloriosa,
ou miserablemente, nunha loita mesquiña,
sen grandeza ningunha, indigna dunha bágoa?

LUCIFER

Se aínda estás orgulloso do espírito teu grande,
xa que che gusta darlle ese nome á esa forza
que che fai circular polas veas o sangue
e inflama os peitos mozos a favor dunha idea,
non desexes estar cal simple testemuña
perante a propia morte. Porque este momento
é a hora fatal do xuízo formidable
e de facer balance en ausencia do amo.
A febril agonía do moribundo espanta
as imaxes brillantes do entusiasmo da vida,
¿como saber despois cal foi a realidade?
Os lamentos mesquiños da última batalla
son irónica mofa dos combates da vida.

ADÁN

Por que non perecín xa que logo na altura,
coa plena conciencia da miña forza e alma,
en vez de vir oír o meu propio epitafio
escrito pola fría indiferencia
dun espírito alleo que xa nin participa
nin das miñas batallas nin desta miña morte.

LUCIFER

Recoñezo outra vez a raza a que pertences
nesas bágoas que seguen ó teu espertar brusco
dende os soños fermosos de novo á realidade.

Mais cálmate, que a raza aínda sobrevive.
Mira, alí podes ver unha vivenda humana
e velaí o seu dono saíndo pola porta.

(Un esquimó sae da súa choupana, preparado para a caza de focas).

ADÁN

¿E ese miserable, ese aborto é acaso
o sucesor que veu usurparme a grandeza?
¿Por que me permitiches que o vexa, Lucifer?
O consolo é aínda peor cá miña pena.

O ESQUIMÓ

¿Existirán de veras deuses sobre nosoutros?
Velaí os están diante de min agora.
Mais quén sabe se son bos deuses ou malvados.
Se quero estar seguro, mais vale fuxir deles.
(Quere retirarse).

LUCIFER

¡Espera!

O ESQUIMÓ *(prostrándose)*

¡Misericordia, señor!
Xuro sacrificarche a primeira das focas
que abata. Mais en tanto ti non me fagas mal.

LUCIFER

¿E que dereito tes a redimirte
coa vida da foca a cambio da túa vida?

O ESQUIMÓ

Por ser máis forte ca ela. Eu observo
ó meu redor que os vermes son comidos por peixes,
os peixes polas focas e as focas por min.

LUCIFER

E ti serás comido polo espírito grande.

O ESQUIMÓ

Xa sei, xa sei, mais o pequeno tempo
que me concede xenerosamente
eu pódollo pagar con cruentos sacrificios.

ADÁN

¡Que covarde!

LUCIFER

¿Facías ti outra cousa?

Só existe entre os dous esta ruín diferenza:
que el inmola as focas e ti inmolas homes
a un deus que creaches a imaxe e semellanza
de ti mesmo, igual que el creou o seu.

O ESQUIMÓ

Vexo que te incomodas e sospeito por qué.
Eu na miña pobreza atrevínme a implorar
ó xeneroso sol, que nada pide
e unicamente dá, e din os nosos mitos
que antano gobernaba tamén estes lugares.
Se obteño o teu perdón, maldígo para sempre.

ADÁN

¡Mira abaixo, gran Deus, e ruborízate
contempla o miserable que se volveu o home
que ti mesmo creaches excelente!

O ESQUIMÓ

O teu amigo enfádase, ¿é que tamén ten fame?

LUCIFER

Pois non. Por non ter fame é polo que se enfada.

ADÁN

¡Outra ocorrencia sen gracia ningunha!

LUCIFER

A verdade. Os teu razoamentos son os de alguén mantido, pero este amigo noso ten a filosofía dun home esfameado. Con razóns non o darás convencido, mais estaredes de acordo sentíndote famento ti tamén, ou el saciado. E por máis fantasías que imaxines sempre ha de ser primeiro o animal en vós, e só cando consigas telo ben satisfeito, acordará o home desprezando orgulloso a súa natureza primitiva.

ADÁN

Palabras dignas de ti, Lucifer, ti que botas ó po, coa túa malicia, todo canto é sagrado. ¿Acaso sempre toda grande idea ou feito nobre son só vapores que se erguen desde a nosa cocíña ou simple consecuencia de certas circunstancias que se poñen en marcha polas leis da materia?

LUCIFER

¿Logo non é así? ¿Ou tal vez pensas que morrería Leónidas no seu desfiladeiro se en vez de alimentarse coa sopa ben humilde dunha republiquiña que a penas dispoñía do mínimo diñeiro, estivese embriagado con tódolos amables praceres orientais

nunha mansión luxosa coma a casa de Lúculo?

¿E ía morrer Brutus se regresase á casa da súa linda Porcia se despois dun completo banquete descansase das emocións da loita? ¿Como cres que naceron o crime e a virtude? Aquel no fétido aire da miseria, esta na luz do sol, na liberdade, herdándose na forma e mais no espírito a si mesmos nas vindeiras xeracións. ¿Cantos tras facer contas en paz consigo mesmos acabaron colgados dunha póla, e se unha man allea os desataba axiña se esquecían desas contas ó renovar contacto coa vida? E se o gran Hunyadi⁴ non naceuse no seo dun pobo ben ilustre e o seu berce estivese na sombra dunha tenda sarracena, ¿que era do primeiro heroe da cruz? Se Lutero fose o papa e León un simple profesor en Alemaña, quén sabe se León proxectaba a reforma co outro a excomungalo por rebelde? ¿Quen era Napoleón se o sangue de todo un pobo non lle fose achanzando o camiño? Acabaría podre nun cuartel fedorento.

ADÁN (*tapando a boca de Lucifer*)

¡Basta xa! Todo o que explicas, parece tan simple e tan auténtico que aínda se volve máis nocivo. Porque a superstición cega tan só os parvos, que non poden sentir o espírito que actúa e se axita entre nós.

⁴János Hunyadi (?–1456), gobernador de Hungría, gran xefe do exército húngaro nas loitas contra o imperio otomano.

Mais os bos poderían coñecer un irmán
se a túa fría doutrina non acaba con eles.

LUCIFER

Fala co teu amigo, nunca estará de máis
unha simple lección de autoconhecimento.

ADÁN

¿Arrastrádesvos moitos por estes arredores?

O ESQUIMÓ

Somos ben máis dos que eu poida contar
cos dedos. A verdade é que ós meus veciños
mateinos ás pancadas a todos, mais en van,
porque sempre hai de máis e chegan outros novos.
¡E as focas son tan poucas...!
Se ti es deus, eu pídoche seriamente que fagas
que haxa menos homes e en cambio haxa máis focas.

ADÁN

¡Xa non quero oír máis! ¡Marchemos, Lucifer!

LUCIFER

Polo menos, vexamos primeiro a súa muller.

ADÁN

Non quero vela, non, porque se o seu home
está tan degradado, resulta repugnante
e no intelecto noso só suscita desprezo;
mais se a muller, que é o ideal, a poesía,
se degrada, daquela será un monstro
que só provoca horror. Vamos, nin vela quero.

*(Mentres Lucifer arrastra a Adán cara á choupana e abre a porta
cunha patada. Dentro vese a Eva, como a muller do esquimó. Adán
míraa fixamente).*

LUCIFER

¿Non parece unha vella coñecida?
Abrázaa logo, que este home honrado
podería sentirse fondamente ofendido
se non queres honrar dese xeito a súa dona.

ADÁN

¿Eu abrazala? ¿Eu, que tiven nos meus brazos
a Aspasia, abrazar esta, en quen mesmo semellan
asomar novamente as faccións daqueloutra
mais como se entre beixo e beixo se tornase
nun horrendo animal?

O ESQUIMÓ *(entrando na choupana)*

Muller, mira que chegan
hóspedes. Acólleos con cortesía.

(Eva bótase ó pescozo de Adán para atraelo cara á choupana).

EVA

Benvido, forasteiro, ven para aquí comigo.

ADÁN *(liberándose)*

¡Socorro, Lucifer! Marchemos deste sitio,
lévame do futuro ata o presente,
non quero saber máis do meu destino,
das miñas loitas vas. Déixame cavilar
se aínda hei de enfrontarme ós designios de Deus.

LUCIFER

Pois logo acorda, Adán. Rematou o teu soño.

CADRO DÉCIMO QUINTO

(O escenario volve se-la paisaxe de palmeiras do cadro terceiro. Adán, de novo como un mozo, sae da súa cabana somnolento e pasmado mira ó seu redor. Eva durmiña dentro. Lucifer, en pé, está no centro. Sol brillante).

ADÁN

Horribles imaxes, ¿que foi de vós?
Todo vive e sorri ó meu redor, tal e como
o deixei. Só o meu corazón está ferido.

LUCIFER

¡Vaidoso! ¿Desexas tal vez que se desfaga
a orde natural, ou que un cometa novo
che veña iluminar a túa noite e trema
a terra toda enteira pola morte dun verme?

ADÁN

¿Todo iso soñeino ou estou soñando agora?
¿E non será a vida tan só un breve soño
que por un momentíño descende ata a materia
para sumir completamente nela?
¿Para qué logo este intre consciente?
¿só para ve-lo horror da inexistencia?

LUCIFER

¿De que te laias? Só a covardía
acepta o golpe sen ningunha loita
cando aínda ten xeito de evitalo.
Mais aquel que ten forza observa afoutamente
a eterna escritura do destino,
e non se queixa, non, e só procura
ver cómo resistila manténdose de pé.

Porque o destino aboia sobre a historia
e ti es só un instrumento do seu pulo.

ADÁN

Non. Iso non é certo porque a vontade é libre.
É algo que merezo xustamente,
por ela renunciei ó paraíso.
Das miñas ilusións aprendín moito,
de moitas delas só obtiven desenganos.
De min depende agora tomar outro camiño.

LUCIFER

Se a esperanza e mailo esquecemento
non tivesen por cómplice o destino,
un para que as feridas cicatricen
a outra para ocultar cun veo o abismo
e animarte dicindo: cen ousados caeron
pero ti felizmente poderás superalo.
Ti que es sabio xa tes visto entre moitas
outras cousas estrañas un verme intestinal
que parasita o corpo de gatos e miñatos,
mais a primeira etapa da súa curta vida
por forza ha de pasala dentro do rato humilde.
Mais ningún rato está predestinado
para as poutas dun gato ou dun miñado
e os que son máis prudentes van podendo evitalas
ata morrer de vellos rodeados dos seus.
Pero unha lei inquebrantable garda
que os inimigos cacen suficientes ratos
para que dese xeito a través dos milenios
existan eses vermes sobre a face do mundo.
Non é o individuo cativo dese fado
senón que é toda a especie quen soporta as cadeas.
O entusiasmo arrebatada, igual ca unha corrente,
por unha causa hoxe, mañá por outra causa.

A fogueira ha de te-las súas vítimas
e non falta quen delas faga escarnio.
E quen se ocupe de face-las contas
admirará a constante coherencia
do fado a repartir proporcionalmente
a morte, o matrimonio, o crime, a virtude,
a fe e a loucura e tamén o suicidio.

ADÁN

¡Non digas mais! Cruzoume pola mente unha idea:
podo desafiar incluso ó mesmo Deus.
Por máis que diga o sino: ata aquí vivirás,
se eu quixer non vivir máis tempo, non o vivo.
¿Acaso non estou só agora no mundo?
Diante de min a rocha, e tras da rocha o abismo.
Un salto nada máis, como última escena,
e digo: velaquí o final da comedia.
(Adán encamiñase cara á rocha. Eva sae da cabana).

LUCIFER

¿O final da comedia? ¡Que parvada!
¿Non é cada momento o final e o principio?
¿Para isto fuches ver tantos milenios?

EVA

Adán, Adán, ¿por que te afastaches de min?
O teu último bico semellaba tan frío...
E vexo no teu rostro enfado ou ansiedade.
Teño medo de ti...

ADÁN *(continuando o seu camiño)*

¿Por que me vés seguindo?
¿Por que andas a espia-los pasos meus?
O home, señor do mundo, ten máis
asuntos que atender cós galanteos frívolos.

A muller non o entende e é unha carga para el.
(entenrecéndose)

¿Por que non continuaches durmindo un pouco máis?
O arduo sacrificio que o futuro me esixe
hame de resultar máis difícil agora.

EVA

Tal vez sexa máis fácil se me escoitas.
Pois o que ata o de agora só era dubidoso
está xa asegurado: o futuro.

ADÁN

¿Como dis?

EVA

Xa sei que vas sorrir cando cho diga
nun murmurio. Achégate ó meu lado:
Adán, vou ter un fillo. Un fillo noso.

ADÁN *(caendo de xeonllos)*

Vencíchesme, Señor. Velaquí estou no po
sen ti e contra ti loitando en balde. Levántame
ou déixame caer. O meu peito está aberto.

LUCIFER

¡Miñoca! ¿Xa non lembra-la grandeza
que me debes a min?

ADÁN

¡É mellor esquecela!
Era unha va ilusión. ¡Isto é a paz!

LUCIFER

E ti, necia muller, ¿de que te gabas?
No Edén o fillo teu foi concebido
en pecado. Traerá culpa e miseria.

EVA

Se Deus quixer, outro fillo ha nacer
en medio da miseria para vencela e traer
de vez fraternidade e paz ó mundo.

LUCIFER

¿Contra min te rebelas, femia escrava?
Ti érguete, animal.

(Lucifer dálle unha patada a Adán. Ábrese o ceo: o Señor, rodeado de anxos, aparece glorioso).

O SEÑOR

¡Axeónllate, espírito!
Sen min non hai grandeza.

LUCIFER *(abaixándose)*

¡Maldición!

O SEÑOR

Érguete, Adán, non sigas máis prostrado,
acóllote de novo no seo da miña gracia.

LUCIFER *(á parte)*

Polo visto, prepárase unha escena
doméstica, sentimental e tenra
pero para o meu gusto moi insulsa.
Mellor saír de aquí. *(Marcha)*.

O SEÑOR

Ei, Lucifer,
queda aí, que tamén quero falarche.
E ti, meu fillo, cóntame que é o que te aflixe.

ADÁN

Señor, atormentáronme unhas visións horribles
e non sei con certeza qué teñen de verdade.
Aclárame, Señor, qué destino me espera.
¿Todo o que teño é só esta pequena vida
de loitas onde filtro a miña alma
coma un viño que unha vez depurado
se vai botar ó chan para que o beba a area?
¿Ou reservas mellor destino para o nobre
líquido? ¿Avanzará a miña estirpe
ata chegar a ti dignificada,
ou como a besta do muíño, cansa,
por sempre ha de xirar atada á mesma roda?
¿Reservas algún premio para o corazón nobre,
escarnecido pola masa inculta
por verte-lo seu sangue? Se respondes a isto,
acatarei obediente o meu sino.
Tan só podo gañar dun xeito ou doutro,
pois vivir na incerteza é o inferno.

O SEÑOR

Non me insistas en pedir que revele
segredos que a divina providencia
ocultou dos teus ollos desexosos.
Se vises que na terra só un instante
estás, e alén te espera a eternidade,
seguir sufrindo aquí non sería virtude.
Se vises que a túa alma se extravía na terra,
¿que estímulo ías ter para renunciare
polas grandes ideas ós gozos momentáneos?
Agora o teu porvir brilla na néboa,
se sabes engruñarte ante o peso da existencia
ergueraste adquirindo o sentido do infinito.
Pero se só ata o orgullo te leva todo isto,
tamén ha de coutarte a breve vida
preservando a virtude e a grandeza.

LUCIFER (*rindo*)

Realmente comezas un camiño glorioso;
grandeza e mais virtude han de guiarte,
ese par de palabras que só adquiren sentido
cando levan de séquito a ignorancia,
os prexuízos e as supersticións.
¿Quen me mandou a min tratar co home,
criatura de alento e barro feita,
anano no saber, xigante na cegueira?

ADÁN

Non te burles de min, Lucifer, non te burles,
que vin do teu saber o resultado
e só sentín friaxe aquí no peito.
Pero, Señor, ¿quen vai traza-las liñas
que me manteñan no camiño recto?
Priváchesme da man que me guiaba
cando comín do froito da árbore da ciencia.

O SEÑOR

É forte o teu brazo, a ánima elevada:
un espacio infinito te chama a traballar.
Se atendes, unha voz ha de falarche sempre
para frearte ou levantarte, e ti
has de seguila sempre. Se no fragor da vida
esa voz celestial por acaso enmudece,
a pureza da alma desta tenra muller,
por riba das vilezas e mais dos intereses
ha de poder sentila a través do corazón,
e sublimala sempre en poesía ou canto.
Con estes instrumentos ha de estar ó teu lado
nas horas de alegría e nas de adversidade
coma o anxo que trae a risa e o consolo.
Canto a ti, Lucifer, un anel máis no meu
dilatado universo, prosigue o teu traballo:

o teu frío saber, a negación teimosa
han de se-lo fermento que traia o entusiasmo
apartando da senda por uns intres o home,
mais qué importa se ó cabo termina regresando.
Pero o castigo teu terá que ser eterno
para que vexas que iso que queres corromper
arreo se fai xerme do que é fermoso e nobre.

O CORO DOS ANXOS

Que idea máis grande a de ser libre
para escoller o pecado ou a virtude
tendo a certeza de que malia todo
sempre a gracia nos ampara.
Mantente sempre firme, e non che importe
da xente a ingratidade,
pois non has de buscar tan só o eloxio
se queres realizar empresas grandes.
E non actúes nunca doutro xeito,
porque é a conciencia da propia dignidade
o que bota por terra os homes viles
e ergue cara ó ceo os virtuosos.
Mais nese teu camiño, que é sublime,
que non te cegue nunca a falsa crenza
de que todo o que fas por maior gloria
de Deus o fas co teu esforzo soamente
e que El te necesita
como instrumento seu.
E sé consciente de que Deus te honra
cando te emprega para os seus designios.

EVA

¡Agora xa comprendo! ¡Loado sexa Deus!

ADÁN

Agora que entendín, rexeitarei o mal.
Mais o final, ¿se puidese esquecelo!

O SEÑOR

Xa cho dixen, home: ¡loita e confía!